

PLENO DO PARLAMENTO

8 de novembro de 2022

10.00 horas



ÍNDICE

Páx

Convocatoria do Pleno	<u>1</u>
Relación de membros da Cámara.....	<u>8</u>
Listado para votación	<u>10</u>

Punto 1. Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña (doc. núm. 41808, 11/PVCS-000004)

Punto 2. Textos legislativos.....17

2.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia (doc. núm. 42313, 11/PL-000016)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 13.10.2022

18

2.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 42801, 11/PL-000017)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 396, do 18.10.2022

146

Punto 3. Solicitudes de comparecencia.....194

3.1 43249 (11/CPP-000108)
Do conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar dos resultados do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia unha vez finalizada a tempada de alto risco do 2022

..... 195

Punto 4. Mocións198

4.1 43031 (11/MOC-000121)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para evitar a segregación do alumnado por xénero nos centros de ensino concertados (Moción a consecuencia da Interpelación doc. núm. 30713, publicada no BOPG núm. 282, do 24 de febreiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 19 de outubro de 2022)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 401, do 26.10.2022

4.2 43032 (11/MOC-000122) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Bará Torres, Xosé Luís Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación cos proxectos eólicos que vulneran a normativa ambiental (Moción a consecuencia da Interpelación doc. núm. 28908, publicada no BOPG núm. 270, do 3 de febreiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 19 de outubro de 2022) <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 401, do 26.10.2022</i>	202
4.3 43034 (11/MOC-000123) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Otero Lago, Noelia Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa emancipación da mocidade (Moción a consecuencia da Interpelación doc. 41947, publicada no BOPG núm. 390, do 5 de outubro de 2022, e debatida na sesión plenaria celebrada os días 18 e 19 de outubro de 2022) <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 401, do 26.10.2022</i>	206
Punto 5. Propositions non de lei en Pleno	208
5.1 36132 (11/PNP-003224) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Prado Cores, María Montserrat e 2 máis Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de dotación de recursos e atención pediátrica <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 334, do 22.06.2022</i>	209
5.2 40009 (11/PNP-003422) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Ríos Santomé, Paulo e 3 máis Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer fronte á situación de precariedade e empobrecemento que sofre a mocidade galega <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 07.09.2022</i>	214
5.3 41257 (11/PNP-003493) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Torrado Quintela, Julio e 2 máis Sobre a creación dunha comisión de investigación sobre a xestión, por parte do Goberno da Xunta de Galicia, dos fondos covid extraordinarios achegados polo Goberno do Estado no ano 2020 <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 27.09.2022</i>	219
5.4 42462 (11/PNP-003600) Grupo Parlamentario Popular de Galicia Nóvoa Iglesias, Marta e 14 máis	

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha ampliación dos prazos sinalados no Real decreto lei 23/2020 para facilitar o desenvolvemento dos proxectos eólicos viables

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG n.º 394, do 13.10.2022

..... [223](#)

5.5 42763 (11/PNP-003628)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 10 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da modernización dos treitos ferroviarios Vigo-O Porriño e O Porriño-fronteira portuguesa

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 401, do 26.10.2022

..... [227](#)

5.6 42928 (11/PNP-003647)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo da Xunta de Galicia para lograr un prezo da enerxía competitivo para a planta de Alcoa en San Cibrao

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 401, do 26.10.2022

..... [231](#)

Punto 6. Interpelacións [234](#)

6.1 41210 (11/INT-002003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre o transporte escolar público

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 27.09.2022

..... [235](#)

6.2 42333 (11/INT-002072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre un pacto galego pola industria

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 13.10.2022

..... [239](#)

6.3 42854 (11/INT-002107)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a adopción de medidas para mellorar a atención ás vítimas de violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 401, do 26.10.2022

..... [243](#)

Punto 7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta[248](#)

7.1 43244 (11/POPX-000083)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para suplir e garantir os beneficios da Tarxeta Básica

.....[249](#)

7.2 43245 (11/POPX-000084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a postura do presidente da Xunta de Galicia respecto dos orzamentos

.....[251](#)

Punto 8. Preguntas ao Goberno[253](#)

8.1 38713 (11/POP-005799)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Pérez López, Daniel

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación das traballadoras do servizo de axuda no fogar

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 26.08.2022

.....[254](#)

8.2 42310 (11/POP-006385)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis

Sobre a colaboración entre a Xunta de Galicia e as tres empresas seleccionadas como novos socios estratéxicos e tecnolóxicos do Polo Aeroespacial de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 13.10.2022

.....[258](#)

8.3 43241 (11/PUP-000285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de atender a demanda da sociedade galega de rescatar a Corporación de Radio-Televisión de Galicia

.....[261](#)

8.4 43243 (11/PUP-000286)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ojea Arias, Eduardo

Sobre os recursos propios destinados polo Goberno galego para desenvolver a política de vivenda

.....[267](#)

8.5 38724 (11/POP-005810)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os criterios que está a seguir a Xunta de Galicia respecto da planificación dunha mobilidade sustentable entre A Coruña e Oleiros a través da ría do Burgo

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 26.08.2022

.....[269](#)

8.6 41656 (11/POP-006286)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as medidas tomadas polo Goberno galego para o control da contaminación das augas na comarca da Limia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 27.09.2022

.....[273](#)

8.7 37085 (11/POP-005327)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a implementación de axudas directas aos subsectores gandeiros de carne por parte do Goberno galego coa habilitación dunha partida con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 26.07.2022

.....[277](#)

8.8 37471 (11/POP-005398)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 7 máis

Sobre os próximos pasos previstos respecto das actuacións anunciadas no Complexo Hospitalario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 354, do 02.08.2022

.....[280](#)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 8 de novembro de 2022, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 2 de novembro de 2022, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña (doc. núm. 41808, 11/PVCS-000004)

Punto 2. Textos Legislativos

2.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia (doc. núm. 42313, 11/PL-000016)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 13.10.2022

2.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 42801, 11/PL-000017)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 396, do 18.10.2022

Punto 3. Comparecencia

3.1 43249 (11/CPP-000108)
Do conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar dos resultados do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia unha vez finalizada a tempada de alto risco do 2022

Punto 4. Mocións

4.1 43031 (11/MOC-000121)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para evitar a segregación do alumnado por xénero nos centros de ensino concertados (Moción a consecuencia da Interpelación doc. núm. 30713, publicada no BOPG núm. 282, do 24 de febreiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 19 de outubro de 2022)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 401, do 26.10.2022

4.2 43032 (11/MOC-000122)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación cos proxectos eólicos que vulneran a normativa ambiental (Moción a consecuencia da Interpelación doc. núm. 28908, publicada no BOPG núm. 270, do 3 de febreiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 19 de outubro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 401, do 26.10.2022

4.3 43034 (11/MOC-000123)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa emancipación da mocidade (Moción a consecuencia da Interpelación doc. 41947, publicada no BOPG núm. 390, do 5 de outubro de 2022, e debatida na sesión plenaria celebrada os días 18 e 19 de outubro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 401, do 26.10.2022

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 36132 (11/PNP-003224)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de dotación de recursos e atención pediátrica

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 334, do 22.06.2022

5.2 40009 (11/PNP-003422)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer fronte á situación de precariedade e empobrecemento que sofre a mocidade galega

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 07.09.2022

5.3 41257 (11/PNP-003493)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a creación dunha comisión de investigación sobre a xestión, por parte do Goberno da Xunta de Galicia, dos fondos covid extraordinarios achegados polo Goberno do Estado no ano 2020

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 27.09.2022



- 5.4 42462 (11/PNP-003600)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Nóvoa Iglesias, Marta e 14 máis
Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha ampliación dos prazos sinalados no Real decreto lei 23/2020 para facilitar o desenvolvemento dos proxectos eólicos viables
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG n.º 394, do 13.10.2022
- 5.5 42763 (11/PNP-003628)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 10 máis
Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da modernización dos treitos ferroviarios Vigo-O Porriño e O Porriño-fronteira portuguesa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 401, do 26.10.2022
- 5.6 42928 (11/PNP-003647)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo da Xunta de Galicia para lograr un prezo da enerxía competitivo para a planta de Alcoa en San Cibrao
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 401, do 26.10.2022

Punto 6. Interpelacións

- 6.1 41210 (11/INT-002003)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e 3 máis
Sobre o transporte escolar público
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 27.09.2022
- 6.2 42333 (11/INT-002072)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis
Sobre un pacto galego pola industria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 13.10.2022
- 6.3 42854 (11/INT-002107)



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a adopción de medidas para mellorar a atención ás vítimas de
violencia machista
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 401, do 26.10.2022

Punto 7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta de Galicia

- 7.1 43244 (11/POPX-000083)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para suplir e garantir os
beneficios da Tarxeta Básica
- 7.2 43245 (11/POPX-000084)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre a postura do presidente da Xunta de Galicia respecto dos orzamentos

Punto 8. Preguntas ao Goberno

- 8.1 38713 (11/POP-005799)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Pérez López, Daniel
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación das
traballadoras do servizo de axuda no fogar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 26.08.2022
- 8.2 42310 (11/POP-006385)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis
Sobre a colaboración entre a Xunta de Galicia e as tres empresas
seleccionadas como novos socios estratéxicos e tecnolóxicos do Polo
Aeroespacial de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 13.10.2022
- 8.3 43241 (11/PUP-000285)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla
Sobre as previsións da Xunta de Galicia de atender a demanda da sociedade
galega de rescatar a Corporación de Radio-Televisión de Galicia



- 8.4 43243 (11/PUP-000286)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ojea Arias, Eduardo
Sobre os recursos propios destinados polo Goberno galego para desenvolver a política de vivenda
- 8.5 38724 (11/POP-005810)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre os criterios que está a seguir a Xunta de Galicia respecto da planificación dunha mobilidade sustentable entre A Coruña e Oleiros a través da ría do Burgo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 26.08.2022
- 8.6 41656 (11/POP-006286)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e 2 máis
Sobre as medidas tomadas polo Goberno galego para o control da contaminación das augas na comarca da Limia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 27.09.2022
- 8.7 37085 (11/POP-005327)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre a implementación de axudas directas aos subsectores gandeiros de carne por parte do Goberno galego coa habilitación dunha partida con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 26.07.2022
- 8.8 37471 (11/POP-005398)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 7 máis
Sobre os próximos pasos previstos respecto das actuacións anunciadas no Complexo Hospitalario de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 354, do 02.08.2022

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.



O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2022

Miguel Ángel
Santalices Vieira,
Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Ángel
Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel
Ángel Santalices Vieira, Presidente,
email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamen
todegalicia.es
Fecha: 2022.11.02 16:39:08 +01'00'

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 02/11/2022 16:39:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 02/11/2022 16:47:11
Nº Rexistro: 11888
Data envío: 02/11/2022 16:47:11.697

CSV: REXISTRO-70YUZDKU-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

María del Carmen Aira Díaz	BNG
Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
Pablo Arangüena Fernández	S
Raquel Arias Rodríguez	P
José Antonio Armada Pérez	P
José Manuel Balseiro Orol	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Gonzalo Caballero Miguez	S
Belén Cachafeiro Anta	P
Diego Calvo Pouso	P
María Elena Candia López	P
Ramón Carballo Páez	P
Iria Carreira Pazos	BNG
Daniel Castro García	BNG
Paloma Castro Rey	S
Francisco José Conde López	P
María Sol Díaz Mouteira	P
Noa Susana Díaz Varela	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Ramón Fernández Alfonso	BNG
Alexandra Fernández Gómez	BNG
José Luis Ferro Iglesias	P
María Begoña Freire Vázquez	P
María Leticia Gallego Sanromán	S
Ana Belén García Vidal	P
Carlos Gómez Salgado	P
María González Albert	BNG
María do Carme González Iglesias	BNG
Rosalía López Sánchez	P
Rubén Lorenzo Gómez	P
Manuel Antonio Lourenzo Sobral	BNG
María Guadalupe Murillo Solís	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Eduardo Ojea Arias	S
Marina Ortega Otero	S
Noelia Otero Lago	S
Patricia Otero Rodríguez	S
Adrián Pardo López	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Fernando Pérez Domínguez	P
Rosana Pérez Fernández	BNG
Daniel Pérez López	BNG
Noelia Pérez López	P
Carmen María Pomar Tojo	P

Ana Pontón Mondelo	BNG
María Corina Porro Martínez	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
Noa Presas Bergantiños	BNG
Pedro Puy Fraga	P
Mercedes Queixas Zas	BNG
José Manuel Rey Varela	P
Paulo Ríos Santomé	BNG
Xosé Luís Rivas Cruz	BNG
Ovidio Rodeiro Tato	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
María Felisa Rodríguez Carrera	P
María del Carmen Rodríguez Dacosta	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
María Belén Salido Maroño	P
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Manuel Santos Costa	P
Cristina Sanz Arias	P
Martín Seco García	S
María Elena Suárez Sarmiento	P
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro	BNG
Julio Torrado Quintela	S
Sandra Vázquez Domínguez	P
Daniel Vega Pérez	P
Borja Vereas Fraiz	P

Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia
XI Lexislatura

(actualizada o 30 de maio de 2022)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	S	NON	ABST
1. Aira Díaz, María del Carmen	BNG			
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	S			
3. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
4. Arangüena Fernández, Pablo	S			
5. Arias Rodríguez, Raquel	P			
6. Armada Pérez, José Antonio	P			
7. Balseiro Orol, José Manuel	P			
8. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
9. Caballero Miguez, Gonzalo	S			
10. Cachafeiro Anta, Belén	P			
11. Carballo Páez, Ramón	P			
12. Carreira Pazos, Iria	BNG			
13. Castro García, Daniel	BNG			
14. Castro Rey, Paloma	S			
15. Díaz Mouteira, María Sol	P			
16. Díaz Varela, Noa Susana	S			
17. Egerique Mosquera, Teresa	P			
18. Fernández Alfonzo, Ramón	BNG			
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG			
20. Ferro Iglesias, José Luis	P			
21. Freire Vázquez, María Begoña	P			
22. Gallego Sanromán, María Leticia	S			
23. García Vidal, Ana Belén	P			
24. Gómez Salgado, Carlos	P			
25. González Albert, María	BNG			
26. González Iglesias, María do Carme	BNG			
27. López Sánchez, Rosalía	P			
28. Lorenzo Gómez, Rubén	P			
29. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	BNG			

30. Murillo Solís, María Guadalupe	P			
31. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
32. Ojea Arias, Eduardo	S			
33. Otero Lago, Noelia	S			
34. Otero Rodríguez, Patricia	S			
35. Pardo López, Adrián	P			
36. Pazos Couñago, José Alberto	P			
37. Pérez Domínguez, Fernando	P			
38. Pérez Fernández, Rosana	BNG			
39. Pérez López, Daniel	BNG			
40. Pérez López, Noelia	P			
41. Pomar Tojo, Carmen María	P			
42. Pontón Mondelo, Ana	BNG			
43. Prado del Río, Paula	P			
44. Prado Patiño, Jesús Miguel	P			
45. Presas Bergantiños, Noa	BNG			
46. Puy Fraga, Pedro	P			
47. Queixas Zas, Mercedes	BNG			
48. Rey Varela, José Manuel	P			
49. Ríos Santomé, Paulo	BNG			
50. Rivas Cruz, Xosé Luís	BNG			
51. Rodeiro Tato, Ovidio	P			
52. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
53. Rodríguez Carrera, María Felisa	P			
54. Rodríguez Dacosta, M ^a del Carmen	S			
55. Rodríguez Pérez, Moises	P			
56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta M ^a	P			
58. Salido Maroño, María Belén	P			
59. Santos Costa, Manuel	P			
60. Sanz Arias, Cristina	P			
61. Seco García, Martín	S			
62. Suárez Sarmiento, María Elena	P			
63. Tabarés Pérez Piñeiro, Iago	BNG			
64. Torrado Quintela, Julio	S			
65. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
66. Vega Pérez, Daniel	P			
67. Vereja Fraiz, Borja	P			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA				
68. Calvo Pouso, Diego	P			
69. Conde López, Francisco José	P			
70. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO				
71. Ortega Otero, Marina	S			
72. Porro Martínez, María Corina	P			
73. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
74. Candia López, María Elena	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

1. Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña (doc. n.ºm. 41808, 11/PVCS-000004)

Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña en representación do Parlamento de Galicia

O 26 de setembro de 2022, a Mesa da Cámara tomou coñecemento do escrito do presidente do Consello Social da Universidade da Coruña no que solicita, con motivo do cesamento dun dos membros do Consello Social designados polo Parlamento o 23 de febreiro de 2021, a iniciación dos trámites parlamentarios para proceder a súa substitución (doc. núm. 41808).

Logo da audiencia da Xunta de Portavoces do 2 de novembro de 2022.

Vistos os Criterios de ordenación da elección dos seis membros representantes dos intereses sociais nos consellos sociais do sistema universitario de Galicia designados polo Parlamento de Galicia aprobados o 17 de setembro de 2013.

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Os grupos parlamentarios poderán propoñer un máximo dunha candidata ou candidato.

Deberán reunir as condicións de idoneidade preceptuadas nos artigos 77.3 e 78 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, e na proposta deberá constar a aceptación expresa do candidato ou candidata e a súa declaración de reunir as condicións legais preceptuadas.

A presentación de candidaturas farase por escrito, dirixido á Mesa do Parlamento e asinado polo portavoz do grupo parlamentario.

A Mesa do Parlamento logo de cualificadas as propostas presentadas, elaborará unha lista única pechada, na que figurarán por orde alfabética os nomes dos candidatos ou candidatas e os grupos parlamentarios propoñentes. Desta lista daráselles traslado aos portavoces dos grupos parlamentarios cunha antelación mínima de seis horas ao inicio da sesión plenaria na que se realice a correspondente designación.

2.º) O prazo para formalizar candidaturas remata ás 18:30 horas do 7 de novembro de 2022.

3.º) Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2022

María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

María Elena
Candia López,
Vicepresidenta 1ª

Firmado digitalmente por María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª, email=elena.candia.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2022.11.03 10:25:49 +01'00'



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª na data 03/11/2022 10:25:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 03/11/2022 10:27:39
Nº Rexistro: 11912
Data envío: 03/11/2022 10:27:39.357

CSV: REXISTRO-RKAH88DM9-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

1.1 41808(11/PVCS-000004)

Consello Social da Universidade da Coruña

Comunicación renuncia de D. Manuel Jove Santos, como membro
do Consello Social da Universidade da Coruña

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

2. Textos Lexislativos

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

- 2.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia (doc. núm. 42313, 11/PL-000016)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

2.1 42313(11/PL-000016)



Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia

Publicación do acordo, 394, 13.10.2022

*Publicación ampliación da prórroga do prazo de presentación
de emendas, 401, 26.10.2022*

Publicación do acordo, 403, 02.11.2022

Ref: mv



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de Lei reguladora dos xogos de Galicia**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 29 de setembro de 2022.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCÍA-SEÑORANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 06/10/2022 11:50:33

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA
DE GALICIA

DIEGO CALVO POUSO, VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E SECRETARIO DO CONSELLO DA
XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:


Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e nove
de setembro de dous mil vinte e dous adoptou, entre outros, o
seguinte Acordo:

"Aprobar o *Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia* e a súa
remisión ao Parlamento de Galicia".

E para que conste, asina a presente co visto e praxe do Sr. Presidente,
en Santiago de Compostela a vinte e nove de setembro de dous mil
vinte e dous.



Vº. e Praxe:
O PRESIDENTE





PROXECTO de Lei reguladora dos xogos de Galicia



Exposición de motivos

I

Conforme o artigo 27.27 do Estatuto de autonomía de Galicia a Comunidade Autónoma galega ostenta competencia exclusiva en materia de casinos, xogos e apostas, con exclusión das Apostas Mutuas Deportivo Benéficas. En virtude do Real decreto 228/1985, do 6 de febreiro, traspasáronse as funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de casinos, xogos e apostas.

No exercicio da competencia autonómica citada ditouse a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.

Partindo do feito de considerar o xogo como unha realidade social lícita por supoñer unha manifestación máis do principio de liberdade individual recollido na Constitución española de 1978, ao longo destes anos mostrouse como un sector máis da actividade económica, cun marcado carácter dinámico e activo, influído en gran medida pola innovación tecnolóxica, en especial nos últimos anos, e cunha elevada transcendencia para a Comunidade Autónoma galega tanto desde o punto de vista económico e tributario como social.

Precisamente e coa finalidade de dar resposta a moitos dos cambios substanciais na concepción tradicional do xogo tiveron lugar as correspondentes modificacións legais e se aprobaron tamén os regulamentos de desenvolvemento dos distintos tipos de xogos. Malia o anterior, e tendo en conta a antigüidade da Lei 14/1985, do 23 de outubro, non se considera suficiente efectuar novas modificacións, senón que resulta necesario elaborar un novo marco xurídico mediante a aprobación dunha nova lei que, con visión de conxunto e criterio de unidade, recolla no seu articulado as directrices básicas ás que debe axustarse a planificación e ordenación do xogo, para que, tendo en conta as características e peculiaridades propias, permita a formación dunha política axeitada ás circunstancias sociais, económicas e administrativas da nosa Comunidade e, en definitiva, se adapte ás novas realidades sociais existentes no sector dos xogos de azar.



II

De conformidade co artigo 5.1 da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, as autoridades competentes que no exercicio das súas respectivas competencias establezan límites ao acceso a unha actividade económica ou ao seu exercicio de conformidade co previsto no artigo 17 da dita lei ou exixan o cumprimento de requisitos para o desenvolvemento dunha actividade, motivarán a súa necesidade na salvagarda dalgunha razón imperiosa de interese xeral de entre as comprendidas no artigo 3.11 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Así mesmo, de acordo co artigo 5.2 da Lei 20/2013, do 9 de decembro, calquera límite ou requisito establecido conforme ao número 1 do mesmo artigo, deberá ser proporcionado á razón imperiosa de interese xeral invocada, e deberá ser tal que non exista outro medio menos restritivo ou distorsionador para a actividade económica.

Entre os conceptos definidos como razóns de interese xeral no artigo 3.11 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, están comprendidos a orde pública a saúde pública, a protección dos dereitos, a seguridade e a saúde das persoas consumidoras e das destinatarias de servizos así como a loita contra a fraude. Algúns destes conceptos están tamén recollidos no artigo 17 da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, entre os que poden xustificar a exixencia dunha autorización administrativa.

A actividade de xogo ten unhas características intrínsecas que fan necesaria unha regulación por parte da Administración que estableza mecanismos que ofrezan seguridade ás persoas usuarias dos xogos, garantan a protección das persoas menores de idade, e daquelas persoas que o precisen por motivos de saúde e que permitan velar pola orde pública e o desenvolvemento regular dos xogos evitando a fraude.

Nesta liña, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea ten admitido que as consecuencias prexudiciais que para as persoas consumidoras e para a sociedade no seu conxunto comporta a actividade do xogo xustifica a imposición de límites e de exixencias co fin de controlar os riscos e de acadar os obxectivos fundamentais de prevención da incitación ao gasto excesivo en xogo e de loita contra a adicción ao xogo e contra a fraude.

A especial protección da saúde e seguridade das persoas usuarias dos xogos, a garantía da orde pública e impedir a fraude na actividade do xogo, son así razóns imperiosas de interese xeral que xustifican o establecemento das



limitacións e requisitos en materia de xogo previstos nesta lei, os cales gardan a necesaria proporcionalidade ao ser necesarios para a salvagarda de tales razóns de interese xeral. Entre estas limitacións se atopan o réxime de autorización administrativa previa para o acceso e o exercicio de actividades económicas que se prevé nesta lei, para os casos nos que o control a posteriori non garante a necesaria protección, así como a planificación e fixación dun límite ao número de establecementos de xogo e de terminais de xogo que se poden instalar no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, as indicadas razóns de interese xeral xustifican tamén os efectos desestimatorios que, con carácter xeral, ten o silencio administrativo nos procedementos iniciados a solicitude de persoa interesada que se regulan nesta lei.

En particular, respecto da planificación de establecementos de xogo, cómpre salientar que nos últimos anos tense detectado un incremento considerable nas solicitudes de autorización de instalación de salóns de xogo e de tendas de apostas, que pasaron de 54 salóns de xogo en 2013 a 118 salóns en 2020 e de 20 tendas de apostas existentes en 2013 a 41 en 2020, o que unido á preocupación social existente e ao aumento dos problemas de adición aos xogos practicados nestes establecementos xustifica a necesidade de proceder a realizar unha planificación que limite o número deste tipo de establecementos de xogo e tamén dos casinos e das salas de bingo e instalar na Comunidade Autónoma, fixando, previa avaliación da oferta de xogo e das razóns de interese xeral implicadas, un número máximo que permita conseguir os obxectivos invocados de protección da saúde e da seguridade das persoas usuarias dos xogos, de garantía da orde pública e de loita contra a fraude na actividade do xogo, a través dunha oferta cuantitativamente moderada. Na actualidade constan en Galicia 40 tendas de apostas, 2 casinos e 1 sala adicional, 11 bingos e 115 salóns de xogo. A fixación dun límite a este tipo de establecementos tomando como base a planificación realizada polo decreto 72/2019, do 4 de xullo, polo que se aproban medidas en materia de planificación de autorizacións de instalación de salóns de xogo e tendas de apostas na Comunidade Autónoma de Galicia, en consonancia co establecido na Disposición adicional única da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, cumpre o obxectivo de protección da saúde e a seguridade das persoas usuarias e ao mesmo tempo mantén unha oferta real de xogo, establecendo unha duración de 15 anos para as autorizacións existentes e as futuras e un sistema de concurso público para a súa concesión. Este sistema sitúa en réxime de igualdade e non discriminación aos establecementos de xogo existentes na actualidade e aos que, en exercicio da liberdade de establecemento e a liberdade empresarial se pretendan instalar no futuro. En aplicación destes principios recollidos tanto no Tratado de



Funcionamento da Unión Europea e na Constitución Española, esta norma establece un máximo de 2 casinos e 2 salas adicionais, 12 bingos, 118 salóns de xogo e 41 tendas de apostas, fixando unha duración de 15 anos para todas as autorizacións, tanto as existentes como as futuras, e fixando un sistema de concurso público para poder acceder ás novas autorizacións de instalación.

A duración de 15 anos para as autorizacións de establecementos de xogo motívase na necesidade de amortizar os investimentos necesarios para poñer en funcionamento este tipo de locais, tendo en conta o elevado custo das máquinas recreativas e as continuas adaptacións que deben ter lugar por mor do tipo de mercado cambiante e continuamente necesitado de actualización.

Outra das restricións aos axentes de xogo ven recollida no artigo 4.5 no que se prohíbe conceder préstamos nin calquera outra modalidade de crédito, ás persoas usuarias dos xogos, nin conceder bonificacións, partidas gratuítas ou elementos que poidan trocar por diñeiro ás persoas usuarias dos xogos. Esta prohibición vén xustificada pola necesidade de limitar o uso non responsable do xogo que pode verse favorecido por unha excesiva facilidade na obtención de crédito dentro do propio establecemento de xogo. Está demostrando que a falta de crédito para xogar e, polo tanto, a interrupción do xogo, permite unha maior concienciación e responsabilidade no xogador e impide comportamentos obsesivos que poderían derivar en danos para a saúde.

Tamén recolle o texto legal, a posibilidade de que os concellos poidan establecer, de forma proporcionada e xustificada, outros límites, requisitos ou características adicionais, para a apertura de establecementos previstos neste artigo, baseándose nas súas competencias de organización, dirección e control da ocupación e a utilización do solo e para velar pola protección do entorno urbano e a calidade de vida e a cohesión social da poboación a través do planeamento urbanístico e das súas ordenanzas. Esta posibilidade xa está recollida no artigo 7 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia para todo tipo de establecementos aos que resulta de aplicación a dita lei e entre os que se atopan os establecementos de xogo. Polo tanto, entra dentro das competencias municipais a fixación de prohibicións, limitacións ou restricións destinadas a evitar a excesiva concentración de establecementos de xogo e garantir a súa coexistencia con outras actividades humanas ou sociais. En todo caso, as ditas restricións deben ser motivadas e xustificadas e respectar a liberdade empresarial e a libre competencia.



Enténdese necesario introducir na Lei reguladora dos xogos en Galicia, políticas de prevención dirixidas á planificar e limitar o xogo das máquinas comecartos e das máquinas de apostas que é o que se considera máis aditivo. A iso van dirixidas en primeiro lugar, as medidas de limitación de establecementos de xogo, fixando no texto legal un número máximo de casinos, salas de bingo, salóns de xogo e tendas de apostas que se poden instalar na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os establecementos de restauración e de ocio e entretemento son, polas súas características, locais de fácil acceso para os menores de idade e precisan controis moito máis efectivos que os existentes nos establecementos específicos de xogo. Para evitar confusión, entre ambos tipos de establecementos, e para centralizar a actividade de xogo nuns espazos concretos, é polo que se xustifican as medidas restritivas ao número de máquinas que se poden instalar nos ditos establecementos de restauración e de ocio e entretemento, e se establecen tamén limitacións específicas para impedir o xogo dos menores. A fixación dun número máximo de 2 máquinas de xogo de calquera dos tipos permitidos, nestes establecementos de restauración e de ocio e entretemento, ven motivado por manter esa necesaria diferenciación entre os propios e específicos establecementos de xogo e o resto de establecementos en que, de xeito totalmente accesorio, permítese a instalación dun número limitado de máquinas de xogo.


A situación actual de oferta de xogo na Comunidade Autónoma de Galicia, tanto de máquinas recreativas como de máquinas de apostas, considérase excesivo a tenor da demanda existente. Tomando en consideración os datos actuais, a 31 de decembro de 2020, constan autorizadas 3.600 máquinas de apostas en establecementos de restauración e de ocio e entretemento. Malia o anterior, unicamente están efectivamente instaladas a esa data un total de 2.978 máquinas de apostas. Polo que respecta ás máquinas AE e B a 31 de decembro de 2020, constan autorizadas un total de 184 e 13.312 respectivamente. Pese a iso, unicamente están efectivamente instaladas, a 31 de decembro de 2020, un total de 14 máquinas tipo AE e 7.921 máquinas tipo B en establecementos de restauración e de ocio e entretemento. Por iso, atendendo a eses datos, a oferta de xogo excede da demanda existente, polo que considérase xustificado e axeitado fixar un límite ao número de autorizacións de máquinas, aos efectos de axustar a oferta de xogo á demanda realmente existente, sen que iso menoscabe, en ningún caso, a libre competencia entre empresas operadoras de máquinas recreativas e empresas comercializadoras e explotadoras de máquinas de apostas.



As características intrínsecas do xogo demandan, así mesmo, actuacións específicas de prevención e protección, con especial atención aos colectivos máis vulnerables. A maioría da poboación poderá xogar sen problemas ao longo da súa vida, non obstante unha porcentaxe dela desenvolverá problemas relacionados co seu patrón de xogo. De entre toda a poboación é preciso sinalar que hai varios colectivos potencialmente vulnerables aos que cómpre protexer especialmente. Trátase das persoas menores de idade, as persoas con problemas de adicción ao xogo ou en situación de risco de desenvolverlos, persoas que teñan reducidas as súas capacidades intelectuais e/ou volitivas e as persoas con discapacidade que, por resolución xudicial, estean suxeitas a medidas de apoio que afecten a súa libre participación nos xogos e apostas, segundo o establecido na Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica.

Coa única finalidade de protexer a este tipo de colectivos vulnerables é polo que establécese nesta lei a prohibición de todo tipo de publicidade dos xogos de competencia autonómica na radio e na televisión de Galicia. Trátase dun medio de comunicación público, que non se financia de xeito exclusivo cos ingresos que poidan proceder da publicidade, polo que non pode considerarse, a estes efectos, que se vulnere a libre competencia en relación coa ausencia de prohibición nos medios de comunicación de carácter privado.

As administracións públicas deben articular as medidas necesarias que permitan que a poboación galega xogue sen problema e á súa vez que os colectivos vulnerables reduzan a probabilidade de desenvolver un problema ou recaer nel. En base ao anterior, cómpre habilitar ás administracións das ferramentas lexislativas que permitan promover na poboación patróns de xogo baseados en eleccións informadas que, se manteñan dentro duns límites de tempo e diñeiro invertidos asequibles, en equilibrio coas demais actividades da vida diaria e que non xeren problemas asociados.



En base a todo iso, a norma establece que as distintas consellerías colaborarán e promoverán políticas de prevención desenvolvendo actividades de prevención da ludopatía dirixidas á poboación en xeral e adoptando medidas tendentes a desincentivar os hábitos e condutas patolóxicas relacionadas co xogo, con especial atención aos sectores sociais máis vulnerables.

III

O texto consta dun título preliminar e seis títulos, 56 artigos, tres disposicións adicionais, oito disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e sete disposicións derradeiras.

O título preliminar (artigos 1-16) inclúe as disposicións xerais relativas ao obxecto, o ámbito de aplicación, os principios reitores das actuacións en materia de xogo, as políticas de xogo responsable, o réxime de publicidade, promoción, patrocinio e comunicación comercial, o Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo de Galicia, o dereito de admisión, o control de acceso, o réxime de prohibicións, os xogos permitidos e os xogos prohibidos. Especifica tamén os dereitos e obrigas das persoas usuarias dos xogos e os dereitos e obrigas das empresas de xogos así como o réxime de intervención administrativa en materia de xogo, os rexistros en materia de xogo e a homologación do material de xogo.

En relación co ámbito de aplicación, procede salientar a distinción de tres niveis de aplicación da norma. Así, no artigo 2 se diferencia entre o xogo ao que a lei é de aplicación plena (xogo de ámbito autonómico); aquelas actividades excluídas totalmente do ámbito de aplicación da lei, fundamentalmente por non responder á definición de xogo aos efectos da lei ou por non tratarse de xogo de competencia autonómica, como é o caso do xogo reservado conforme á Lei 13/2001, do 27 de maio, de regulación do xogo; e, por último, as actividades de xogo de ámbito estatal non reservadas, respecto das cales se prevé o sometemento a autorización autonómica en termos respectuosos coa normativa estatal.

O título I “Órganos e competencias” (artigos 17-20) regula as competencias do Consello da Xunta de Galicia, da persoa titular da consellería competente en materia de xogo, do órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo e o funcionamento e composición da Comisión de Xogo de Galicia.



O título II “Tipos de xogos” (artigos 21-28) especifica e define os xogos propios de casinos, o xogo do bingo, os xogos con máquinas recreativas ou de azar, o xogo da rifa, o xogo da tómbola, o xogo de lotarías e boletos e o xogo de apostas. Así mesmo, inclúe a clasificación de máquinas recreativas ou de azar, as máquinas de apostas e as súas modificacións.

O título III (artigos 29 -38) regula os locais habilitados para a práctica dos xogos e distingue os establecementos de xogo que son os casinos, as salas de bingo, os salóns de xogo e as tendas de apostas dos espazos de apostas doutros locais habilitados para a práctica do xogo como os establecementos de restauración e de ocio e entretemento. Así mesmo, recolle as modificacións dos ditos establecementos de xogo e dos espazos de apostas. Será nos locais previstos neste título III onde poderán practicarse os xogos de competencia autonómica permitidos así como nos que poderán instalarse terminais de xogo de ámbito estatal non reservados, nos termos previstos para cada un deles no dito título. Neste título regúlase tamén a limitación a instalación de terminais físicos de xogo.

O título IV denominado “empresas de xogo” (artigos 39-41) regula os requisitos xerais das empresas de xogo, o réxime das fianzas así como as modificacións das autorizacións de inscrición.

O título V (artigos 42-55) regula o réxime de inspección e sancionador ao establecer as regras xerais, a tipificación das distintas infraccións, as persoas responsables, a prescrición e a caducidade, as sancións administrativas e a súa gradación, a competencia para o exercicio da potestade sancionadora, o procedemento sancionador e as medidas provisionais.

O título VI (artigo 56) refírese ao réxime fiscal en materia de xogo.

A disposición adicional primeira regula a presentación de solicitudes e comunicacións polos suxeitos obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración.

A disposición adicional segunda regula a tramitación administrativa electrónica.

A disposición adicional terceira regula o réxime de consentimentos e autorizacións.

A disposición transitoria primeira prevé un prazo de dous anos para que as empresas de xogo adapten as máquinas recreativas, de azar, de apostas e os establecementos ao disposto nesta lei.

A disposición transitoria segunda vai dirixida a manter a vixencia dos regulamentos de xogo existentes á entrada en vigor desta lei en todo o que non resulte contradictorio co disposto nesta.



A disposición transitoria terceira establece o réxime transitorio aplicable á publicidade e promoción en materia de xogo e a disposición transitoria cuarta o aplicable ás autorizacións concedidas de acordo coa normativa anterior.

A disposición transitoria quinta fixa o réxime transitorio en materia de distancias a aplicar á instalación de establecementos de xogo.

A disposición transitoria sexta especifica o réxime transitorio aplicable á Comisión de Xogo.

A disposición transitoria sétima establece o réxime transitorio aplicable ás autorizacións das máquinas auxiliares de apostas e de máquinas de xogo tipo B non instaladas en establecementos de restauración e de ocio e entretemento.

A disposición transitoria oitava fixa o réxime transitorio aplicable aos expedientes en tramitación.

Así mesmo, o texto consta dunha única disposición derogatoria pola que se derrogan as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei e expresamente, a Lei 14/1985, do 23 de outubro así como determinados preceptos de normas regulamentarias de desenvolvemento da dita lei.

A disposición derradeira primeira modifica tres artigos do Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado por Decreto 39/2008, do 21 de febreiro, referidos aos requisitos xerais das máquinas recreativas de tipo B e de tipo B especial. As razóns que xustifican a modificación destes artigos a través desta norma atópanse na necesidade de adaptar a homologación das máquinas recreativas de tipo B e de tipo B especial aos principios e criterios recollidos neste texto legal pois, de facerse a modificación a través de vía regulamentaria, se retardaría a efectividade dos ditos criterios e principios en prexuízo do interese xeral que preside a espírito da norma.

A disposición derradeira segunda modifica un artigo do Regulamento de apostas de Galicia en cumprimento do disposto no informe da Comisión Galega da Competencia.





A disposición derradeira terceira fixa o réxime de modificación das disposicións regulamentarias.

A disposición derradeira cuarta establece a habilitación para o desenvolvemento regulamentario.

A disposición derradeira quinta modifica a Lei de taxas, prezos e exaccións da Comunidade Autónoma de Galicia para establecer a posibilidade de inscrición gratuíta no Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo de Galicia.

A disposición derradeira sexta modifica o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado para adaptalo á normativa reguladora dos xogos de Galicia.

A disposición derradeira sétima indica que esta lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Tendo en conta a materia regulada deuse cumprimento ao trámite de notificación previsto na Directiva (UE) 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello de 9 de setembro de 2015 pola que se establece un procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade de información e no Real Decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información. Tamén se solicitaron os informes preceptivos da Comisión de Xogo de Galicia ao recoller o texto medidas de planificación en materia de xogo, da Comisión Galega da Competencia por ter efectos sobre a competencia efectiva nos mercados e do ditame Consello Económico e Social por afectar a materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia.





TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais



Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta lei ten por obxecto a regulación do xogo, nas súas distintas modalidades e denominacións, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de garantir a protección da orde pública, a loita contra a fraude, a prevención de condutas aditivas, a protección dos dereitos das persoas menores de idade e a salvagarda dos dereitos das persoas usuarias dos xogos.

2. Aos efectos desta lei, enténdese por xogo calquera actividade, incluídas as apostas, mediante a que se arrisquen cantidades de diñeiro ou obxectos economicamente avaliábles, en función dun resultado futuro e incerto, independentemente da incidencia que no xogo teña o grao de destreza ou habilidade das persoas usuarias, ou que sexa exclusivamente de sorte, envite ou azar, e tanto se realiza por medios presenciais coma por canles electrónicas, informáticas, telemáticas, interactivas ou de comunicación a distancia. Quedan incluídas nesta definición, as actividades indicadas aínda que se realicen de forma esporádica ou ocasional.

3. Aos efectos desta lei, enténdese por xogo presencial aquel que unicamente pode ser realizado pola persoa usuaria do xogo, a través da súa presenza nos establecementos de xogo e locais habilitados para a práctica dos xogos nos que se autorice a súa organización e celebración, de acordo co disposto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

4. Considérase xogo non presencial a través de medios electrónicos, informáticos, telemáticos, interactivos ou de comunicación a distancia, a organización e explotación de calquera dos xogos incluídos no Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia, cando se practiquen por estes canles e no ámbito exclusivamente da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario, e nos que a persoa usuaria dos xogos poida practicalos sen necesidade de acceder a ningún dos establecementos e locais referidos no número anterior.



Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. Inclúense no ámbito de aplicación desta lei:

a) A totalidade dos xogos incluídos no Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) As persoas físicas e xurídicas que interveñan na xestión, explotación e práctica dos xogos aos que se refire a letra a) , así como as dedicadas á fabricación, comercialización, distribución, instalación e mantemento do material relacionado cos ditos xogos.

c) Os locais e establecementos onde se leven a cabo os xogos aos que se refire a letra a).

d) As persoas que, na súa condición de titulares dos locais e establecementos regulados nesta lei, permitan o desenvolvemento dos xogos aos que se refire a letra a).

2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei:

a) As competicións de puro pasatempo ou recreo constitutivas dos usos sociais de carácter tradicional, familiar ou amigable, sempre que non sexan obxecto de explotación lucrativa polas persoas participantes ou por terceiras persoas e sen que en ningún caso interveña diñeiro ou premios susceptibles de valoración económica.

b) O xogo do bingo organizado polas residencias da terceira idade, centros de día ou por asociacións culturais ou deportivas legalmente inscritas e sempre que se reúnan todos os seguintes requisitos:

1º Que as sesións realizadas polas residencias terceira idade e centros de día ou polas asociacións culturais ou deportivas legalmente inscritas, non superen en ningún caso o límite de catro sesións nun mes.

2º Que as cantidades xogadas e os premios outorgados non superen os 300 euros por sesión.

3º Que o xogo se desenvolva a través de medios manuais ou mecánicos sen que en ningún caso interveñan aplicacións informáticas ou programas de software.

4º Que durante o desenvolvemento da sesión, en ningún caso, se atopen presentes na sala menores de idade.



5º Que teñan lugar na propia residencia da terceira idade ou centro de día ou no local que figure como domicilio da correspondente asociación.

A asociación ou o responsable da residencia da terceira idade ou centro de día correspondente, deberá presentar, cada vez que pretenda organizar un xogo de bingo nos termos expostos, unha comunicación ao órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo aos efectos de poder controlar o cumprimento dos anteriores requisitos.

c) As rifas e tómbolas de carácter benéfico ou de utilidade pública, organizadas, con carácter esporádico, por institucións públicas ou privadas nas que o importe dos beneficios obtidos se destine exclusivamente a organizacións ou fins de carácter benéfico ou de utilidade pública.

d) As máquinas expendedoras, entendéndose por tales as que se limitan a efectuar transaccións ou vendas, a través de calquera tipo de mecano, de produtos ou mercancías a cambio dunha contraprestación económica que se corresponda co valor de mercado dos produtos ou mercancías que se entreguen. Non obstante, se este tipo de máquinas inclúen algún elemento de xogo, que dependa da destreza ou habilidade da persoa usuaria do xogo ou que sexa de sorte, envite ou azar, que condicione a obtención dun premio en especie ou en diñeiro, terán a consideración de máquina recreativa de tipo A especial ou de tipo B en función da contía do premio.

e) As máquinas, aparellos, instrumentos ou dispositivos que utilicen redes informáticas, telemáticas ou calquera outro medio de comunicación ou conexión a distancia para a reprodución de imaxes e música ou coa finalidade de comunicación e información, sen posibilidade de acceso a ningún tipo de xogo nin de concesión de premios en metálico ou en especie.

f) As máquinas de mero pasatempo ou recreo que non ofrecen á persoa usuaria ningún premio en metálico ou en especie, nin directa nin indirectamente, limitándose a conceder á persoa usuaria un tempo de uso a cambio do prezo da partida, podendo ofrecer como único aliciente adicional, por causa da habilidade da persoa usuaria, a posibilidade de seguir usando a máquina polo mesmo importe inicial en forma de prolongación do tempo de uso.

Dentro deste tipo de máquinas inclúense, entre outras, as seguintes:

1º As máquinas e aparellos de uso infantil accionados por moedas que permiten á persoa usuaria un entretemento consistente no goce dunha





simulación mecánica dunha acción dinámica como son a imitación do chute dun cabalo, o voo dun avión, a condución dun tren, dun vehículo ou imitacións de semellantes características.

2º As máquinas ou aparellos de natureza estritamente manual ou mecánica de competencia pura ou deporte entre dúas ou máis persoas usuarias, tales como futbolíns, mesas de billar, tenis de mesa, boleiras, máquinas de hockey ou de índole semellante, aínda que o seu uso requira a introdución de moedas.

g) O xogo das combinacións aleatorias entendidas como aqueles sorteos que, con finalidade exclusivamente publicitaria ou de promoción dun produto ou servizo, e tendo como única contraprestación o consumo do produto ou servizo, sen sobreprezo nin tarifa adicional ningunha, ofrecen premios en metálico, especie ou servizos, exixindo, no seu caso, a condición de cliente do establecemento ao que pertencen os produtos ou servizos obxecto da publicidade ou promoción.

h) Os xogos de ámbito estatal reservados conforme ao disposto na disposición adicional primeira da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

3. As actividades de xogo de ámbito estatal non reservadas rexeranse pola normativa estatal de aplicación, sen prexuízo do sometemento a autorización autonómica nos termos previstos nesta lei.




Artigo 3. Principios reitores das actuacións en materia de xogo

1. As actuacións en materia de xogo rexeranse polos principios de:

- a) Protección das persoas menores de idade e das que teñan reducidas as súas capacidades intelectuais e/ou volitivas, ou persoas con discapacidade que, por resolución xudicial, estean suxeitas a medidas de apoio que afecten a súa libre participación nos xogos e apostas, así como das persoas con problemas de adicción ao xogo ou en risco de padecelo, impedindo o seu acceso á práctica e aos establecementos de xogo en calquera das súas modalidades.
- b) Transparencia, de salvagarda da orde e de seguridade no desenvolvemento dos xogos nas súas distintas modalidades.
- c) Garantía do pago dos premios, de prevención de fraudes no desenvolvemento dos xogos e de colaboración no cumprimento da lexislación de prevención de branqueo de capitais.
- d) A prevención de prexuízos a terceiras persoas.
- e) Intervención e control por parte da Administración pública.
- f) Respecto ás regras básicas dunha política de xogo responsable.
- g) Seguridade xurídica na regulación das actividades de xogo.
- h) Fomento do emprego estable e de calidade no sector do xogo.

2. En todo caso, a Administración autonómica terá en conta a realidade e incidencia social, a súa repercusión económica e fiscal e a diversificación empresarial do xogo nas súas distintas modalidades, favorecendo a concorrência en condicións de igualdade das persoas físicas e xurídicas dedicadas á explotación de xogos, non fomentando o hábito do xogo e reducindo os seus efectos negativos.

3. A Administración autonómica deberá velar pola aplicación dos principios reitores previstos neste precepto que teñen como finalidade evitar o fomento irresponsable do hábito do xogo e reducir os seus efectos negativos, controlando o cumprimento destes principios por parte das persoas usuarias dos xogos e empresas de xogo, así como promovendo actuacións e iniciativas orientadas á prevención do consumo de xogos en menores de idade e á





implantación de actuacións preventivas e de asistencia ás persoas con problemas de xogo.



Artigo 4. *Políticas de xogo responsable*

1. As políticas de xogo responsable supoñen que o exercicio das actividades de xogo, se abordarán desde unha política integral de responsabilidade social corporativa, que prevea o xogo como un fenómeno complexo onde se combinan accións preventivas, de sensibilización, de intervención e control, así como de reparación dos efectos negativos que se puidesen producir.

As accións preventivas dirixiranse á sensibilización, información e difusión das boas prácticas do xogo, así como aos posibles efectos que unha práctica non adecuada do xogo pode producir.

2. Crearase o Observatorio Galego do Xogo como órgano colexiado encargado do estudo, avaliación e seguimento das políticas de xogo responsable. A súa natureza, fins, composición e adscrición estableceranse regulamentariamente debendo respectarse, en todo caso na súa composición, o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes. Os seus estudos e traballos estatísticos deberán efectuarse sempre desagregando os datos por sexos.

3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá políticas de xogo responsable dirixidas á sensibilización e concienciación sobre as consecuencias dunha práctica inadecuada do xogo, especialmente relacionadas cos riscos de ludopatía, apoiando actitudes de xogo non compulsivo e responsable, prestando especial atención a aqueles colectivos máis vulnerables como menores de idade, persoas con adicción ao xogo e persoas con discapacidade que, por resolución xudicial, estean suxeitas a medidas de apoio que afecten a súa libre participación nos xogos e apostas. Nesta liña, a administración autonómica desenvolverá actividades de prevención da ludopatía, dirixidas á poboación en xeral e adoptará medidas tendentes a desincentivar os hábitos e condutas patolóxicas relacionadas co xogo, con especial atención aos sectores sociais máis vulnerables.

Para os efectos desta lei, entenderase por xogo responsable, a elección informada dun patrón de xogo sobre o que a persoa exerce control, mantense dentro duns límites de tempo e diñeiro sostible, atópase en equilibrio coas outras actividades da súa vida e non xera problemas asociados. Isto implica que a frecuencia de xogo asumible por cada persoa, dependerá das súas características persoais e, en ningún caso, se considerará que unha recomendación de frecuencia de xogo baixa sexa correcta para toda a poboación.



Correspóndelle ao órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo, no ámbito das súas competencias, velar pola efectividade das políticas de xogo responsable, polo respecto aos límites en materia de publicidade do xogo e polo cumprimento da normativa en materia de control de acceso e colaborar activamente coas asociacións que tratan a persoas con adicción ao xogo, no desenvolvemento e execución das actividades de prevención e información.


4. Os axentes de xogo deberán respectar as regras básicas de política de xogo responsable elaboradas pola administración autonómica, adoptando medidas que atenúen os posibles efectos prexudiciais que o xogo poida producir. En todo caso, polo que se refire á protección das persoas usuarias dos xogos, esas medidas incluirán as seguintes accións:

- a) Prestar a debida atención aos grupos en risco.
- b) Proporcionar á cidadanía a información necesaria para que poida facer unha selección consciente das súas actividades de xogo.
- c) Informar da prohibición de participar nos xogos ás persoas menores de idade ou ás persoas incluídas no Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo de Galicia.

5. Os axentes de xogo non poderán conceder préstamos nin calquera outra modalidade de crédito ás persoas usuarias dos xogos, nin conceder bonificacións, partidas gratuítas ou elementos que se poidan trocar por diñeiro ás persoas usuarias dos xogos. A vulneración desta prohibición levará consigo a correspondente responsabilidade administrativa nos termos previstos nesta lei.

6. Os axentes de xogo fomentarán a formación das persoas traballadoras dos establecementos de xogo dos que sexan titulares, sobre os aspectos recollidos neste artigo. Esta formación abordará obrigatoriamente os patróns de xogo normais e patolóxicos, os indicios ou síntomas de alerta e as recomendacións de actuación para estes casos.

7. Os axentes de xogo recomendarán deixar de xogar a aquelas persoas que amosen síntomas que indiquen unha diminución significativa ou perda de control sobre o xogo.





8. Enténdese por axentes de xogo, aos efectos deste artigo, as persoas físicas e xurídicas que, con ánimo de lucro, desenvolvan ou organicen as actividades en materia de xogo.

9. As consellerías con competencias en materia de xogo e sanidade consignarán crédito nos seus orzamentos correspondentes para financiar respectivamente o Observatorio galego de xogo e as actividades d rixidas á prevención da ludopatía.



Artigo 5. Publicidade, promoción, patrocinio e comunicación comercial

1. A publicidade, promoción, e patrocinio e calquera forma de comunicación comercial das actividades de xogo de competencia autonómica, que se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia, estará suxeita a autorización previa e efectuarase nos termos e condicións previstos neste artigo e na normativa regulamentaria de desenvolvemento.


2. A publicidade de calquera modalidade de xogo regulado nesta lei deberá axustarse á normativa específica sobre a publicidade e non conterá, en ningún caso, gráficos, textos ou imaxes xenófobas, sexistas, que fomenten comportamentos compulsivos, actitudes de xogo non moderado e irresponsable ou calquera trato discriminatorio ou contrario á Constitución española ou ao Estatuto de autonomía de Galicia. En particular, queda prohibida a publicidade efectuada na radio ou na televisión cuxo ámbito de cobertura non supere o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, durante o programa e nos inmediatamente anteriores ou posteriores aos programas dirixidos específica e primordialmente ao público infantil.

3. A publicidade e promoción á que se refire o número 1 deste artigo, deberán respectar, en todo caso, a normativa sobre protección das persoas menores de idade e deberán ser acorde co establecido na normativa que regule a información, comercio electrónico e comunicación audiovisual e en ningún caso alterarán a dinámica dos xogos correspondentes.

4. As disposicións acerca da publicidade ilícita contidas na lexislación xeral sobre publicidade serán aplicables á publicidade das actividades de xogo de competencia autonómica así como ás empresas e establecementos autorizados para a comercialización dos ditos xogos.


5. A publicidade e promoción á que se refire o número 1 deste artigo respectarán as regras básicas sobre xogo responsable e deberán conter a advertencia de que a práctica dos xogos pode producir ludopatía e que a dita práctica está prohibida ás persoas menores de idade. Esta advertencia debe figurar de forma claramente visible en todo momento e durante toda a comunicación da mensaxe publicitaria. En todos os locais con máquinas de xogo, cuxa instalación estea suxeita a autorización autonómica, existirá nun lugar visible un cartel coas prohibicións do uso destas.

6. Queda prohibida a publicidade do xogo non presencial a través dos medios electrónicos, informáticos, telemáticos ou interactivos e de calquera





modalidade de xogo presencial, de competencia autonómica, na radio e na televisión pública da Comunidade Autónoma de Galicia.



Artigo 6. Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo de Galicia

1. O Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo de Galicia é aquel rexistro de titularidade pública no que constan inscritas aquelas persoas físicas que o soliciten, co fin de facer efectivo o dereito da cidadanía a que lles sexa prohibida a participación nas actividades de xogo, así como aquelas persoas físicas que, por resolución xudicial, teñan limitado o acceso ás actividades de xogo ou persoas con discapacidade que, por resolución xudicial, estean suxeitas a medidas de apoio que afecten a súa libre participación nos xogos e apostas.


O control e xestión deste rexistro será responsabilidade do órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo, o cal colaborará coa Administración estatal na coordinación do rexistro autonómico e o correspondente rexistro estatal.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia velará en todo momento pola implantación de procedementos electrónicos que garantan o correcto funcionamento do Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo de Galicia.

2. O órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo inscribirá neste rexistro:

- a) As persoas que voluntariamente soliciten a súa inscrición.
- b) As persoas con discapacidade que, por resolución xudicial, estean suxeitas a medidas de apoio que afecten a súa libre participación nos xogos e apostas.
- c) As persoas ás que, por sentenza xudicial firme, de modo principal ou accesorio se lles limitara o acceso ao xogo.
- d) As persoas que se vexan afectadas por medidas provisionais consistentes na limitación de acceso ás actividades de xogo adoptadas no marco dun procedemento xudicial e durante a vixencia da medida.

3. O procedemento de inscrición iníciase por solicitude de persoa interesada e será gratuíto para o solicitante. Non obstante, cando unha resolución xudicial ordene a práctica da inscrición, o procedemento iníciase de oficio logo da comunicación da resolución xudicial. Neste último caso, o órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo procederá á inscrición inmediata logo da comunicación da resolución xudicial.






4. O órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo ditará resolución de inscrición no Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo de Galicia no prazo máximo de 15 días desde o inicio do correspondente procedemento.

5. Nos supostos da letra a) do número 2 a inscrición no Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo de Galicia terá vixencia indefinida. Non obstante, a persoa interesada poderá solicitar a cancelación da inscrición unha vez transcorridos seis meses desde a data da inscrición. Nos supostos previstos nas letras b), c) e d) do número 2, a inscrición manterase polo tempo que se estableza na correspondente resolución.

6. O Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo de Galicia conterá os datos necesarios para a identificación da persoa obxecto de inscrición que estarán desagregados por sexos.

7. As consellerías con competencias en materia de xogo e sanidade implementarán un sistema que permita que as persoas que se inscriban neste rexistro, previa prestación do seu consentimento, reciban unha comunicación na que se lles informe sobre os recursos de axuda dispoñibles e unha proposta de derivación para realizar unha valoración sobre a conveniencia de incorporarse a algún tipo de programa de tratamento. Estas dúas consellerías tomarán as medidas oportunas para que o sistema sanitario galego e os seus recursos asistenciais coñezan a existencia deste rexistro.





Artigo 7. Dereito de admisión

1. Para os efectos do previsto nesta lei, enténdese por dereito de admisión, a facultade da administración para determinar as condicións de acceso e permanencia nos establecementos de xogo, con base aos criterios vinculados ao normal desenvolvemento do xogo, á orde e protocolo no interior dos establecementos, ao respecto á intimidade do resto das persoas usuarias e da persoas traballadoras, e ao cumprimento das disposicións establecidas legal e regulamentariamente. Neste sentido, regulamentariamente estableceranse os requisitos xerais e específicos para o acceso, segundo o tipo de establecemento de xogo.

2. O exercicio do dereito de admisión non pode supoñer, en ningún caso, discriminación por razón de raza, identidade de xénero, orientación sexual, relixión, opinión, discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, nin atentado aos dereitos fundamentais e liberdades públicas das persoas usuarias dos establecementos de xogo, tanto no relativo ás condicións de acceso e permanencia como ao uso dos servizos que neles se prestan.

3. As persoas titulares dos establecementos de xogo poderá denegar o acceso ou a permanencia no establecemento ás persoas que se atopen nalgún dos supostos que se fixen regulamentariamente.



Artigo 8. Control de acceso

1. Enténdese por control de acceso o sistema, constituído por medios técnicos e, no seu caso, tamén humanos, mediante o que os establecementos de xogo obrigados a dispor del, efectúan a comprobación do cumprimento dos requisitos e das condicións de admisión por parte das persoas que desexen acceder aos ditos establecementos.

2. Quedan obrigados a dispor dun control de acceso os casinos, as salas de bingos, os salóns de xogo e as tendas de apostas.

3. As persoas responsables dos establecementos enumerados no número 2 deberán impedir a entrada ás persoas seguintes:

a) Menores de idade.

b) Que consten inscritas no Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo de Galicia.

4. Para desenvolver as funcións de persoal de control de acceso será necesario reunir os requisitos establecidos na normativa reguladora da actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas e contar coa habilitación prevista na dita normativa.

5. O sistema de control de acceso deberá estar operativo en cada unha das entradas das que dispoña o establecemento, que deberá dispor dun sistema informático destinado á comprobación dos datos das persoas que pretendan acceder aos ditos establecementos de xogo a fin de impedir o acceso a quen o teña prohibido consonte o disposto nas letras a) e b) do número 1 do artigo 6. O dito sistema informático deberá permitir dispoñer de información actualizada das persoas inscritas no Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo, para o cal estableceranse mecanismos de conexión e interoperabilidade respecto da información que obre no dito rexistro e deberá respectar o disposto na normativa en materia de protección de datos.



Artigo 9. Réxime de prohibicións

1. Non poderán participar nos xogos regulados nesta lei as persoas seguintes:

a) Menores de idade

b) As que consten inscritas no Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo de Galicia

c) Accionistas, directivas e partícipes de empresas de xogo respecto dos xogos xestionados pola empresa da que sexan accionistas, directivas ou partícipes.

d) Directivas das entidades participantes nos acontecementos sobre os que se realiza o xogo.

e) Titulares dos establecementos de xogo e locais habilitados para a práctica dos xogos e o persoal ao servizo destes respecto dos xogos que se practiquen no correspondente local ou establecemento do que sexan titulares ou no que se preste servizo.

f) Persoas con discapacidade que, por resolución xudicial, estean suxeitas a medidas de apoio que afecten a súa libre participación nos xogos e apostas.

g) Persoal funcionario que preste servizos na Administración autonómica con funcións de inspección, control e tramitación administrativa en materia de xogo e persoas que teñen a condición de altos cargos da consellería competente en materia de xogo que desenvolvan funcións nesta materia.

2. Regulamentariamente poderá establecerse outras prohibicións específicas para cada tipo de xogo.



Artigo 10. Xogos de competencia autonómica permitidos

1. Os xogos de competencia autonómica permitidos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia unicamente poderán practicarse cos requisitos, condicións e nos establecementos, lugares e espazos sinalados nesta lei e nas súas disposicións regulamentarias.

2. Para a organización, a práctica e o desenvolvemento dos xogos de competencia autonómica é requisito necesario a súa inclusión previa no Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. O Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia é o instrumento básico de ordenación do xogo e especificará para cada xogo:

a) As distintas denominacións coas que sexa coñecido e as súas posibles modalidades.

b) Os elementos necesarios para a súa práctica.

c) As regras aplicables a este.

d) Os condicionamentos e prohibicións que se considere necesario impoñer á súa práctica.

4. No Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia serán incluídos como mínimo os seguintes:

a) Os exclusivos dos casinos de xogo.

b) O xogo do bingo.

c) Os que se desenvolvan mediante o emprego de máquinas recreativas ou de azar.

d) As rifas e tómbolas.

e) As apostas.

5. A organización, práctica e desenvolvemento dos xogos enumerados no número anterior requirirán autorización administrativa previa.



Artigo 11. *Xogos de competencia autonómica prohibidos*

1. Son xogos de competencia autonómica prohibidos todos os que non estean recollidos no Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia e aqueles que aínda incluídos no dito Catálogo se realicen sen o preceptivo título habilitante ou na forma, no lugar ou con persoas distintas das que especifica esta lei e as disposicións regulamentarias de desenvolvemento desta.

2. Conforme o previsto no número anterior, están prohibidos, entre outros supostos:

a) As modalidades dos xogos propios de casino, co mesmo ou distinto nome do que figura no Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia, cando se realicen fóra das instalacións dos casinos, ou que, tendo lugar dentro do propio establecemento, sexan realizados ao marxe das autorizacións, requisitos e condicións establecidos nesta lei e nos regulamentos que a desenvolvan.

b) As modalidades do xogo do bingo, co mesmo ou distinto nome do que figura no Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia, realizadas ao marxe das autorizacións, requisitos e condicións establecidos nesta lei e nos regulamentos que a desenvolvan.

c) Apostas sobre acontecementos que atenten contra a dignidade das persoas, o dereito á intimidade, o honor e a propia imaxe, se baseen na comisión de delitos ou en acontecementos políticos ou relixiosos, ou en eventos prohibidos pola lexislación vixente, así como as realizadas ao marxe das autorizacións, requisitos e condicións establecidos nesta lei e nos regulamentos que a desenvolvan.



Artigo 12. *Dereitos e obrigas das persoas usuarias dos xogos*

1. As persoas usuarias dos xogos teñen os dereitos seguintes:

- a) A obter información sobre o xogo e as súas normas e regras.
- b) Ao tempo de uso correspondente ao prezo da partida de que se trate.
- c) Ao cobro dos premios correspondentes de conformidade coa normativa aplicable.
- d) A xogar libremente, sen coaccións nin ameazas, que proveñan doutras persoas usuarias dos xogos ou de terceiras persoas.
- e) A formular as queixas e reclamacións que consideren oportunas.
- f) A recibir a información necesaria sobre a práctica do xogo responsable.
- g) A coñecer a identidade da empresa de xestión e explotación dos xogos, especialmente os desenvolvidos por medios electrónicos, informáticos, telemáticos ou interactivos.

2. As persoas usuarias dos xogos teñen as obrigas seguintes:

- a) Identificarse ante as empresas de xestión e explotación de xogos para os efectos do control de acceso.
- b) Cumprir as normas e regras dos xogos nos que participen.
- c) Non alterar o normal desenvolvemento dos xogos.
- d) Respetar o dereito de admisión dos establecementos de xogo.
- e) Respetar ás persoas que traballan ou prestan os seus servizos nos establecementos de xogo, así como cumprir as instrucións existentes para o normal desenvolvemento dos xogos e para manter a orde no establecemento
- f) Evitar accións que poidan xerar no establecemento de xogo situacións incómodas para o resto das persoas usuarias dos xogos ou producir perturbacións na orde do establecemento.



Artigo 13. Dereitos e obrigas das empresas de xogo

1. Terán a consideración de empresas de xogo para os efectos do previsto nesta lei, as entidades dedicadas á fabricación, comercialización, distribución, importación, instalación, operación ou servizo técnico de material de xogo, as prestadoras de servizos de interconexión, as explotadoras de salóns de xogo, as comercializadoras e explotadoras de apostas, as dedicadas á explotación dos casinos ou das salas de bingo e calquera outra entidade dedicada con carácter xeral ou esporadicamente á explotación ou organización dos xogos regulados na presente lei.

2. As empresas de xogo terán os dereitos seguintes:

a) Determinar as condicións de acceso aos seus establecementos de xogo nos termos previstos no artigo 7.

b) Adoptar as medidas que consideren pertinentes para garantir o funcionamento do establecemento de xogo en condicións de seguridade e calidade.

c) Recibir o apoio das forzas e corpos de seguridade, nos termos previstos na súa normativa reguladora, para garantir a orde no exterior e/ou no interior do establecemento de xogo no caso de que se produzan incidentes que poidan poñer en perigo a seguridade das persoas e/ou dos bens, así como para perseguir condutas fraudulentas no desenvolvemento do xogo e para o exercicio do dereito de admisión.

d) Obter a información que precisen da Administración autonómica para o axeitado cumprimento das obrigas establecidas nesta lei.

3. As empresas de xogo terán as obrigas seguintes:

a) Facilitarlle ao órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo toda a información que este solicite para o cumprimento das súas funcións de control, coordinación e estatística. Sempre que sexa posible os datos remitidos estarán desagregados por sexos.

Como manifestación concreta desta obriga, as empresas que exploten máquinas de xogo, están obrigadas a presentar cando sexa solicitado polo órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo e respecto das máquinas que se lle indiquen, un certificado de laboratorio habilitado que



acredite que as ditas máquinas instaladas funcionan nas mesmas condicións e con idénticos requisitos consonte os que foron autorizadas e homologadas pola autoridade competente. Regulamentariamente establecerase o procedemento para a acreditación do funcionamento das máquinas instaladas nos termos indicados.

b) Realizar os controis de identificación das persoas usuarias dos xogos nos termos recollidos no artigo 8.

c) Ter nos establecementos de xogo as follas de reclamacións a disposición das persoas usuarias dos xogos.

d) Facilitarlle ao persoal inspector a realización das funcións de control e inspección que este teña asignadas.

e) Permitirlle ás persoas usuarias dos xogos finalizar o tempo de uso do xogo correspondente ao prezo da partida de que se trate.

f) Non deixar fóra de funcionamento as máquinas de xogo durante o horario de apertura ao público do establecemento de xogo ou do local habilitado para a práctica dos xogos, no que aquelas se atopen instaladas, cando iso provoque un menoscabo nos dereitos das persoas usuarias dos xogos, agás que conorra causa xustificada debidamente comunicada ao órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo.

g) Pagar os premios correspondentes de conformidade coa normativa aplicable.

h) Facilitarlle ás persoas usuarias dos xogos toda a información sobre o xogo e as súas normas e regras.

i) Facilitar a información que lle sexa solicitada sobre a práctica do xogo responsable.

j) Recibir e xestionar as queixas e reclamacións que se presenten.

k) Non poderán conceder préstamos nin calquera outra modalidade de crédito, nin conceder bonificacións, partidas gratuítas ou elementos canxeables por diñeiro ás persoas usuarias dos xogos.





l) Garantir que o persoal que realice as funcións de control de acceso estea en posesión da correspondente habilitación.

m) Informar, tanto nos establecementos de xogo como nas máquinas, na forma que se determine regulamentariamente, sobre a prohibición de acceso e uso polas persoas menores de idade e dos potenciais efectos prexudiciais do xogo.

n) Exhibir, de forma visible, nas entradas de público dos establecementos de xogo a indicación da prohibición de entrada ás persoas menores de idade e as restricións e condicións de acceso.

ñ) Non explotar as máquinas de xogo sen estar claramente visible nestas a documentación exigida no correspondente desenvolvemento regulamentario.


o) Desconectar a máquina de xogo cando se advirta unha avaría que implique o seu mal funcionamento e non fose susceptible de ser reparada no acto, así como advertir mediante información visible o feito de que a máquina estea avariada.

p) Expoñer de forma visible nos establecementos de xogo os principios de xogo responsable.

q) Trasladar as máquinas de xogo aos almacéns designados nas comunicacións dilixenciadas pola administración e no prazo nelas previsto.

r) Ter instalada na máquina e no establecemento a documentación exigida no correspondente desenvolvemento regulamentario.

s) Calquera outra obriga establecida nesta lei ou que se determine regulamentariamente.



Artigo 14. Réxime de intervención administrativa en materia de xogo

1. A organización e explotación das distintas modalidades de xogos previstos nesta lei, así como a fabricación, comercialización e distribución de material de xogo correspondente levarase a cabo exclusivamente por aquelas persoas físicas maiores de idade ou xurídicas, posuidoras da autorización correspondente.

As empresas fabricantes e importadoras, as empresas comercializadoras e distribuidoras, as empresas operadoras, as empresas de servizos técnicos, as empresas prestadoras de servizos de interconexión, as empresas titulares de salóns de xogo, as empresas de explotación do xogo do bingo e as empresas titulares de casinos deben contar coa correspondente autorización do órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo conxuntamente ao procedemento que se estableza regulamentariamente.

Así mesmo, a instalación de establecementos de xogo, a instalación de espazos de apostas regulados no artigo 36 e a instalación de máquinas de xogo estará sometida ao réxime de autorización previa.

Nas ditas autorizacións constará expresamente o sexo da persoa física solicitante ou do representante da persoa xurídica.

2. As autorizacións outórganse sempre que se cumpran os requisitos exixidos pola presente lei e as súas normas de desenvolvemento.

3. As autorizacións de instalación de establecementos de xogo outórganse por concurso público. A convocatoria do concurso publicarase no Diario Oficial de Galicia e incluírá as bases polas que ha de rexerse o dito concurso. As solicitudes presentadas valoraranse conforme aos criterios obxectivos recollidos nas bases do concurso, entre os que necesariamente deberán atoparse os seguintes:

- a) A calidade das instalacións e dos servizos complementarios
- b) O programa de investimentos
- c) A xeración de postos de traballo, o plan de formación do persoal e os recursos humanos con que se contará
- d) A tecnoloxía que se pretende adoptar para a organización e xestión dos xogos
- e) O sistema de control de acceso proposto



f) O plan de medidas para a mitigación de posibles efectos prexudiciais que poida producir o xogo sobre as persoas e as regras básicas, estratexias e compromisos de política de xogo responsable

g) O programa de responsabilidade social empresarial que inclúa medidas tendentes a acadar a igualdade por razón de xénero no concreto ámbito empresarial

h) O número de establecementos de xogo existentes no municipio no que se pretende instalar valorándose negativamente a excesiva concentración de establecementos de xogo no dito municipio

i) O número de autorizacións das que dispoña un mesmo titular, valorándose negativamente a posesión dun poder de mercado significativo

4. Calquera cambio de situación dos establecementos de xogo requirirá autorización previa do órgano de dirección competente en materia de xogo e unicamente poderá ser concedida nos supostos en que o novo emprazamento se sitúe no mesmo termo municipal co anterior. O establecemento obxecto de cambio de situación, non se considerará como un novo establecemento para os efectos do cómputo do número máximo de establecementos de xogo, pero deberá respectar o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente no momento da presentación da solicitude de cambio de situación. Se a autorización de instalación do establecemento tivese sido outorgada por concurso público, o cambio de situación só poderá autorizarse no caso de que o novo emprazamento permita o mantemento das circunstancias determinantes do outorgamento da autorización por concurso.

5. Así mesmo, as autorizacións de explotación de máquinas de xogo outorgaranse tamén por concurso público consonte ao procedemento que se estableza regulamentariamente.

6. Agás nos supostos de outorgamento das autorizacións por concurso público, as solicitudes de autorización tramitaranse e resolveranse de acordo cos requisitos e procedementos regulados nesta lei e nas súas disposicións regulamentarias. Nestes casos, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de tres meses, agás o disposto na presente lei para o xogo das rifas e das tómbolas. Transcorrido o devandito prazo sen que se tivese ditado e notificado resolución expresa, a autorización entenderase desestimada.

7. As autorizacións validamente outorgadas, agás as relativas ao xogo da rifa e da tómbola que terán a duración que se fixe na correspondente resolución de autorización, terán unha duración máxima de quince anos.






Sen prexuízo doutras causas de extinción que se poderán establecer regulamentariamente, as autorizacións extinguíranse transcorridos trinta días naturais consecutivos desde o cesamento da actividade que constituía o obxecto delas sen causa xustificada, a solicitude do titular do establecemento ou local no que se realice o xogo, a solicitude do titular da autorización correspondente ou transcorrido o prazo de duración máxima establecido no parágrafo anterior.

8. As autorizacións de instalación de establecementos de xogo e as autorizacións de explotación de máquinas de xogo non poderán ser obxecto de prórroga.

9. A instalación de terminais físicos accesorios de xogo e apostas realizados a través de canles electrónicas, informáticas, telemáticas, interactivas ou de comunicación a distancia de ámbito estatal non reservado, precisarán da previa autorización administrativa do órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo. A instalación dos citados terminais deberá respectar as limitacións contidas no artigo 38. O procedemento e requisitos para as ditas autorizacións establecerase regulamentariamente.

10. Igualmente precisarán de autorización autonómica todos os terminais de xogo estatais non incluídos nas exencións de autorización que se recollen na disposición adicional primeira da Lei 13/2011, de 27 de maio. Así mesmo, o procedemento e requisitos para as ditas autorizacións establecerase regulamentariamente.



Artigo 15. *Rexistros en materia de xogo*


1. O Rexistro de modelos é aquel no que se inscriben os modelos de máquinas e doutros aparellos de xogo, os sistemas de apostas e o material de casinos e bingos previamente homologados conforme ao procedemento e requísitos que regulamentariamente se establezan. Na inscrición do modelo especificarase, como mínimo, a denominación e as características xerais do modelo. A inscrición realizarase de oficio polo órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo, unha vez concedida a homologación correspondente.

2. O Rexistro de empresas de máquinas de xogo é aquel no que se inscriben as empresas fabricantes, importadoras, comercializadoras, distribuidoras, operadoras de máquinas de xogo e de servizos técnicos, prestadoras de servizos de interconexión e titulares de salóns recreativos conforme ao procedemento e requísitos que regulamentariamente se establezan. Na inscrición deberá constar, como mínimo, a identificación, o capital social e as fianzas depositadas. A inscrición realizarase de oficio polo órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo, unha vez concedida a autorización correspondente.

3. O Rexistro de establecementos autorizados é aquel no que se inscriben todos os establecementos de xogo autorizados conforme ao procedemento e os requísitos que regulamentariamente se establezan. Na inscrición deberá constar, como mínimo, a identificación do establecemento e o titular. A inscrición realizarase de oficio polo órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo, unha vez concedida a autorización correspondente.

4. O Rexistro de empresas de apostas é aquel no que se inscriben todas as empresas fabricantes e importadoras, comercializadoras e explotadoras de apostas conforme ao procedemento e os requísitos que regulamentariamente se establezan. Na inscrición deberá constar, como mínimo, a identificación, o capital social e as fianzas depositadas. A inscrición realizarase de oficio polo órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo, unha vez concedida a autorización correspondente.

5. O Rexistro de empresas de casinos de xogo é aquel no que se inscriben todas as empresas fabricantes e importadoras de material de casinos e as empresas titulares de casinos de xogo conforme ao procedemento e os requísitos que regulamentariamente se establezan. Na inscrición deberá constar, como





mínimo, a identificación, o capital social e as fianzas depositadas. A inscrición realizarase de oficio polo órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo, unha vez concedida a autorización correspondente.

6. O Rexistro de empresas do xogo do bingo é aquel no que se inscriben as empresas que realicen a explotación do xogo do bingo conforme ao procedemento e os requisitos que regulamentariamente se establezan. Na inscrición deberá constar, como mínimo, a identificación, o capital social e as fianzas depositadas. A inscrición realizarase de oficio polo órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo, unha vez concedida a autorización correspondente.



Artigo 16. *Homologación de material de xogo*

1. As máquinas recreativas e de azar, as máquinas e sistemas de apostas e todo o material de xogo de casinos e bingos, así como os distintos sistemas de interconexión e aparellos utilizados para a práctica das actividades reguladas nesta lei deben ser homologados polo órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo nos supostos e consonte o procedemento que regulamentariamente se estableza.

2. As máquinas recreativas e de azar, as máquinas e sistemas de apostas e calquera outro elemento para a práctica dos xogos regulados nesta lei debe contar coas marcas de fábrica nos supostos establecidos regulamentariamente.





TÍTULO I

Órganos e competencias




Artigo 17. Competencias do Consello da Xunta de Galicia

1. É competencia do Consello da Xunta de Galicia:

- a) A aprobación mediante decreto do Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) A planificación e a ordenación dos xogos na Comunidade Autónoma de Galicia dentro do necesario respecto á normativa estatal aplicable.
- c) A aprobación dos regulamentos especiais dos xogos incluídos no Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) O exercicio da potestade sancionadora nos termos establecidos nesta lei.
- e) Calquera outra competencia que lle sexa atribuída por esta norma ou no seu desenvolvemento regulamentario.

2. A planificación e a ordenación do xogo por parte da Administración autonómica establecerase regulamentariamente, sobre a base do disposto na presente lei, en atención ás razóns de interese xeral concorrentes, como a saúde pública, a orde pública, a protección da seguridade e da saúde das persoas consumidoras e a loita contra a fraude, coa finalidade de disciplinar as actividades de xogo de forma coherente, sistemática e proporcionada. Como mínimo teranse en conta as seguintes determinacións:

- a) A continxentación, no seu caso, das máquinas recreativas e de apostas, dos establecementos de xogo e do material de xogo que se pode instalar nestes.
- b) A determinación do volume e distribución xeográfica da oferta de xogo para evitar un sobre exceso desta, de acordo coa política de dimensionamento do xogo propia da Comunidade Autónoma en cada momento con arranxo a criterios que deberá ter en conta a realidade e a incidencia social.
- c) O establecemento dos criterios polos que se rexerá a concesión das autorizacións para o exercicio da actividade de xogo.





Artigo 18. Competencias da persoa titular da consellería competente en materia de xogo

É competencia da persoa titular da consellería competente en materia de xogo:

- a) O desenvolvemento dos regulamentos que aprobe o Consello da Xunta de Galicia na organización e materias propias do seu departamento e, se é o caso, a adopción de medidas necesarias para a súa execución.
- b) O exercicio da potestade sancionadora nos termos establecidos nesta lei.
- c) O outorgamento, denegación, extinción e renovación da autorización dos casinos de xogo.
- d) Presidir a Comisión de Xogo de Galicia.
- e) Calquera outra competencia que lle sexa atribuída por esta norma ou o seu desenvolvemento regulamentario.



Artigo 19. Competencias do órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo

Correspóndelle ao órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo:

- a) O outorgamento, denegación, extinción e renovación das autorizacións en materia de xogo, con excepción do previsto na letra c) do artigo anterior.
- b) A homologación do material de xogo.
- c) A inspección e control das actividades relacionadas co xogo e dos establecementos nos que se practiquen.
- d) O exercicio da potestade sancionadora nos termos establecidos nesta lei.
- e) A xestión dos correspondentes rexistros en materia de xogo e a elaboración das estatísticas en materia de xogo que sexan necesarias.
- f) A autorización da instalación e apertura das salas adicionais dos casinos de xogo, así como a modificación da autorización dos casinos de xogo e as súas salas adicionais.
- g) Calquera outra competencia que lle sexa atribuída por esta norma ou o seu desenvolvemento regulamentario e, en todo caso, as que sendo da competencia da consellería competente en materia de xogo, consonte o disposto nesta norma ou no seu desenvolvemento regulamentario, non estean atribuídas expresamente a outro órgano.



Artigo 20. Comisión de Xogo de Galicia

1. A Comisión de Xogo de Galicia é o órgano consultivo de estudo, coordinación e asesoramento sobre as actividades relacionadas coa práctica dos xogos no territorio da Comunidade autónoma galega. Estará presidida pola persoa titular da consellería competente en materia de xogo.

2. A Comisión de Xogo de Galicia é un órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia adscrito á consellería competente en materia de xogo.

3. Regulamentariamente determinárase a súa composición, organización e funcionamento.

A composición e organización desta comisión rexerase polo principio de paridade, tratará de garantir unha representación proporcionada entre homes e mulleres e nela estarán representadas, polo menos:

a) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente os representantes das consellerías competentes en materia de xogo, educación, sanidade, política social, xuventude e facenda.

b) Representantes do sector dos casinos, bingos, máquinas recreativas e apostas.

c) A Federación Galega de Municipios e Provincias.

d) As asociacións de persoas con adicción ao xogo máis representativas de Galicia.

e) As asociacións de persoas consumidoras e usuarias.

4. A persoa titular da consellería competente en materia de xogo e calquera órgano superior ou de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia poderán solicitar informe facultativo e non vinculante á Comisión de Xogo de Galicia naquelas materias relacionadas coas actividades reguladas nesta lei.

Os datos recollidos nos ditos informes, sempre que sexa posible, estarán desagregados por sexos.



TÍTULO II

Tipos de xogos





**XUNTA
DE GALICIA**

Artigo 21. *Xogos de casinos*


1. Son xogos propios dos casinos os que, conforme ás disposicións de desenvolvemento desta lei, só poidan practicarse nos establecementos autorizados como casinos de xogo e que, en consecuencia, figuren como exclusivos dos ditos establecementos de xogo no Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia.

En todo caso terán a consideración de xogos exclusivos de casinos os seguintes, incluídas as distintas variantes dos ditos xogos que se establezan regulamentariamente:

- a) Ruleta francesa
- b) Ruleta americana
- c) Bola ou boule
- d) Vinteun ou black jack
- e) Trinta e corenta
- f) Punto e banca
- g) Ferrocarril, baccara ou chemin de fer nas súas distintas modalidades
- h) Dados
- i) Póker
- j) Os desenvolvidos mediante máquinas de tipo C ou de azar

2. Unicamente nos casinos de xogo poderán organizarse e celebrarse torneos de calquera dos xogos propios destes establecementos de xogo.

3. O material de xogo dos casinos deberá ser obxecto de homologación e inscrición na sección correspondente do rexistro de modelos, consonte o procedemento establecido regulamentariamente. Tamén regulamentariamente fixaranse as condicións e procedemento para a súa modificación e posible convalidación.




Artigo 22. Xogo do bingo

1. O xogo do bingo desenvólvese mediante un proceso aleatorio de extracción de números conforme ás diferentes modalidades que prevea o Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. As unidades de xogo serán cartóns ou tarxetas, tanto en soporte físico como electrónico.
3. O xogo do bingo unicamente poderá practicarse nos establecementos autorizados como salas de bingo.
4. O material de xogo do bingo deberá ser obxecto de homologación e inscrición na sección correspondente do rexistro de modelos, consonte o procedemento establecido regulamentariamente. Tamén regulamentariamente fixaranse as condicións e procedemento para a súa modificación e posible convalidación.



Artigo 23. Xogos con máquinas recreativas ou de azar

1. O xogo con máquinas recreativas ou de azar consiste na introdución na máquina dun medio de pago, dos permitidos na normativa de desenvolvemento, o que produce o seu accionamento automático ou permite o seu accionamento manual, mecánico ou electrónico, iniciándose o xogo correspondente.
2. Son máquinas recreativas ou de azar, os aparellos de funcionamento manual ou automático que a cambio dun prezo lle permiten á persoa usuaria cos xogos un tempo de xogo e a posibilidade da obtención dun premio.
3. As máquinas recreativas ou de azar poderán permitir a participación dunha única persoa usuaria dos xogos ou de varias persoas simultaneamente.



Artigo 24. Clasificación de máquinas recreativas ou de azar

1. Para os efectos do seu réxime xurídico, as máquinas recreativas ou de azar reguladas nesta lei, clasifícanse nos seguintes tipos:

a) Máquinas tipo A especial: son aquelas que a cambio dun prezo lle permiten á persoa usuaria dos xogos un tempo de recreo, e eventualmente, obter un premio en diñeiro, en especie ou en forma de tickets, fichas, vales ou semellantes, con puntos cambiabes por obxectos ou diñeiro. Os premios outorgaranse conforme aos requisitos e os límites que regulamentariamente se establezan e, en todo caso, deberán ser inferiores aos previstos para as máquinas tipo B.

En todo caso terán a consideración de máquinas tipo A especial as máquinas que, baixo a denominación de grúas, cascadas ou denominacións semellantes, outorguen premios en metálico ou en especie nos termos indicados.

b) Máquinas tipo B ou recreativas con premio programado: son aquelas que a cambio dun prezo lle permiten á persoa usuaria dos xogos un tempo de lecer e eventualmente obter un premio de acordo co programa de xogo, cós límites que regulamentariamente se establezan.

c) Máquinas tipo B especial: son aquelas máquinas recreativas con premio programado de instalación exclusiva en salóns de xogo, bingos e casinos, que a cambio dun prezo lle permiten á persoa usuaria dos xogos un tempo de lecer e eventualmente obter un premio, conforme aos requisitos e os límites que regulamentariamente se establezan.

d) Máquinas tipo C ou de azar son aquelas de instalación exclusiva en casinos de xogo, que a cambio dun prezo de partida lle conceden á persoa usuaria dos xogos un tempo de uso ou de xogo e eventualmente un premio que dependerá sempre do azar e dentro dos límites que regulamentariamente se establezan. Para estes efectos, entenderase que existe azar cando as probabilidades de obtención de calquera símbolo, resultado, combinación ou premio non dependan dos resultados das partidas anteriores ou posteriores ou da habilidade da persoa usuaria dos xogos.

2. O Consello da Xunta de Galicia poderá, mediante decreto, incorporar á clasificación anterior outros tipos de máquinas que, polas súas características ou polo feito de combinar modalidades, elementos ou mecanismos de



diferentes xogos autorizados, non estivesen comprendidas nos tipos previstos no número anterior.

3. Regulamentariamente fixaranse as condicións de instalación e interconexión das máquinas así como o número e tipo de xogos permitidos. En todo caso, poderán interconectarse as máquinas de tipo B entre si e coas B especial, as máquinas B especial entre si e coas de tipo B e as máquinas de tipo C entre si.

4. O número de autorizacións de explotación de máquinas de tipo B queda limitado na Comunidade Autónoma de Galicia a un máximo de 12.000.

Artigo 25. Homologacións, inscricións e modificacións de máquinas recreativas e de azar

1. As máquinas recreativas e de azar deberán ser obxecto de homologación e inscrición na sección correspondente do Rexistro de modelos de máquinas, consonte o procedemento establecido regulamentariamente.
2. A homologación das máquinas recreativas e de azar validamente concedida noutra Comunidade Autónoma ou noutro país membro do espazo económico europeo poderá ser convalidada na Comunidade Autónoma de Galicia sempre que as condicións técnicas das ditas máquinas sexan substancialmente iguais e segundo o procedemento que se fixe regulamentariamente.
3. As modificacións dos modelos de máquinas poderán consistir en modificacións substanciais ou non substanciais.
4. Enténdese por modificación substancial, aquela alteración dos elementos do modelo previamente inscrito que afecte, de forma directa, ao prezo da partida, ao programa de xogo ou ao seu plan de ganancias. Os ditos extremos, deberán ser acreditados, de forma concreta, mediante informe de laboratorio habilitado achegado pola persoa solicitante da modificación.

Toda modificación substancial requirirá da autorización previa do órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo. En consecuencia, só poderán comercializarse e explotarse máquinas de modelos modificados substancialmente a partir da data da notificación á persoa solicitante da citada autorización de modificación substancial.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de tres meses. Transcorrido o dito prazo sen ditarse e notificarse resolución expresa a solicitude entenderase desestimada.



No procedemento de autorización de modificacións substanciais de modelos de máquinas serán de aplicación os mesmos requisitos e trámites previstos regulamentariamente para o procedemento de homologación e inscrición. Nestes supostos, logo de autorizada previamente esta modificación, manterase a efectos rexistrais o mesmo número de modelo, engadíndolle a continuación e por orde alfabético a letra que corresponda á específica modificación autorizada.



5. Enténdese por modificación non substancial do modelo, aquela alteración que afecte aos elementos e dispositivos diferentes dos previstos no número 4

As modificacións non substanciais deberán ser comunicadas ao órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo, con carácter previo á súa realización, acompañando a seguinte documentación:

- a) Un informe de laboratorio habilitado acreditativo de que a modificación é non substancial.
- b) A memoria explicativa asinada pola persoa solicitante da modificación.
- c) Xustificante acreditativo do pago da taxa administrativa correspondente.

Artigo 26. *Xogo da rifa*

1. Enténdese por xogo da rifa, aquela modalidade que consiste no sorteo dun ou varios bens ou servizos previamente determinados entre diversas persoas que previamente adquirisen papeletas ou billetes. O importe de cada papeleta ou billete deberá ser o mesmo e o importe total das papeletas ou billetes emitidos deberá ser, como mínimo, igual ao valor dos bens ou servizos sorteados. As papeletas ou billetes deberán estar numerados correlativamente ou diferenciados entre si de calquera outra forma. Os premios non poderán consistir en diñeiro en metálico nin poderán ser substituídos por diñeiro.

Cando os números premiados das rifas se fagan coincidir cos números correspondentes a sorteos da ONCE ou da Sociedade Estatal Loterías e Apostas do Estado, o número de papeletas ou billetes deberá ser como mínimo igual ao dunha serie das fixadas nos ditos sorteos.

2. O número premiado poderá ser o que resulte dun sorteo específico realizado de forma pública e transparente ou o que coincida co que resulte doutro sorteo autorizado pola Administración autonómica ou estatal.

3. A realización dunha rifa está suxeita a autorización administrativa. A solicitude deberá ser dirixida ao órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo cunha antelación mínima de 30 días á data de inicio da venda ou distribución das papeletas ou billetes. Na solicitude deberán constar os seguintes datos:



a) Identificación da persoa física ou xurídica que presenta a solicitude coa indicación do sexo da persoa física ou do representante da persoa xurídica.

b) Data de realización do sorteo.

c) Número e características das papeletas ou billetes con indicación do importe unitario.

d) Ámbito territorial que abrangue.

e) Relación detallada dos premios que se outorgarán, con expresión do seu valor e a forma de adxudicación ás persoas gañadoras, así como o lugar onde se atopan os bens mobles. Se se trata de bens inmobles indicárase a situación da finca, os seus límites, extensión, cargas e datos rexistrals, así como tamén

a forma de entrega do premio e calquera tipo de gastos que deba satisfacer a persoa gañadora. No suposto no que os premios consistan en viaxes deberánse especificar os servizos que se inclúen. Igualmente se os premios consisten en vehículos deberase indicar a quen corresponde o pago do imposto especial sobre determinados medios de transporte ou calquera outro tipo de tributo que sexa aplicable.

f) Lugar onde se vai realizar o sorteo.

g) Destino dos beneficios obtidos pola realización da rifa.

h) Relación detallada das persoas designadas para vender as papeletas ou billetes con indicación do sexo de cada unha delas.

4. Coa solicitude de autorización debe achegarse a seguinte documentación:


a) Acreditación da representación no caso de que se actúe por medio de representante.

b) Bases ás que deberá axustarse a realización da rifa.

c) Copia da documentación que acredite a titularidade por parte da persoa organizadora dos premios que se van sortear ou documento acreditativo da constitución de garantía pola contía do seu valor.

5. Presentada a solicitude e a documentación sinalada, o órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo ditará e notificará resolución de autorización ou denegación no prazo máximo de 15 días desde a data en que a solicitude tivo entrada no rexistro do órgano competente para resolver.

6. Se no prazo indicado non se ditou e notificou a resolución, a persoa física ou xurídica interesada pode considerala desestimada.



Artigo 27. Xogo da tómbola

1. O xogo da tómbola consiste na adquisición por un prezo certo dun sobre ou papeleta que deberá conter ocultos números, símbolos ou textos, que determinen a adquisición do premio, no caso de premio instantáneo, ou que determinen a adquisición de puntos, cando a obtención do premio se obteña pola suma de puntos ata acadar unha cifra determinada.

2. O premio do xogo da tómbola deberá ser un ou varios obxectos e en ningún caso unha cantidade en metálico. O premio non poderá substituírse por diñeiro.

3. A realización dunha tómbola está suxeita a autorización administrativa. A solicitude deberá ser dirixida ao órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo cunha antelación mínima de 30 días á data de realización do dito xogo. Na solicitude deberán constar os seguintes datos:

a) Identificación da persoa física ou xurídica que presenta a solicitude con indicación do sexo da persoa física ou do representante da persoa xurídica.

b) Data de realización do xogo.

c) Número e características dos sobres ou papeletas con indicación do prezo unitario.

d) Ámbito territorial que abrangue.

e) Relación detallada dos premios que se outorgarán, con expresión do seu valor e a forma de adxudicación ás persoas gañadoras, así como o lugar onde se atopen os bens mobles. No suposto en que os premios consistan en viaxes deberánse especificar os servizos que se inclúen. Igualmente se os premios consisten en vehículos deberase indicar a quen corresponde o pago do imposto especial sobre determinados medios de transporte ou calquera outro tipo de tributo que sexa aplicable.

f) Lugar onde se vai realizar a tómbola.

g) Destino dos beneficios obtidos pola realización do xogo da tómbola.

h) Relación detallada das persoas designadas para vender as papeletas ou sobres con indicación do sexo de cada unha delas.



4. Coa solicitude de autorización debe achegarse a seguinte documentación:

a) Acreditación da representación no caso de que se actúe por medio de representante.


b) Bases ás que deberá axustarse a realización do xogo da tómbola.

c) Copia da documentación que acredite a titularidade por parte da persoa organizadora dos premios que se van sortear ou documento acreditativo da constitución de garantía pola contía do seu valor.

5. Presentada a solicitude e a documentación sinalada, o órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo ditará e notificará resolución de autorización ou denegación no prazo máximo de 15 días desde a data en que a solicitude tivo entrada no rexistro do órgano competente para resolver.

6. Se no prazo indicado non se ditou e notificou a resolución, a persoa física ou xurídica interesada pode considerala desestimada.

7. Nos supostos do xogo da tómbola organizado por colectivos de feirantes con ocasión de festas e verbenas populares, estes poderán presentar unha única solicitude na que especifiquen as datas e os lugares nos que terá lugar a devandita actividade ao longo do ano e demais extremos previstos no número 3, achegando a documentación do número 4. Neste caso ditarase unha única resolución de autorización que abranguerá todas as tómbolas incluídas na solicitude e realizadas polo solicitante durante o ano. A solicitude deberá presentarse cunha antelación de 7 días ao inicio da primeira festa ou verbena popular na que se pretenda celebrar a tómbola suxeita a autorización e a resolución ditarase e notificarase no prazo de 3 días posteriores á entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para resolver.



Artigo 28. *Xogo de apostas*

1. Enténdese por aposta aquela actividade pola que se arrisca unha cantidade de diñeiro sobre os resultados dun acontecemento previamente determinado, de desenlace incerto e alleo ás persoas que interveñen nela.

2. A organización e os requisitos destes xogos serán obxecto de desenvolvemento regulamentario. Só poderá ser obxecto de comercialización e explotación na Comunidade Autónoma de Galicia o material de apostas que se atope previamente homologado e inscrito no Rexistro de apostas da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. As máquinas de apostas son aquelas destinadas especificamente á formalización deste tipo de xogo. Poden ser de dous tipos: terminais de expedición, que son aquelas manipuladas por unha persoa operadora da empresa ou do establecemento no que se atopen instaladas ou máquinas auxiliares de apostas, que son aquelas operadas directamente polas persoas usuarias dos xogos.

A empresa comercializadora e explotadora de apostas, será responsable do cumprimento da obriga de incorporar e manter na máquina auxiliar de apostas a documentación exixida regulamentariamente.

4. Toda modificación dos modelos de máquinas de apostas e dos sistemas utilizados para a comercialización e explotación das apostas que se atopen inscritos no Rexistro de apostas da Comunidade Autónoma de Galicia, precisará autorización do órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo, agás os supostos de modificacións non substanciais que só deberán ser comunicadas ao órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo acompañadas da seguinte documentación:

a) Informe de laboratorio habilitado acreditativo das modificacións efectuadas e de que estas teñen o carácter de non substanciais, así como do cumprimento dos requisitos especificados regulamentariamente.

b) Acreditación do pago da taxa administrativa correspondente.

Terá o carácter de modificación substancial aquela que afecte aos boletos ou resgardos das apostas no suposto de máquinas de apostas, e a versión consonte a que foi homologado o sistema utilizado para a comercialización e





explotación das apostas no caso dos sistemas. O resto de modificacións terán o carácter de non substancial.





TÍTULO III

Locais habilitados para a práctica dos xogos



Artigo 29. Establecementos de xogo

1. Terán a consideración de establecementos de xogo aqueles locais que, reunindo os requisitos exixidos nesta lei e nas disposicións regulamentarias que a desenvolven, sexan expresamente autorizados para a práctica dos xogos permitidos.

2. Son establecementos de xogo os seguintes:

- a) Casinos.
- b) Salas de bingo.
- c) Salóns de xogo.
- d) Tendas de apostas.

3. Regulamentariamente determinaranse as condicións de funcionamento dos establecementos de xogo, as prohibicións de acceso, así como as distancias e zonas de influencia nas que non poderán situarse novos establecementos para a práctica dos xogos permitidos.

Queda prohibida a apertura de calquera establecemento de xogo, cuxa autorización corresponda outorgar á Administración autonómica, a unha distancia inferior a 300 metros dos centros oficiais que impartan ensino regrado a menores de idade e dos centros oficiais de rehabilitación de persoas xogadores patolóxicas, e a 300 metros de calquera outro establecemento de xogo xa autorizado ou respecto dos cales estea en tramitación o procedemento de outorgamento da autorización, incluídos os espazos de apostas en recintos deportivos e feirais. Estas distancias serán medidas radialmente.

Entenderase por distancia radial a medida do radio dunha circunferencia cuxo centro sexa a localización xeográfica do establecemento que se pretende instalar.

Enténdese por centro oficial o que conste recoñecido como tal pola consellería correspondente respecto da concreta materia de que se trate.

Non será de aplicación o requisito de distancias previsto na presente lei cando a apertura do centro de ensinanza o do centro oficial de rehabilitación de

persoas xogadoras patolóxicas, sexa posterior á data da autorización do establecemento de xogo.

Así mesmo, os concellos poderán establecer de forma proporcionada e xustificada outros límites, requisitos ou características adicionais, para a apertura de establecementos previstos neste artigo, baseándose nas súas competencias de organización, dirección e control da ocupación e a utilización do solo e para velar pola protección do entorno urbano e a calidade de vida e a cohesión social da poboación, a través do planeamento urbanístico e das súas ordenanzas. Especificamente, polos motivos indicados, os concellos poderán establecer prohibicións, limitacións ou restricións destinadas a evitar a excesiva concentración de establecementos de xogo ou garantir a súa coexistencia con outras actividades humanas ou sociais.

A Administración pública autonómica terá en conta estas distancias nos distintos plans de instalación de centros oficiais de ensino e de centros oficiais de rehabilitación aos que fai referencia este artigo.

4. O órgano competente para autorizar o establecemento de xogo comunicará á persoa interesada, logo da súa consulta, nun prazo máximo de 15 días se a localización pretendida cumpre coas distancias de xogo exixidas. Esta comunicación refírese á data en que se notifica á persoa interesada e non constitúe nin xera dereito ningún para instalar o local obxecto de consulta, nin reserva o dito emprazamento.

5. Nos establecementos de xogo poderanse organizar ademais para as persoas usuarias rifas e tómbolas ás que se refire a presente lei, seguindo o procedemento e os requisitos establecidos para este tipo de xogos.

6. A organización e distribución interna dos diferentes elementos de xogo en cada concreto establecemento de xogo corresponderá exclusivamente á persoa titular do establecemento sen prexuízo do cumprimento do resto de normativa sectorial aplicable aos ditos establecementos de xogo.

7. Os establecementos de xogo terán carácter independente e non poderán estar comunicados entre si nin con ningún outro establecemento aberto ao público. Poderán, non obstante, situarse en establecementos comerciais de carácter colectivo regulados pola Lei 10/2013, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, sempre que manteñan a súa diferenciación e non se comuniquen entre si nin co resto de establecementos comerciais integrados no establecemento colectivo.

Artigo 30. Casinos

1. Terán a consideración legal de casinos os establecementos de xogo que, reunindo os requisitos exixidos sexan autorizados, consonte o que dispón o artigo 14, para a práctica dos xogos especificados no Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia como exclusivos de casinos.

Así mesmo, poderán practicarse nos casinos outros xogos dos incluídos no dito Catálogo de xogos e permitirse a instalación de calquera terminal de xogo cuxa autorización corresponda outorgar á Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Unicamente autorizarase a instalación dun casino en cada provincia da Comunidade Autónoma de Galicia que, en todo caso, deberá contar, cun radio de 25 km desde o lugar da súa localización medidos en liña recta, cun asentamento de poboación superior aos 300.000 habitantes.

3. Poderá autorizarse, respecto de cada un dos casinos de xogo autorizados, a instalación dunha sala adicional que, formando parte do casino, se atope localizada fóra do recinto ou complexo onde estea situado este pero dentro da mesma provincia e nas condicións que regulamentariamente se determinen. En todo caso, o número de mesas en funcionamento da sala adicional non pode superar, en ningún momento, o 80% do número de mesas en funcionamento do casino do que forme parte, en adiante casino matriz.

A devandita sala funcionará como apéndice do casino matriz. Nela poderán practicarse todos os xogos para cuxa práctica estea habilitado o dito casino.

4. Todos os casinos matriz e as salas adicionais deberán contar cun rexistro de admisión e un servizo de control de acceso.

5. As autorizacións de instalación dos casinos de xogo e as súas salas adicionais constarán inscritas no Rexistro de Casinos consonte ao disposto regulamentariamente.

Artigo 31. Modificacións dos casinos

1. Todas as modificacións relativas a aspectos recollidos na resolución de autorización de instalación, así como o peche temporal do casino por máis de trinta días naturais consecutivos, requirirán autorización previa do órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo. A autorización de modificación non suporá ampliación do período de vixencia da autorización de instalación outorgada no seu día.

2. Calquera variación dos datos que consten no certificado de inscrición no Rexistro de casinos de xogos distinta das recollidas no número 1, deberá ser comunicada ao órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo no prazo máximo dun mes desde que se produzan e deberase achegar coa devandita comunicación a documentación acreditativa dos cambios comunicados. Se a comunicación non reúne os requisitos exixidos ou non se achegan os documentos preceptivos, requirirase á interesada para que, nun prazo de dez días, emende a comunicación ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixera, terase a comunicación por non realizada.



Artigo 32. Salas de bingo

1. Terán a consideración de salas de bingo os establecementos de xogo autorizados especificamente para a práctica deste xogo, consonte ao disposto no artigo 14.
2. As salas de bingo deberán contar cun rexistro de admisión e un servizo de control de acceso.
3. A explotación dunha sala de bingo require a obtención previa da autorización de instalación.
4. As salas de bingo non poderán ter un aforo inferior a 100 persoas e o aforo máximo non poderá superar o que permita o establecemento. Estarán diferenciadas por categorías segundo o que se especifique regulamentariamente.
5. Nas salas de bingo poderán instalarse máquinas recreativas de tipo A especial, B, B especial, máquinas de apostas e os terminais de xogo de ámbito estatal non reservado cuxa autorización corresponda outorgar á Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén poderán realizarse tómbolas ou rifas consonte aos requisitos e normativa aplicable a este tipo de xogos.
6. Limitase a 12 o número máximo de salas de bingo que se poderán autorizar no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia



1

Artigo 33. Modificacións das salas de bingo

1. Requirirán autorización previa:


a) Os cambios de localización da sala de bingo nos supostos especificados no artigo 14.

b) O peche da sala por máis de 30 días naturais consecutivos agás que o período de funcionamento se limitase a unha tempada concreta segundo a autorización.

c) A transmisión da titularidade da autorización de instalación.

d) As modificacións substanciais da sala, entendendo por tales as que supoñan un cambio de categoría da sala, amplíen o diminúan a superficie útil da sala, afecten ás condicións de seguridade ou todas aquelas que non teñan a consideración de non substancial de conformidade co número seguinte.

2. Terá a consideración de non substancial calquera cambio de configuración do espazo de xogo que non afecte ás condicións básicas do proxecto autorizado. Os cambios non substanciais deberán ser comunicado ao órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo con carácter previo á súa realización.



Artigo 34. *Salóns de xogo*

1. Terán a consideración de salóns de xogo os establecementos de xogo autorizados consonte o disposto no artigo 14, para explotar neles máquinas de tipo A especial, B e B especial, máquinas de apostas e os terminais de xogo cuxa autorización corresponda outorgar á Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén poderán realizarse tómbolas ou rifas consonte aos requisitos e normativa aplicable a este tipo de xogos.
2. Os salóns de xogo deberán contar cun servizo de control de acceso.
3. A explotación dun salón de xogo require a obtención previa da autorización de instalación outorgada polo órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo.
4. Limitase a 118 o número máximo de salóns de xogo que se poderán autorizar no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.



Artigo 35. Tendas de apostas

1. Terán a consideración de tendas de apostas os establecementos de xogo que sexan autorizados consonte o disposto no artigo 14 e de forma exclusiva para a comercialización e explotación de apostas de ámbito autonómico. Nelas poderán instalarse tamén terminais de xogo de apostas cuxa autorización corresponda outorgar á Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén poderán realizarse tómbolas ou rifas consonte aos requisitos e normativa aplicable a este tipo de xogos.
2. As tendas de apostas deberán contar cun servizo de control de acceso.
3. A explotación dunha tenda de apostas require a obtención previa da autorización de instalación.
4. Os requisitos de autorización das tendas de apostas determinaranse regulamentariamente.
5. Limitase a 41 o número máximo de tendas de apostas que se poderán autorizar no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.





Artigo 36. *Espazos de apostas*

1. Poderán autorizarse espazos de apostas en casinos, salas de bingo, salóns de xogo e recintos deportivos e feirais.
2. Os requisitos de autorización dos espazos de apostas determinaranse regulamentariamente.
3. Nos espazos de apostas poderán instalarse unicamente máquinas de apostas cos límites que se fixen regulamentariamente.



Artigo 37. Modificacións dos salóns de xogo, das tendas e dos espazos de apostas


1. Requirirán autorización previa do órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo as modificacións que impliquen unha alteración substancial dos planos achegados no seo do procedemento de autorización de instalación dos establecementos de xogo aos que se refire o artigo 28.2, debendo acompañarse coa solicitude correspondente os novos planos de reforma redactados por técnico competente e visados polo colexio oficial correspondente, nos supostos en que proceda.

2. Tamén requirirán autorización previa os seguintes supostos:

- a) a suspensión do funcionamento do salón de xogo, da tenda de apostas ou do espazo de apostas por mais de 30 días naturais consecutivos
- b) a transmisión da titularidade da autorización de instalación
- c) o cambio de localización do establecemento nos supostos especificados no artigo 14.

3. As restantes modificacións consideraranse non substanciais, especialmente as que supoñan unha mera redistribución interior de espazos, pequenas melloras ou de simple decoración e variación na modalidade ou no número de máquinas autorizadas, sempre que neste último caso sexan respectados os límites máximos e mínimos que para cada tipo de máquinas se fixen regulamentariamente.

As ditas modificacións deben ser comunicadas ao órgano autonómico competente en materia de xogo con carácter previo á súa realización acompañando o plano xustificativo da nova redistribución e memoria acreditativa dos cambios efectuados.



Artigo 38. Limitacións á instalación de terminais físicos de xogo

1. Tendo en conta os efectos nocivos do xogo, para a salvagarda das razóns imperiosas de interese xeral da orde pública, a saúde pública, a protección da seguridade e a saúde dos consumidores, a protección do medio ambiente e do entorno urbano e os obxectivos da política social, con singular atención aos relacionados coa protección de menores, todo isto no marco das competencias da Comunidade Autónoma nas materias citadas, e, en especial, en urbanismo, comercio interior e espectáculos públicos e actividades recreativas, queda prohibida a instalación de terminais físicos que permitan a participación en xogos cuxa autorización corresponda outorgar á Comunidade Autónoma de Galicia agás nos seguintes establecementos:

1º. Nos regulados na presente lei como establecementos de xogo de competencia autonómica e os espazos de apostas en recintos deportivos e feirais.

2º. Nos establecementos de xogo accesibles ao público abertos pola Sociedade Estatal Loterías y Apuestas del Estado, pola Organización Nacional de Ciegos Españoles (ONCE).

3º. Nos establecementos de restauración e de ocio e entretemento, sempre que a instalación dos indicados terminais físicos de xogo sexa meramente marxinal e complementaria en relación coa actividade principal do establecemento de tal modo que non interfira con ela ou a substitúa ou desnaturalice.

Entenderase que a actividade de xogo resulta meramente marxinal e complementaria cando o número de terminais físicos de xogo instalados no establecemento non supere o número de dous.

3. A instalación de terminais físicos de xogo de competencia estatal cuxa autorización corresponda outorgar á Comunidade Autónoma segundo o disposto no artigo 14 respectará a planificación que se aprobe polos órganos competentes.

4. Os terminais físicos que permitan a participación en xogos que se instalen en establecementos de restauración e de ocio e entretemento e cuxa instalación estea suxeita á autorización da Administración autonómica distintos dos terminais de máquinas de tipo B, e en espazos de apostas localizados en recintos deportivos e feirais, deberán dispoñer de sistemas ou

mecanismos que impidan a participación nos xogos de persoas menores de idade, que deberán cumprir os requisitos e condicións que se establezan regulamentariamente. Os terminais de máquinas de tipo B que se instalen en establecementos de restauración e de ocio e entretemento, atendendo á natureza destes xogos, deberán dispoñer dos indicados sistemas ou mecanismos de control cando o titular do establecemento así o exixa á empresa de xogo para facilitar o seu labor de control.

5. Nos establecementos de restauración e de ocio e entretemento unicamente poderá autorizarse a instalación de máquinas de tipo A especial, de máquinas tipo B, terminais físicos de xogo de ámbito estatal non reservado e máquinas auxiliares de apostas.

6. As persoas usuarias dos xogos destes establecementos terán dereito a formalizar as súas queixas e reclamacións conforme ao establecido na normativa en materia de defensa das persoas consumidoras e usuarias.

As persoas titulares dos establecementos de restauración e de ocio e entretemento serán responsables de ter a disposición das persoas usuarias dos xogos as follas de reclamacións e de impedir que as persoas menores de idade poidan utilizar as máquinas, tanto recreativas como de apostas, que figuren instaladas nos ditos establecementos.

7. Regulamentariamente poderá limitarse o número total das máquinas autorizables nos establecementos de restauración e de ocio e entretemento. En todo caso o número total de autorizacións para a instalación de máquinas auxiliares de apostas neste tipo de establecementos non poderá superar as 3.600.

8. Nos establecementos de restauración e de ocio e entretemento tamén poderán realizarse tómbolas ou rifas consonte aos requisitos e normativa aplicable a este tipo de xogos.






TÍTULO IV
Empresas de xogo



Artigo 39. Requisitos xerais das empresas de xogo

1. As empresas titulares de casinos deberán estar constituídas baixo a forma de sociedade mercantil e ter un capital social mínimo equivalente ao produto resultante de multiplicar a capacidade da sala principal pola cantidade de 18.000 € cun límite máximo de 3.000.000 €. Deberán estar en posesión da correspondente autorización e estar inscritas no Rexistro de empresas de casinos de Xogo da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. As empresas que pretendan a xestión e explotación do xogo do bingo deberán estar constituídas baixo a forma de sociedade mercantil, e ter un capital social mínimo de 30.000 €. Deberán estar inscritas na sección de empresas do Rexistro do xogo do bingo.
3. As empresas dedicadas á fabricación, comercialización, distribución, importación, instalación, operación ou servizo técnico de material de xogo, ou prestadoras de servizos de interconexión, así como as empresas dedicadas á explotación de salóns de xogo que desenvolvan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, a súa actividade relacionada cos xogos de competencia autonómica, deberán estar constituídas baixo a forma de sociedade mercantil e ter un capital social mínimo de 30.000 €. Deberán estar inscritas no Rexistro de empresas de máquinas de xogo.
4. As empresas comercializadoras e explotadoras de apostas deberán estar constituídas baixo a forma de sociedade mercantil e ter un capital social mínimo de 2.000.000 €. Deberán estar inscritas no Rexistro de empresas de apostas da Comunidade Autónoma de Galicia.



Artigo 40. *Fianzas*

1. Todas as empresas de xogo que desenvolvan a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia en relación co xogo de competencia autonómica deberán dispoñer dunha fianza na contía que se determine regulamentariamente e co límite máximo de 750.000 €. Considerarase que exercen a súa actividade no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia unha vez obteñan a autorización correspondente que lles habilita para o devandito exercicio.
2. A fianza prestada quedará afecta ás responsabilidades e ao cumprimento das obrigas que se deriven do réxime sancionador previsto nesta lei e ao cumprimento das obrigas derivadas dos tributos autonómicos específicos en materia de xogo.
3. As fianzas poderán ser constituídas en metálico, aval de entidades bancarias ou de sociedades de garantía recíproca, contrato de seguro de caución ou crédito ou outra garantía suficiente.
4. As fianzas permanecerán vixentes ata que o órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo autorice a súa cancelación.
5. A fianza debe manterse na contía exixida regulamentariamente. Se se producise a diminución na contía da fianza, por calquera circunstancia, a persoa ou entidade que a constituíse deberá completala ata acadar a contía obrigatoria no prazo que en cada caso se estableza regulamentariamente, ou a falta deste, no prazo dun mes a contar dende a data da súa diminución. De non completarse a fianza no dito prazo, incoarase o expediente de revogación da autorización.
6. Calquera variación da fianza inicialmente constituída precisará autorización do órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo.



Artigo 41. Modificacións da autorización

1. Calquera modificación societaria que non afecte aos requisitos acreditados para o outorgamento da autorización, deberán ser comunicadas ao órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo acompañando a documentación acreditativa dos cambios producidos e no prazo dun mes dende a súa efectiva materialización.

2. Calquera outra modificación societaria que afecte aos requisitos acreditados para o outorgamento da autorización exixirán unha resolución de modificación da autorización.



TÍTULO V

Inspección e réxime sancionador

Artigo 42. Inspección

1. A inspección, vixilancia e control das actividades de xogo correspóndelle á consellería competente en materia de xogo e será desenvolvida polo persoal funcionario que ocupe postos de traballo que teñan asignadas tales funcións.

A tal efecto aprobarase un Plan de Inspección no cal se especificarán as tarefas da inspección co obxecto de verificar o cumprimento das condicións sinaladas pola normativa correspondente en materia de xogo.

O órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo poderá requirir a colaboración da Unidade da policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, da policía local e dos membros dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado nas tarefas de inspección nos termos previstos na normativa reguladora aplicable.

2. Ao persoal de inspección correspóndelle as funcións seguintes:

- a) A vixilancia do cumprimento do previsto nesta lei e nas disposicións regulamentarias.
- b) O descubrimento e persecución do xogo clandestino.
- c) Levantar as pertinentes actas de inspección.
- d) A emisión de informes e asesoramento relacionados coa función de inspección en materia de xogo.
- e) As demais funcións de natureza inspectora que regulamentariamente se determinen.

3. As persoas que exerzan as funcións de inspección poderán entrar libremente en calquera momento e sen previo aviso en todo establecemento de xogo así como naqueles locais, recintos, lugares ou inmobles abertos ao público nos que se desenvolvan actividades de xogo, a excepción expresa de entrada en domicilio e restantes lugares cuxo acceso requira o consentimento da persoa titular ou autorización xudicial. Ao efectuar a súa visita o persoal de inspección



deberá identificarse como persoal de inspección dependentes da Administración autonómica presentando a correspondente acreditación e a súa actuación deberá rexerse por criterios de impacto mínimo na actividade do establecemento inspeccionado.

4. O persoal da inspección de xogo terá a consideración de agente da autoridade no exercicio das súas funcións. Estará facultado para acceder e examinar as máquinas, material de xogo e aquela documentación administrativa que poida servir de información para o mellor desenvolvemento das súas funcións.

5. Os feitos constatados polo persoal de inspección deberán reflectirse nunha acta na que se consignarán todas e cada unha das circunstancias que sexan precisas para a mellor constatación dos feitos obxecto da inspección e nas que as persoas interesadas poderán facer constar as súas observacións e a súa disconformidade. A acta será asinada polas persoas comparecentes sen que a súa sinatura implique a aceptación do contido da acta. No caso de negativa das persoas comparecentes a asinar a acta, esta será igualmente válida. Entregarase ás persoas comparecentes unha copia da acta. As actas nas que, observándose os requisitos legais correspondentes, se recollan os feitos constatados polos inspectores farán proba destes, agás que se acredite o contrario.





Artigo 43. Regras xerais aplicables ao réxime sancionador

1. Son infraccións administrativas en materia de xogo as accións e omisións tipificadas nesta lei. As disposicións regulamentarias que a desenvolvan poderán introducir gradacións ou especificacións ao cadro de infraccións previstas nesta lei que, sen constituír novas infraccións, nin alterar a natureza ou os límites das que contempla esta lei, contribúan á unha máis correcta identificación das condutas.

2. As infraccións en materia de xogo clasifícanse en moi graves, graves e leves.



Artigo 44. Infraccións moi graves

Son infraccións moi graves:

- a) A organización, práctica, celebración ou explotación dos xogos regulados nesta lei e incluídos no Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia carecendo da preceptiva autorización así como a práctica destes xogos e actividades en establecementos ou locais distintos dos permitidos.
- b) A organización, práctica, celebración ou explotación de xogos á marxe dos requisitos e condicións establecidas nesta lei así como a organización, práctica, celebración ou explotación dos xogos non previstos no Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia sempre que non constitúa infracción grave ou leve.
- c) A comercialización, distribución e utilización do material para a práctica das actividades reguladas nesta lei sen posuír a correspondente homologación.
- d) A substitución, alteración ou manipulación fraudulenta dos sistemas técnicos e do material previamente homologado.
- e) Reducir o capital social das empresas de xogo por debaixo dos límites establecidos no artigo 39 e os previstos nas normas regulamentarias ás que remite o dito precepto, agás que se restableza no prazo das 48 horas seguintes á súa redución.
- f) A instalación e explotación de máquinas ou calquera elemento para a práctica dos xogos regulados nesta lei carentes das marcas de fábrica ou a alteración ou inexactitude de tales marcas.
- g) A manipulación dos xogos ou do material de xogo previamente homologado, tendente a alterar a distribución de premios e porcentaxes establecidos para o concreto xogo de que se trata.
- h) A concesión de préstamos ás persoas usuarias dos xogos nos lugares nos que se practique o xogo.
- i) A utilización ou achega de datos, non conformes coa realidade, ou de documentos falsos ou alterados, para obter autorizacións e inscricións ou para atender requirimentos efectuados polo órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo.



- j) Carecer dun sistema de control de acceso nos supostos exixidos nesta norma.
- k) Permitir as persoas titulares dos establecementos de xogo previstos no artigo 29 a entrada ou a práctica das actividades de xogo ás persoas menores de idade ou ás persoas que consten inscritas no Rexistro de prohibidos da Comunidade autónoma de Galicia.
- l) Permitir, as persoas titulares dos establecementos previstos no artigo 38, a práctica de actividades de xogo por persoas menores de idade nos ditos establecementos.



Artigo 45. *Infraccións graves*

Son infraccións graves:

- a) A participación nos xogos das persoas que o teñan expresamente prohibido polo artigo 9.
- b) Incumprir a persoa titular do establecemento de xogo os límites máximos de capacidade establecidos na correspondente autorización.
- c) Non exhibir de forma visible nas entradas de público dos establecementos de xogo a indicación de prohibición de entrada as persoas menores de idade e as restricións e condicións de acceso consonte o disposto no artigo 13.3 n).
- d) Non permitirlle ás persoas usuarias dos xogos finalizar o tempo de uso do xogo correspondente ao prezo da partida de que se trate.
- e) A fabricación e importación de máquinas, elementos e sistemas de xogo por empresas non inscritas no Rexistro de empresas de máquinas de xogo da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) A reparación, troco ou modificación de elementos ou dispositivos de máquinas e sistemas de xogo por empresas non inscritas no Rexistro de empresas de máquinas de xogo da Comunidade Autónoma de Galicia.
- g) Realizar promocións informativas e publicidade nos supostos expresamente prohibidos por esta norma.
- h) Tomar parte como xogador en xogos non autorizados
- i) Organizar xogos que consten como prohibidos nesta norma sempre que as cantidades xogadas superen os 300 euros pero non acaden os 1.000 euros.
- j) A non adaptación dos establecementos de xogo e das máquinas, tanto recreativas como de apostas, ás prescricións desta lei no prazo previsto na disposición transitoria primeira.
- k) A non instalación nas máquinas auxiliares de apostas instaladas nos establecementos de restauración e de ocio e entretemento ou nos espazos de apostas localizados en recintos deportivos e feirais do dispositivo de control que impida o xogo das persoas menores de idade.



l) A non instalación nas máquinas de tipo B instaladas nos establecementos de restauración e de ocio e entretemento do dispositivo de control que impida o xogo das persoas menores de idade cando así sexa requirido polo titular do establecemento.



Artigo 46. Infraccións leves

Son infraccións leves:

- a) Non dispor nos establecementos ou non facilitar as follas de reclamacións ou non recibilas e xestionalas.
- b) A non desconexión da máquina pola persoa titular do local onde se explota a máquina de xogo cando se advirta unha avaría que implique o mal funcionamento da máquina e non fóra susceptible de ser reparada no acto, así como a non advertencia mediante información visible de que a máquina está avariada.
- c) A explotación de máquinas e sistemas de xogo sen estar en perfectas condicións de funcionamento.
- d) Non expoñer de forma visible nos establecementos de xogo os principios de xogo responsable facilitados polo órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo.
- e) A negativa ou obstrución a actuación inspectora de control e vixilancia realizado polo persoal da inspección ao que se refire o artigo 42.
- f) Non facilitar ao órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo a información necesaria para o axeitado control das actividades de xogo.
- g) Calquera outra acción ou omisión que constitúa incumprimento das obrigas establecidas nesta lei ou vulneración das prohibicións previstas nela cando non proceda a súa cualificación como infracción moi grave ou grave.
- h) Non trasladar as máquinas de xogo aos almacéns designados nas comunicacións dilixenciadas pola administración ou trasladalas fóra de prazo.
- i) O incumprimento da obriga de tenencia e exhibición nos establecementos de xogo das normas xerais de funcionamento dos establecementos e das regras para a práctica dos xogos.
- j) Que a empresa operadora non teña instalada na máquina ou no establecemento, segundo o caso, a documentación exixida preceptivamente.



k) Organizar xogos que consten como prohibidos nesta norma sempre que as cantidades xogadas non superen os 300 euros.

l) Deixar fóra de funcionamento as máquinas de xogo durante o horario autorizado para o establecemento con menoscabo dos dereitos das persoas usuarias do establecemento no que se atopen instaladas e sen causa xustificada debidamente comunicada ao órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo

A handwritten signature in dark ink, consisting of a stylized, cursive letter 'Z' or similar mark.



Artigo 47. Responsables das infraccións

Son responsables das infraccións as persoas físicas e/ou xurídicas que incorran a título de dolo ou culpa nas accións ou omisións tipificadas nesta lei.



Artigo 48. Prescrición das infraccións

1. As infraccións leves prescribirán aos seis meses, as graves aos doús anos e as moi graves aos tres anos.

2. De acordo co artigo 30.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o prazo da prescrición comezará a contar desde o día en que a infracción se cometese. No caso de infraccións continuadas ou permanentes, o prazo comezará a correr desde que finalizou a conduta infractora. Interromperá a prescrición a iniciación con coñecemento da persoa interesada dun procedemento administrativo de natureza sancionadora, reiniciándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivera paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á presunta persoa responsable.



Artigo 49. Sancións administrativas

1. As infraccións serán sancionadas con multas nas seguintes contías:

a) As moi graves desde 18.001 euros ata 100.000 euros. Non obstante, o límite máximo será de 600.000 euros nos casos nos que proceda a aplicación dos criterios de gradación especificados no artigo 50 co fin de que a comisión da infracción non resulte máis beneficiosa para a persoa infractora que o cumprimento das normas infrinxidas.

b) As graves desde 3.001 euros ata 18.000 euros.

c) As leves desde 100 euros ata 3.000 euros.

2. Nos casos de infraccións graves e moi graves poderán impoñerse así mesmo as seguintes sancións con carácter accesorio:


a) A suspensión por un período máximo de dous anos da autorización concedida á empresa que lle habilita para o exercicio da súa actividade.

b) A suspensión por un período máximo dun ano da autorización de explotación para máquinas de xogo.

c) O peche do establecemento de xogo onde se cometa a infracción por un período máximo de dous anos.

d) A inhabilitación temporal por un período máximo de dous anos para ser titular de calquera autorización en materia de xogo.

e) A incautación e a destrución ou non utilización das máquinas ou elementos de xogo obxecto da infracción.



Artigo 50. Gradación das sancións

Na imposición das sancións observarase a debida idoneidade e necesidade da sanción a impoñer e a súa adecuación a gravidade do feito constitutivo da infracción. A gradación da sanción considerará especialmente os criterios seguintes:

- a) O grado de culpabilidade ou a existencia de intencionalidade.
- b) A continuidade ou persistencia na conduta infractora.
- c) A natureza dos prexuízos causados.
- d) A reincidencia por comisión no termo dun ano de mais dunha infracción da mesma natureza cando así sexa declarado por resolución firme en vía administrativa.





Artigo 51. Prescrición das sancións

1. As sancións por infraccións leves prescribirán ao ano, as impostas por infraccións graves aos dous anos e as impostas por infraccións moi graves aos tres anos.

2. De acordo co artigo 30.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola que se impoña a sanción ou teña transcorrido o prazo para recorrela. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo se aquel estivese paralizado mais dun mes por causa non imputable á persoa infractora.

No caso de desestimación presunta do recurso de alzada interposto contra a resolución pola que se impoña a sanción, o prazo de prescrición da sanción comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo legalmente previsto para a resolución do dito recurso.



Artigo 52. Prazo para resolver e caducidade do procedemento

1. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do procedemento sancionador será dun ano a contar dende a data do acordo de incoación. Transcorrido o prazo sen ditar e notificar a resolución producirase a caducidade do procedemento.

2. De acordo co artigo 95.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a caducidade non producirá por si soa a prescrición das accións da persoa particular ou da Administración, pero os procedementos caducados non interromperán o prazo de prescrición.






Artigo 53. Competencia para o exercicio da potestade sancionadora

1. Correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia a imposición de sancións de multa por faltas moi graves en contía superior a 300.000 euros.
2. Correspóndelle á persoa titular da consellería competente en materia de xogos a imposición de sancións de multa por faltas moi graves en contía superior a 60.000 euros e ata 300.000 euros incluído.
3. Correspóndelle á persoa titular do órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo a adopción de:
 - a) O acordo de inicio do procedemento sancionador en todos os casos.
 - b) A imposición de sanción de multa por faltas moi graves en contía igual ou superior a 18.001 euros e ata 60.000 euros incluído.
 - c) A imposición de sancións por faltas graves e leves.
4. A imposición das sancións con carácter accesorio corresponderalle ao órgano competente para ditar a resolución sancionadora conforme as regras previstas nos números anteriores.



Artigo 54. Procedemento sancionador

As infraccións tipificadas nesta lei serán obxecto das sancións administrativas correspondentes, logo da instrución do oportuno procedemento cor sponse os principios establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e a regulación procedimental contida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e de acordo coas especificidades que regulamentariamente se establezan respectando en todo caso a normativa estatal aplicable.



Artigo 55. *Medidas provisionais*

1. De acordo co disposto no artigo 56 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, unha vez incoado o procedemento sancionador, o órgano administrativo competente para resolvelo, de oficio ou a instancia de parte, poderá adoptar en calquera momento mediante resolución motivada e logo da audiencia ás persoas interesadas, as medidas provisionais que xulgue oportunas, para asegurar a eficacia da resolución que se poida ditar, de existiren elementos de xuízo suficientes para iso, de acordo cos principios de proporcionalidade, efectividade e menor onerosidade. O trámite de audiencia previa poderase omitir no caso de urxencia, que deberá estar debidamente motivada na resolución que determine a adopción das medidas provisionais. Nestes casos efectuarase un trámite de audiencia con posterioridade á adopción da medida.

2. Antes da iniciación do procedemento sancionador, o órgano competente para iniciar ou instruír o procedemento, de oficio ou a instancia de parte, nos casos de ausencia inaprazable e para a protección provisional dos intereses implicados, poderá adoptar de forma motivada as medidas provisionais que resulten necesarias e proporcionadas. As medidas provisionais deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que deberá efectuarse dentro dos 15 días seguintes á súa adopción o cal poderá ser obxecto do recurso que proceda. En todo caso, as ditas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no dito prazo, ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso acerca destas.

3. As medidas provisionais deberán ser proporcionadas á natureza e gravidade das condutas polas que se iniciase ou que motivasen o inicio do procedemento sancionador e non poderán causar prexuízos de difícil ou imposible reparación ás persoas interesadas ou que impliquen violación de dereitos amparados polas leis.



TÍTULO VI

Réxime fiscal

Artigo 56. Réxime fiscal

1. A autorización, organización ou celebración de xogos e actividades comprendidas nesta lei queda sometida ás correspondentes taxas fiscais sobre xogos de sorte, envite ou azar e sobre rifas, tómbolas e apostas nos termos previstos na normativa aplicable.

2. Pola prestación dos servizos relativos á práctica de inscricións, dil xenciado de libros, expedición de documentos, outorgamento de autorizacións e outros relacionados coas actividades previstas nesta lei esixirase a taxa que corresponda nos termos previstos nas disposicións legais de aplicación.





Disposición adicional primeira. *Presentación de solicitudes e comunicacións polos suxeitos obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración*

1. A presentación de solicitudes e comunicacións polas persoas obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia de conformidade co establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Se algunha das persoas interesadas obrigadas a relacionarse electronicamente presenta a solicitude, a comunicación ou a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

4. No caso de que algún dos documentos que vaia a presentar de forma electrónica supere os tamaños límite establecidos pola sede electrónica, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente, e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicárase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido da documentación complementaria para cada procedemento.



Disposición adicional segunda. *Tramitación administrativa electrónica*

A Administración autonómica promoverá os instrumentos legais e técnicos necesarios para que os procedementos administrativos en materia de xogo poidan realizarse de xeito electrónico na sede electrónica da Xunta de Galicia.



Disposición adicional terceira. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación dos procedementos regulados nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento require a incorporación de datos en poder das Administracións Públicas.

2. De acordo coa normativa reguladora do procedemento administrativo común, as persoas interesadas teñen dereito a non achegar os documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra Administración. A Administración actuante poderá consultar ou recabar os ditos documentos agás que a persoa interesada se opoña a iso, nos casos que tal oposición sexa admisible. De formularse oposición á consulta, deberán achegarse polas persoas interesadas os documentos correspondentes, nos termos esixidos polas normas que resulten de aplicación.

3. Cando os documentos esixidos fosen achegados anteriormente polas persoas interesadas a calquera Administración, estas non estarán obrigadas a achegalos sempre que indiquen en que momento e ante que órgano administrativo presentaron os citados documentos, debendo a Administración actuante recabar tales documentos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada ou a lei especial aplicable requira o seu consentimento expreso.

4. Os modelos de solicitudes e comunicacións acomodaranse as previsións contidas nos números precedentes.





Disposición transitoria primeira. *Prazo de adaptación*

As empresas de xogo disporán dun prazo de dous anos, desde a entrada en vigor desta lei, para a adaptación das máquinas recreativas, de azar e de apostas e dos establecementos de xogo ao disposto nesta lei e nas modificacións regulamentarias introducidas por ela.





Disposición transitoria segunda. *Vixencia transitoria dos regulamentos de xogo*

Ata que polo Consello da Xunta non se faga uso da facultade á que se refire a disposición derradeira primeira seguirán en vigor as normas regulamentarias sobre xogo en todo o que non se opoña á presente lei.



Disposición transitoria terceira. Réxime transitorio aplicable á publicidade e promoción en materia de xogo de competencia autonómica

1. Mentres non se aprobe a correspondente normativa regulamentaria de desenvolvemento en materia de publicidade, promoción e patrocinio das actividades de xogo de competencia autonómica, na que se regularan as excepcións da correspondente autorización previa de acordo co sinalado no número 1 do artigo 5, non se autorizará ningún tipo de publicidade, promoción e patrocinio das actividades de xogo de competencia autonómica.

2. No obstante, transitoriamente permitirase sen necesidade de autorización administrativa, a publicidade dos xogos de carácter meramente informativo na prensa escrita. Aos efectos do previsto, nesta disposición, entenderase por carácter meramente informativo, a publicidade que inclúa:

1º. Nome ou razón social, enderezo, teléfono, sitio web e enderezo de correo electrónico da empresa de xogo e do establecemento de xogo

2º. Tipos de xogos dos regulados nesta norma que se ofrezan pola empresa autorizada.

3º. Horario da actividade de xogo e días de práctica do xogo.

4º. Servizos complementarios que preste o establecemento de xogo e o horario da súa prestación.


3. Permitirase tamén, sen necesidade de autorización administrativa no interior dos establecementos de xogo e dirixidos unicamente ás persoas usuarias destes, a actividade publicitaria dos xogos que poidan practicarse nos correspondentes establecementos así como dos posibles premios e actividades complementarias do propio establecemento ou doutros establecementos de xogo.





Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio das autorizacións concedidas de acordo coa normativa anterior*

As autorizacións concedidas con anterioridade á entrada en vigor desta lei terán unha duración máxima de 15 anos contados desde a entrada en vigor desta norma.





Disposición transitoria quinta. *Réxime transitorio en materia de distancias a aplicar á instalación de establecementos de xogo*

Quedan exceptuados do cumprimento das distancias contempladas no artigo 29.3 da presente lei aqueles establecementos de xogo con autorización vixente no momento da súa entrada en vigor, agás nos supostos de cambio de localización do establecemento.





Disposición transitoria sexta. *Réxime transitorio aplicable á Comisión de Xogo*

En tanto non se aprobe e entre en vigor a adaptación da actual Comisión de Xogo ao disposto nesta lei, continuará funcionando a existente en canto á súa composición conforme ao disposto no Decreto 430/2009, do 19 de novembro, polo que se regula a composición, organización e funcionamento da Comisión de Xogo de Galicia.





Disposición transitoria sétima. *Réxime transitorio aplicable ás autorizacións das máquinas auxiliares de apostas e de máquinas de xogo tipo B non instaladas en establecementos de restauración e de ocio e entretemento*

1. As empresas que contén, no momento da entrada en vigor desta lei, coa autorización do órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo para a comercialización e explotación das apostas e máquinas de xogo tipo B, disporán dun prazo máximo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei para a instalación da totalidade das ditas máquinas que teñan autorizadas en establecementos de restauración e de ocio e entretemento.

2. Transcorrido o prazo anterior sen que consten efectivamente instaladas procederase de oficio a acordar a extinción das devanditas autorizacións.





Disposición transitoria oitava. *Réxime transitorio aplicable aos expedientes en tramitación*

1. Os expedientes que se atopen en tramitación no momento da entrada en vigor desta lei rexeranse pola normativa vixente no momento da presentación da solicitude correspondente.
2. Os expedientes sancionadores incoados antes da entrada en vigor desta lei rexeranse pola normativa vixente no momento da súa incoación, agás nos supostos nos que os preceptos desta lei sexan máis favorables para as persoas presuntas infractoras tanto no referido á tipificación da infracción como á sanción e aos seus prazos de prescripción, mesmo respecto das sancións pendentes de cumprimento no momento da entrada en vigor desta lei.



Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

1. Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

- a) Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.
- b) Decreto 167/1986, do 4 de xuño, polo que se regula o xogo de boletos.
- c) Os artigos 2.3, 17.4 parágrafo 4, 23.4, 31 do Regulamento do xogo do bingo de Galicia, aprobado polo Decreto 181/2002, do 10 de maio.
- d) Os artigos 4, 22, 52.2.c), 67.5 e 71.2 do Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado, polo Decreto 39/2008, do 21 de febreiro.
- e) Decreto 196/2010, do 25 de novembro, polo que se aproba a planificación das autorizacións de explotación de máquinas de tipo B, na Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) Os números 2, 3 e 4 da disposición adicional primeira e a disposición derradeira terceira do Decreto 162/2012, do 7 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de apostas da Comunidade Autónoma de Galicia, e os artigos 10.2, 12.2, 19.3, 25.3, 48.2, 49.4, 50.1, 54.7, 55.6, e 67 do dito Regulamento.
- g) A disposición transitoria segunda do Decreto 32/2016, do 17 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de casinos de xogo da Comunidade Autónoma de Galicia, e o artigo 21.2 do dito Regulamento.

2. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.



Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado por Decreto 39/2008, de 21 de febreiro*

O Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 39/2008, do 21 de febreiro, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 7 que queda redactado do seguinte xeito:

<< Artigo 7. *Requisitos xerais das máquinas de tipo B*

Para ser homologadas e inscritas na sección correspondente do Rexistro de Modelos, as máquinas de tipo B terán que cumprir as condicións seguintes:

a) O prezo máximo de cada partida será de 20 céntimos de euro, sen que obste a súa posible división en cantidades de menor importe. C anterior entenderase sen prexuízo do dispositivo opcional para a realización de ata cinco partidas simultáneas ás que se refire o artigo 8 c).

b) O premio máximo que a máquina pode entregar non poderá exceder de 500 veces o prezo máximo da partida simple ou da suma do prezo das partidas simultáneas e o programa de xogo non poderá provocar ningún tipo de encadeamento ou secuencia de premios cuxo resultado sexa a obtención dunha cantidade de diñeiro superior ao premio máximo establecido.

c) Cada máquina estará programada de forma que devolva en todo ciclo de 40.000 partidas consecutivas unha porcentaxe de premios que nunca será inferior ao 70% do prezo das partidas efectuadas.

d) A duración media de cada partida non será inferior a 3 segundos e non poderán realizarse máis de 600 partidas en 30 minutos. Para os efectos da duración, a realización de partidas simultáneas contabilizarase como se se tratase dunha partida simple.

e) Nos establecementos de restauración e de ocio e entretemento o pagamento dos premios consistirá necesariamente en diñeiro de curso legal entregado pola máquina.





XUNTA
DE GALICIA

Nos salóns de xogo, salas de bingos e casinos poderá realizarse tamén o pagamento dos premios a través dos seguintes medios:

1º Tíckets ou fichas expedidos pola propia máquina e homologados xunto con esta polo órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo. Neste caso, os ditos tíckets e fichas deberán trocarse por diñeiro de curso legal no mesmo establecemento ou, a elección da persoa usuaria dos xogos que obtivo o premio, por calquera outro medio legal de pago que non lle supoña ningún gasto.

2º Tarxetas electrónicas de pago e reintegro en substitución co diñeiro de curso legal, adquiridas no propio establecemento e previamente homologadas polo órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo. As ditas tarxetas deberán ser trocadas no mesmo establecemento por diñeiro de curso legal ou, a elección da persoa usuaria dos xogos que obtivo o premio, por outros medios legais de pago que non lle supoñan gastos.

f) As máquinas poderán dispoñer dun mecanismo de expulsión automática dos premios ao exterior, sen necesidade de acción ningunha por parte da persoa usuaria dos xogos.

g) Para iniciar a partida requirirase que a persoa usuaria dos xogos accione o interruptor ou dispositivo de posta en marcha. Transcorridos 3 segundos sen facelo a máquina poderá funcionar automaticamente.

h) No taboleiro frontal ou na pantalla de vídeo deberá constar de forma gráfica, visible e por escrito, as regras de xogo, a descrición das combinacións gañadoras, a indicación dos tipos de fichas, tíckets ou tarxetas que acepta no seu caso podéndose indicar os valores de moedas aceptadas, o importe dos premios correspondentes a cada unha das partidas, a porcentaxe mínima de devolución en premios e a prohibición da súa utilización a menores de idade, así como a advertencia de que a práctica abusiva do xogo pode crear adición.



i) O contador de créditos da máquina non admitirá unha acumulación superior ao equivalente a 100 veces o prezo máximo autorizado por partidas.

j) A memoria electrónica da máquina que determina o xogo deberá ser imposible de alterar ou manipular.



XUNTA
DE GALICIA

k) As máquinas incorporarán unha fonte de alimentación de enerxía autónoma que preserve a memoria en caso de desconexión ou interrupción do fluído eléctrico e permita no seu caso, o reinicio do programa no seu mesmo estado.

l) As máquinas non poderán instalar ningún tipo de dispositivo sonoro que entre en funcionamento mentres a máquina non estea en uso por unha persoa xogadora.

m) O xogo poderá desenvolverse mediante a utilización de pantalla de televisión ou soporte físico análogo controlado por sinal de vídeo ou semellante.

n) As máquinas poderán conter tantos xogos como os indicados pola empresa fabricante na súa memoria explicativa. Os ditos xogos deberán ser ensaiados por un laboratorio habilitado, poderán funcionar indistintamente e requirirán autorización previa para o troco de todos ou cada un deles por outros igualmente homologados. En calquera caso, para os efectos das porcentaxes de premios exixidos, estes xogos computarán como unha soa máquina.>>

Dous. Modifícase o artigo 7 bis que queda redactado do seguinte xeito:

<< Artigo 7 bis. *Requisitos xerais das máquinas de tipo B especial*

Para ser homologadas e inscritas na sección correspondente do Rexistro de modelos, as máquinas de tipo B especial terán que cumprir as condicións seguintes:

a) O prezo máximo de cada partida será de 20 céntimos de euro, sen que obste a súa posible división en cantidades de menor importe. O anterior entenderase sen prexuízo do dispositivo opcional para a realización de ata trinta partidas simultáneas ás que se refire o artigo 8 c).

b) O premio máximo que a máquina pode entregar non poderá exceder de 1.000 veces o prezo máximo da partida simple ou da suma do prezo das partidas simultáneas. O programa de xogo non poderá provocar ningún tipo de encadeamento ou secuencia de premios, cuxo resultado sexa a obtención dunha cantidade de diñeiro superior ao premio máximo establecido.





**XUNTA
DE GALICIA**

c) Cada máquina estará programada de forma que devolva, en todo ciclo de 120.000 partidas consecutivas, unha porcentaxe de premios que nunca será inferior ao 80 % do prezo das partidas efectuadas.

d) As demais condicións enumeradas nas letras d) a n) do artigo 7 agás a letra i)>>

Tres. A letra d) do artigo 8 queda redactada como segue:

<< d) Moedeiros aptos para admitir moedas ou billetes de valor non superior a 50 euros agás no suposto das máquinas instaladas en establecementos de restauración e de ocio e entretemento nís que os moedeiros non poderán admitir moedas ou billetes de valor superior en cen veces o prezo máximo autorizado por partida.>>

Catro. A letra h) do artigo 8 queda coa seguinte redacción:

<< h) As que conformando un só moble permitan a súa utilización simultánea e independente por dúas ou máis persoas usuarias dos xogos, para a súa instalación exclusiva en salóns de xogo e dependencias habilitadas, para o efecto, en salas de bingo e casinos de xogo.

Estas máquinas estarán amparadas por unha única autorización de explotación e para o efecto exclusivo de capacidade computarán como unha única máquina por cada dúas persoas usuarias dos xogos ou fracción excedente deste múltiplo.

Para os efectos da porcentaxe de premios exixible e independentemente do número de prazas de persoas usuarias dos xogos que a conformen computarán como unha soa máquina.

Estas máquinas poderán dispor dun único contador que acumule créditos, premios e diñeiro introducido. Neste suposto, a persoa usuaria dos xogos, á súa vontade, poderá recuperar o diñeiro en calquera momento, agás no transcurso dunha partida.>>





Disposición derradeira segunda. *Modificación do Regulamento de apostas da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 162/2012, do 7 de xuño*

O Regulamento de apostas da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado polo Decreto 162/2012, do 7 de xuño, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 55.2 que queda redactado do seguinte xeito:

<<A instalación dunha máquina auxiliar de apostas nun establecemento de restauración ou de ocio e entretemento, requirirá a solicitude previa da autorización de instalación e localización, á que se xuntará un documento de conformidade asinado pola persoa titular do negocio>>

Dous. Modifícase o artigo 55.4 f) que queda redactado do seguinte xeito:

<<Documento de conformidade asinado pola persoa titular do negocio>>





Disposición derradeira terceira. *Modificacións regulamentarias*

As disposicións dos distintos regulamentos de xogo que son obxecto de modificación mediante esta lei poderán ser modificadas pola norma de rango regulamentario correspondente á norma na que figuran.





Disposición derradeira cuarta. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario*

1. Autorízase ao Consello da Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei.
2. Dentro do prazo dun ano seguinte ao da entrada en vigor da presente lei iniciaranse os trámites pertinentes para a aprobación dos regulamentos necesarios para o desenvolvemento da presente lei coa excepción do desenvolvemento regulamentario polo que se estableza a creación, natureza, fins, composición e adscrición relativo ao Observatorio Galego de Xogo que deberá estar aprobado no prazo máximo de 6 meses desde a entrada en vigor desta lei.





Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia*

Engádesse un novo número 13 ao artigo 23 da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia coa seguinte redacción:

<<13. As inscricións no Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo en Galicia>>





Disposición derradeira sexta. *Modificación do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado*

Modifícase o número 5 do apartado Un do artigo 19 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, quedando redactado como segue:

<<5. Os xogos enumerados no apartado 2 do artigo 2 da Lei reguladora dos xogos de Galicia a excepción do contemplado na letra g)>>





Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

O vicepresidente segundo e conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Deportes

Diego Calvo Pouso



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 43240
Data envío: 31/10/2022 16:07:59.546

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia** (11/PL-000016, doc. núm. 42313), con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

A proposta de Lei reguladora dos xogos de Galicia é incompleta e deixa pasar unha oportunidade dunha regulación firme que ordene un sector sen orde normativo na práctica, dado que non existe lexislación integral dende 1985. Despois de que o Parlamento rexeitara, cos votos do Grupo Popular, unha proposta de Lei do xogo e apostas de Galicia formulada polo Grupo Socialista, o Goberno inicia o procedemento para un novo proxecto de lei que presenta maior permisividade.

A formulación que presenta a lei habilita posibilidades contrarias ás recomendacións de todos os expertos e coñecedores do eido do xogo, especialmente aquelas destinadas a regular o sector para permitir a súa presenza dentro do ocio pero con cautela e con obxectivos de prevención de condutas patolóxicas que poden ser derivadas do xogo.

Nos últimos anos as investigacións e estudos realizados polo mundo académico e profesional apuntan a un recrudecemento dos índices de condutas relacionadas co xogo que derivan en condutas aditivas. A intensidade do xogo vén elevándose nos últimos tempos. Serviría para isto apelar ao medio centenar de locais de xogo e apostas rexistrados e abertos en Galicia dende 2015, e as máis de 3.600 licencias concedidas para máquinas de apostas en locais de hostalería. Tamén os datos ofrecidos polo propio Consejo Empresarial del Juego (CEJUEGO) apuntan nesa dirección, ao destacar un incremento superior ao 14 % do xogo no seu informe de 2019.

Un elemento de extrema preocupación é o cambio do perfil do xogador, que ve reducida a idade media de inicio do xogo. Así, aínda sendo unha actividade non permitida a menores de idade, numerosos estudos apuntan a un inicio dos contactos co xogo en menores. Apuntan a isto tanto os datos extraídos dos estudos de carácter público, como o SICRI (Sistema de Información de Conductas de Riesgo) ou máis recentes estudos do ámbito académico que apuntan a unha elevada presenza tanto en adultos novos como en menores de idade.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Recentes investigacións con datos obtidos de grandes mostras de poboación galega apuntan datos tremendamente preocupantes como que 1 de cada 3 mozos/as menores de idade apostaron cartos algunha vez na súa vida, e un de cada sete xa o fixo antes de cumprir os 14 anos. Esta práctica, aínda que non está legalmente permitida nesas idades como é obvio, evidencia unha enorme lasitude tanto na lexislación que debe controlalo como na visión social que o asume e permite.

Así mesmo é perfectamente coñecido que a idade de inicio é un dos factores determinantes para a propensión a desenvolver condutas aditivas futuras, polo que o descenso da idade de contacto co xogo é un elemento de alerta de elevadísima importancia. Así é importante coñecer os factores relacionados con esa propensión e actuar sobre eles.

Por estas razóns resulta necesario afrontar unha lexislación que atenda á necesidade de frear estas tendencias, e que sexa contundente en termos de prevención e de loita contra as condutas de risco. Por iso é preciso unha lexislación concienciada, cuestión que non se atopa nesta ao bloquear cuestións como os mecanismos de control efectivos nas máquinas de xogo ou limitar a expansión dos puntos de apostas tanto na hostalería como en contornas favorecedoras do xogo.

Esta regulación adoece tamén de compromiso no desenvolvemento real de políticas de prevención, ao non comprometer accións directas sobre este eido con dotación orzamentaria implicada. A fundamentación teórica debe apoiarse con medidas concretas e recursos para desenvolverlas, cuestión que non está presente nesta lei. De maneira sinalada, a propia lei rexeita algunhas alegacións respecto destas apreciacións derivando esta necesidade á área sanitaria, e non responsabilizándose do que teña que ver con esta cuestión.

Dentro da normativa que se desenvolve, existen numerosas cuestións que quedan a expensas de futuros regulamentos normativos. A lei permite, por tanto, un marco moi amplo de posibilidades sen pretender acotar moitos deles, o que habilita a discrecionalidade posterior no momento de desenvolver as especificidades. Isto impide que a lei teña un valor de por si, dado que o desenvolvemento regulamentario habilita ao Goberno a conformar un marco non tramitado nin que pase polos procedementos de debate e posibilidades de alegacións públicas. Esta técnica lexislativa evidencia tamén un baleiro nas posibilidades de afrontar unha lexislación con garantías. A estes posteriores desenvolvementos apélase tamén para evitar regular a prohibición de publicidade



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 43240
Data envío: 31/10/2022 16:07:59.546

do xogo e apostas durante eventos deportivos ou outras actividades que poidan supoñer un incremento das condutas de risco.

Por estas cuestións formais e pola indefinición nas medidas concretas e específicas sobre a regulación solicítase a devolución deste texto para poder tramitar un máis completo e con previsión de ser máis eficiente.

Pazo do Parlamento, 31 de outubro de 2022

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 31/10/2022 12:00:58



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2022 17:47:24
Nº Rexistro: 43242
Data envío: 31/10/2022 17:47:24.193

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galiza [11/PL-000016 (doc. núm. 42313)]**, en base ás seguintes consideracións:

A regulación do sector do xogo na Galiza peca dunha grande obsolescencia, xa que a lei actualmente vixente data de 1985 sobre a que se foron introducindo novas instrucións e normativas co fin dunha mínima adecuación á actualidade cambiante, fica a día de hoxe insuficiente e cativa.

É pertinente unha nova regulación deste sector que parta dunha análise máis cinguida á realidade actual e que contemple todos os aspectos que desta actividade se derivan, tanto económicos ou fiscais, coma tamén sociais e, especialmente, sanitarios.

Se atendemos á perspectiva sanitaria, cómpre ter presentes as cifras de prevalencia de xogo problemático e tamén de xogo patolóxico, en absoluto desprezables, e que teñen un impacto importante sobre a poboación máis nova, incluíndo a menor de idade. Segundo a enquisa ESTUDES 2021, entre o estudantado do ensino secundario, o 3,4% do alumnado de 14 a 18 anos son candidatos a presentar un posible xogo problemático. Neste senso, son varios os estudos científicos que alertan sobre esta casuística, incidindo na importancia que ten o xogo presencial neste grupo de idade, ao estar moito máis estendido que o xogo en liña.

Mais tamén é preciso ter presente a importante actividade económica que deste sector se deriva, tamén en materia de fiscalidade, e que cómpre regulamentar.

CSM-REXISTRO-yngEYaKS-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pola contra, o proxecto de lei remitido ao Parlamento galego polo Consello da Xunta de Galiza, ademais da gran demora que acumula sobre os prazos que foran anunciados para a súa entrada na cámara, adoece dunha profunda falta de sensibilidade á hora de actuar na liña da protección da saúde pública, así como de minimizar o impacto negativo que esta actividade ten sobre a sociedade.

Na exposición de motivos do proxecto de lei recóllese a consideración de que a oferta de xogo existente actualmente na Galiza é excesiva en relación á demanda real da poboación, partindo da análise de instalacións de máquinas de apostas e recreativas en establecementos de restauración e ocio e entretemento en relación ao número amplamente superior que están autorizadas. Non obstante, o texto aprobado polo Consello da Xunta non só non contempla a diminución destas autorizacións, senón que permite o incremento nas tendas de apostas, salóns de xogo ou salas de bingo operativas no noso País.

A non consideración da retroactividade deste texto lexislativo, a permisividade coa presenza de máquinas accesibles nos locais de hostalaría e restauración ou a regulación de recintos feirais e deportivos nos que se concentra moita mocidade, son exemplos de importantes eivas á hora de actuar nesa preservación da saúde. Estas cuestións foron sinaladas por alegacións formuladas por particulares e asociacións a través do Portal de Transparencia, mais tamén por outros organismos coma o Consello Económico e Social no seu ditame sobre o Anteproxecto de lei, ou a propia Consellería de Sanidade, sendo todas elas desestimadas no proxecto final.

Tamén son moitos os aspectos relativos á regulación concreta, por exemplo da fiscalidade ou a publicidade, que fican sen unha redacción exhaustiva a expensas da





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 31/10/2022 17:47:24

Nº Rexistro: 43242

Data envío: 31/10/2022 17:47:24.193

redacción e aprobación de posteriores desenvolvementos regulamentarios, sen contar tampouco con ningunha concreción a respecto de cando se producirá esa ampliación.

A necesidade urxente deste cambio normativo non pode ser óbice para un proxecto lexislativo ambicioso, que actúe como garantía de preservación da saúde da poboación e de protección da sociedade, sen menoscabar a intervención sobre outros aspectos máis técnicos.

Por todos os motivos expostos, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula esta emenda de totalidade ao Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galiza, solicitando a devolución ao Goberno.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 31/10/2022 17:46:24

CSV REXISTRO-yngEY4xS-1
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 31/10/2022 17:47:24

Nº Rexistro: 43242

Data envío: 31/10/2022 17:47:24.193

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2022 17:46:35

CSV REXISTRO-yngEY4xS-1
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

- 2.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 42801, 11/PL-000017)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

2.2 42801(11/PL-000017)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación do acordo, 396, 18.10.2022

Publicación e asignación á Comisión, 399, 21.10.2022

Publicación da ampliación do prazo de presentación de emendas, 399, 21.10.2022

Publicación ampliación da prórroga do prazo de presentación de emendas, 401, 26.10.2022

Publicación da ampliación do prazo de presentación de emendas, 403, 02.11.2022

Publicación do acordo, 403, 02.11.2022





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

Ref: mv



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia, polo procedemento de urxencia ao que se refire o artigo 98.1 do Regulamento da Cámara, achégolle o "**Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 13 de outubro de 2022.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Carga Directora Xeral
Data e Hora: 17/10/2022 14:11:00

Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





XUNTA
DE GALICIA

DIEGO CALVO POUSO, VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E SECRETARIO DO CONSELLO DA
XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trece de
outubro de dous mil vinte e dous adoptou, entre outros, o seguinte
Acordo:

*"Aprobar o proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da
temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia
coa solicitude da súa tramitación polo procedemento de urxencia
establecido no artigo 98.1 do devandito Regulamento".*


E para que conste, asina a presente co visto e praxe do Sr. Presidente,
en Santiago de Compostela a trece de outubro de dous mil vinte e
dous.

Vº. e Praxe

O PRESIDENTE

P.S. O vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía,
Industria e Innovación

(art. 33 Lei 1/1983, do 22 de febreiro).





PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS URXENTES
PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE
NO EMPREGO PÚBLICO DA COMUNIDADE
AUTÓNOMA DE GALICIA



Exposición de motivos


I

A Constitución Española de 1978, nos seus artigos 23.2 e 103.3, establece que o acceso á función pública realizarase en condicións de igualdade, e sempre de acordo aos principios de mérito e capacidade.

Son estes principios establecidos na Carta Magna os que marcaron o desenvolvemento normativo do acceso ao emprego público tanto na lexislación estatal coma autonómica.

Así a Lei do Estatuto Básico do empregado público (EBEP), cuxo texto refundido foi aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, establece no seu artigo 61 que os sistemas selectivos do persoal funcionario de carreira serán os de oposición e concurso-oposición. O sistema de concurso configúrase nesta norma legal como un sistema excepcional para a selección do persoal funcionario de carreira, pois indica que só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso, que consistirá unicamente na valoración de méritos.

Na mesma liña de excepcionalidade en canto ao sistema de concurso, e sempre ao amparo dunha norma con rango de lei, pronúnciase o artigo 57 da Lei de emprego público de Galicia, Lei 2/2015, de 29 de abril, cando establece que tanto o persoal funcionario de carreira coma o persoal laboral fixo seleccionárase ordinariamente polo sistema de oposición ou concurso-oposición e só en virtude de norma con rango de lei pode aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso.



Sobre o concurso como proceso excepcional compre ter en conta a doutrina do Tribunal Constitucional (SSTC 67/1989, 27/1991 e 60/1994) que considera que o principio de igualdade no acceso a empregos e cargos públicos (artigo 23.2 CE) só poderá ser exceptuado por razóns excepcionais e obxectivas. En todo caso, establece a citada doutrina constitucional, deberán respectarse unha serie de principios para que non se aprecie infracción da igualdade no acceso a empregos e cargos públicos, como son unha situación excepcional, acudir a este tipo de procedementos por unha soa vez e a articulación deste tipo de procesos a través dunha norma con rango de lei (STC 12/1999, de 11 de febreiro de 1999).

II

A situación do emprego público na Comunidade Autónoma de Galicia, así coma no conxunto do Estado, ven marcada por un aumento da taxa de temporalidade, que tivo orixe en diversas causas orzamentarias e organizativas derivadas da normativa básica estatal incluídas nos orzamentos xerais do Estado.

A esta elevada taxa de temporalidade deben unirse as consecuencias que a Directiva 1999/70 CE do Consello, de 28 de xuño de 1999, relativa ao Acordo Marco da CES, a UNICE e o CEEP sobre o contrato de duración determinada tivo sobre o ordenamento xurídico e a xurisprudencia. O Acordo Marco establece a equiparación entre as condicións do persoal temporal e fixo con base no principio de non discriminación, salvo que as diferenzas aparezan xustificadas por causas obxectivas e insta ás autoridades nacionais a adoptar medidas efectivas e axeitadas para previr a temporalidade.

Nos últimos anos a actividade legislativa do Estado en materia de emprego público centrouse en acadar a redución da taxa de temporalidade.

Neste proceso enmarcáronse os procesos de estabilización previstos nos artigos 19.Un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, e 19.Un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, que se articularon a través do sistema de concurso-oposición. Sen embargo, ditos procesos de estabilización consideráronse insuficientes para atallar o problema e é neste marco no que se ditaron o Real decreto-lei 14/2021, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e a posterior Lei 20/2021, do 28 de decembro, sobre a mesma materia.

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, recolle no seu artigo 2 e nas disposicións adicionais quinta, sexta e oitava unha serie de procesos extraordinarios de estabilización. Estes procesos garantirán o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade. O sistema de selección será o de concurso-oposición e, de xeito excepcional e por unha soa vez, o sistema de concurso.

Establece a Lei 20/2021 que estes procesos poderán ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración do

Estado, Comunidades Autónomas e Entes Locais.

O fundamento competencial do anteproxecto atópase no artigo 28.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en canto establece a competencia da Comunidade Autónoma galega para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado na materia do réxime xurídico da Administración Pública de Galicia, e réxime estatutario dos seus funcionarios, en relación co artigo 33 do Estatuto, que recolle a competencia en materia de organización e administración da sanidade interior.

III

Os procesos extraordinarios de estabilización que están agora a iniciarse en desenvolvemento do artigo 2 e das disposicións adicionais quinta, sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, o seu réxime específico, o seu encaixe cos procesos de estabilización xa en marcha e coas ofertas de emprego que poidan realizarse no futuro en utilización da taxa ordinaria de reposición, así coma a harmonización, coordinación e concreción da súa execución e das problemáticas específicas que poidan xurdir polo excepcional da súa natureza, requiren dunha serie de medidas ás que esta Lei busca dar resposta.

O articulado desta Lei, con base no exposto con anterioridade, establece medidas extraordinarias e temporais en materia de emprego público dirixidas a articular ditos procesos extraordinarios de estabilización.

O artigo 1 establece o seu ámbito de aplicación.

O artigo 2 prevé os principios aplicables aos procesos selectivos realizados ao abeiro da presente lei.

O artigo 3 regula os criterios para a determinación e concreción das prazas que se incluírán nestes procesos extraordinarios de estabilización.

O artigo 4 establece os órganos convocantes dos procesos extraordinarios de estabilización, que serán, segundo o tipo de persoal que se trate, a Dirección Xeral da Función Pública e as entidades do artigo 45 da Lei de organización e funcionamento do Sector Público

autonómico de Galicia.

O artigo 5 establece para os procesos que se realicen mediante o sistema de concurso- oposición que a fase de oposición representará o 60% da puntuación total e que os exercicios da fase de oposición teñan carácter eliminatorio.

O artigo 6 regula o cómputo dos servizos prestados.

O artigo 7 regula o coñecemento da lingua galega, introducindo unha proba previa e pola súa parte os artigos 8 e 9 establecen a posibilidade de esixir requisitos específicos como probas psicotécnicas ou físicas en función das tarefas a desempeñar e a data de valoración dos méritos.

Os artigos 10 e 11 buscan dar resposta á casuística complexa derivada da execución dos procesos extraordinarios como posibles enriquecementos inxustos ou a superación de diversos procesos por unha mesma persoa aspirante.

Nos artigos 12 e 13 establécese que ás persoas que superen os procesos se lles ofertarán destinos provisionais, así como a posibilidade de crear unha ou varias comisións de valoración nos procesos selectivos mediante o sistema de concurso para maior axilidade dos mesmos.

O artigo 14 recolle cuestións atinentes á validez dos procesos selectivos e establece a cautela, para o suposto de non cumprir os prazos previstos na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de que o cito incumprimento non afecte por este só feito á validez das referidas convocatorias e procesos.



A disposición adicional primeira recolle a posibilidade de que se aproben unhas bases comúns para os procesos selectivos suxeitos a esta lei referidos ao persoal do sector público autonómico incluído nas relacións de postos de traballo das distintas consellerías e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

A disposición adicional segunda establece a posibilidade de que as bases das convocatorias recollan unha autoavaliación dos méritos por parte das persoas aspirantes co carácter de declaración responsable.

A disposición adicional terceira establece as disposicións desta lei aplicables aos procesos selectivos convocados pola consellería competente en materia de educación.

As disposicións adicionais cuarta e quinta modifican a Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia, incluíndo novas especialidades e funcións nunha serie de escalas da Administración especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.


O motivo de incluír nesta Lei estas disposicións adicionais, e non na Lei de medidas fiscais e administrativas débese á necesidade de adaptación e á celeridade derivada da obrigatoriedade que impón a Lei 20/2021 de convocar os procesos extraordinarios derivados da mesma antes do 31 de decembro de 2022.

A disposición adicional sexta establece a posibilidade de modificar o cadro de equivalencias entre persoal laboral e funcionario a efectos do desenvolvemento dos distintos procesos por resolución da Dirección Xeral da Función Pública, logo da correspondente negociación coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos e da audiencia da Comisión de Persoal do artigo 18 da Lei 2/2015, do 29 de abril.

A disposición adicional sétima abre a posibilidade de, a través de resolución da Dirección Xeral da Función Pública, reducir á metade os prazos establecidos na normativa para o desenvolvemento dos procesos selectivos, en aras de adaptarse os mesmos á celeridade imposta pola Lei 20/2021.

A disposición adicional oitava dedícase aos procesos para a estabilización do emprego temporal do persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Por último, inclúense unha disposición derradeira única relativa á entrada en vigor da Lei.



Esta lei axústase así aos principios de boa regulación contidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, ao responderen as medidas previstas nela á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, ao se recollen na norma os obxectivos perseguidos a través dela e a súa xustificación como exige o principio de transparencia, e ao se introduciren a través dela, conforme o principio de seguridade xurídica, as modificacións precisas nas disposicións vixentes.



Artigo 1. *Ámbito de aplicación*

Esta lei será aplicable á Oferta Pública de Emprego Extraordinaria e procesos de estabilización de emprego temporal derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, desenvoltos pola Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia e entidades do seu sector público reguladas pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, con exclusión do Servizo Galego de Saúde.




Artigo 2. Principios aplicables nos procesos selectivos

1. Os procesos de estabilización de emprego temporal derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público indicados no artigo 1 rexeranse polos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade establecidos na indicada lei, tendo en conta, así mesmo, a finalidade de estabilización do emprego temporal derivada dela.

Así mesmo aplicaranse os principios establecidos no artigo 55 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

2. En particular, tendo en conta a necesidade de cumprimento dos prazos recollidos na Lei 20/2021, do 28 de decembro, e o gran número de procedementos de selección e prazas convocadas, a administración autonómica e entidades convocantes adoptarán todas as medidas que sexan precisas para garantir a eficacia, eficiencia e axilidade dos procesos selectivos, sen prexuízo da obxectividade dos indicados procesos.

3. Na configuración dos procedementos selectivos e concreción das bases das convocatorias, dos requisitos que establezan, probas a realizar e determinación dos méritos a valorar, a administración autonómica e entidades do seu sector público, cumprindo as previsións que se recollen nesta lei, poderán optar discrecionalmente polas opcións que consideren máis acordes cos principios indicados neste artigo, buscando, en particular, a adecuación obxectiva e proporción das coas funcións e tarefas concretas a desenvolver polo correspondente grupo, escala o categoría de persoal tal e como estivesen determinadas nas correspondentes normas ou convenio colectivo aplicable.



Artigo 3. Prazas incluídas na Oferta Pública de Emprego extraordinaria derivada da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

1. As prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, ou en calquera outro instrumento de ordenación de recursos humanos, que estean dotadas orzamentariamente, e que estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020, computaranse para o desenvolvemento dos procesos selectivos derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Así mesmo, serán incluídas dentro do citado proceso de estabilización, as prazas afectadas polos procesos de estabilización previstos nos artigos 19.Un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, e 19.Un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, sempre que estivesen incluídas nas correspondentes ofertas de emprego público de estabilización e chegada a data de entrada en vigor da presente Lei, non tiveran sido convocadas ou tivesen quedado desertas tras a resolución dos procesos selectivos nos que foron convocadas.


2. Adicionalmente, de conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, as Administracións Públicas convocarán, con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego do Público (TREBEP), polo sistema de concurso, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1 da dita Lei 20/2021, do 28 de decembro, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

A este proceso, de conformidade coa disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, engadiranse as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016. Trátase neste caso de incluír prazas ocupadas ao 31 de decembro de 2020 por persoal interino de longa duración, isto é cun nomeamento anterior ao 1 de xaneiro de 2016 en praza distinta á ocupada en 2020.

3. En ambos supostos é requisito indispensable para incluír a praza na Oferta Pública de Emprego extraordinaria que a mesma continuase ocupada na data da entrada en vigor da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

4. Considérase que non supoñen unha interrupción para estes efectos os períodos menores de tempo nos que a praza estivese vacante como consecuencia da necesidade de levar a cabo os trámites administrativos correspondentes por parte das consellerías ou entes instrumentais afectados, como pode ser o nomeamento dun novo persoal funcionario interino ou laboral temporal tras o cesamento do anterior.

Nese caso, poderá considerarse ininterrompido aínda cando tivese lugar algún cambio na persoa que ocupa a praza, sempre que volva ocuparse efectivamente nun prazo de tres meses.




Artigo 4. Órgano convocante

1. Corresponde á persoa titular da dirección xeral competente en materia de función pública, convocar os procesos selectivos correspondentes a:

a) Postos de traballo de persoal funcionario incluídos no artigo 4.1.a) e c) da Lei 2/2015 de 29 de outubro de Emprego Público de Galicia.

b) Postos de persoal laboral que se atopen catalogados nas distintas Relacións de postos de traballo ou que estean incluídos dentro do ámbito de aplicación do convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, pertencentes á administración xeral e entidades instrumentais do sector público autonómico.

2. As entidades instrumentais do artigo 45 da Lei de organización e funcionamento do Sector Público Autonómico de Galicia terán a consideración de órganos convocantes exclusivamente respecto aos postos de traballo dos cadros do seu persoal laboral que non estean incluídos dentro do ámbito da aplicación do convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.





Artigo 5. Procesos selectivos polo sistema de concurso-oposición

Nos procesos selectivos que se realicen mediante o sistema de concurso-oposición, a fase de oposición representará o 60 por cento da puntuación total e serán eliminatorios os exercicios da fase de oposición.



Artigo 6. Cómputo dos servizos prestados nas convocatorias derivadas da Oferta Pública de Emprego Extraordinaria

1. Nas bases das convocatorias, a administración autonómica e entidades do seu sector público, tendo en conta os principios de igualdade, mérito e capacidade e de adecuación coas funcións e tarefas concretas a desenvolver polo correspondente grupo, escala o categoría de persoal, serán obxecto de valoración en todo caso os servizos prestados nas administracións públicas ou entidades do sector público no indicado grupo, escala ou categoría profesional obxecto da convocatoria, como persoal funcionario interino ou como persoal laboral temporal ou recoñecido como indefinido non fixo, ao ser manifestación da aptitude ou capacidade para desenvolver as correspondentes funcións.

Aos efectos indicados no apartado anterior, consideraranse tamén os grupos, escalas ou categorías profesionais que sexan equivalentes, atendendo á identidade substancial das funcións e tarefas concretas a desenvolver polo indicado grupo, escala o categoría de persoal tal e como estivesen determinadas nas correspondentes normas ou, no seu caso, no convenio colectivo aplicable. A estes efectos, as bases das convocatorias deberán determinar os grupos, escalas ou categorías profesionais que se consideren equivalentes.

Non serán obxecto de valoración os servizos prestados como persoal eventual ao que se refire o artigo 29 da Lei 2/2015 de 29 de outubro de Emprego Público de Galicia.



2. De acordo co indicado no número anterior, e tendo en conta os principios establecidos nel, por representar unha maior adecuación coas funcións e tarefas concretas a desenvolver, nas convocatorias outorgarase unha valoración superior aos servizos prestados na propia administración autonómica no grupo, escala o categoría de persoal obxecto da convocatoria.

3. A concreta ponderación atribuída na convocatoria aos servizos prestados na administración e sector público dentro do conxunto de méritos valorados debера ser proporcionada, atendendo á finalidade de estabilización do emprego público temporal recollida na Lei 20/2012, do 28 de decembro, e nesta lei e na súa regulación, polo que non será o único mérito a valorar, nin debe ter tal relevancia no conxunto do proceso selectivo que, de forma discriminatoria, exclúa do acceso á función pública a persoas que non podan acreditar a indicada prestación de servizos.

4. No marco do indicado no número anterior, nos procesos selectivos que se realicen mediante o sistema de concurso-oposición, de acordo co establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, a valoración na fase de concurso dos servizos prestados na administración ou sector público no corpo, escala, categoría ou equivalente será maioritaria, supoñendo, como máximo, un vinte e oito por cento da puntuación total do proceso selectivo.

5. Nos procesos selectivos que se deban desenvolver por imperativo da Lei 20/2021, do 28 de decembro, mediante o sistema de concurso, tendo en conta a súa finalidade de estabilización do emprego temporal de longa duración, o carácter excepcional do sistema establecido pola lei citada e a súa realización por unha soa vez, a valoración dos servizos prestados na administración ou sector público será tamén maioritaria.

Nestes casos de utilización do sistema de concurso, ademais dos servizos prestados e outros méritos que poidan establecer as convocatorias, valorarase como mérito en todo caso, como manifestación dos principios de mérito e capacidade, a acreditación polos aspirantes de ter superado probas ou exercicios para o acceso ao correspondente grupo, escala ou categoría obxecto da convocatoria na administración convocante.

6. Atendendo ao carácter excepcional dos procesos de estabilización previstos nesta lei e coa finalidade de dotar da maior axilidade posible ao desenvolvemento dos procesos selectivos que se convoquen ao abeiro da dita Lei, non será necesario recoller nos baremos destes procesos selectivos a valoración de aspectos relacionados coa conciliación persoal ou familiar previstos no artigo 51 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.




Artigo 7. Coñecemento da lingua galega

1. O nivel de coñecemento requirido da lingua galega será o que xustificadamente se estableza en cada convocatoria atendidas as concretas funcións a desenvolver.

2. Os procesos selectivos tanto polo sistema de concurso-oposición como de concurso incluírán unha proba previa de coñecemento da lingua galega para aquelas persoas aspirantes que non acrediten mediante o correspondente certificado oficial o nivel de coñecemento establecido nas bases da convocatoria, coa finalidade de acreditar o nivel requirido co carácter e valoración que se estableza.


3. Nas convocatorias mediante o sistema de concurso-oposición, a proba será anterior aos exercicios do proceso selectivo e nas convocatorias mediante o sistema de concurso, a proba de coñecemento de galego realizarase con anterioridade á valoración dos méritos das persoas aspirantes.





Artigo 8. Esixencia de requisitos específicos

As convocatorias dos procesos selectivos derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, poderán exixir o cumprimento doutros requisitos específicos, como requisitos de carácter psicotécnico e físico que garden relación directa e obxectiva coas funcións e tarefas que se van desempeñar. Aos efectos de posibilitar ou facilitar a acreditación destes requisitos as convocatorias preverán a realización das correspondentes probas psicotécnicas ou físicas.





Artigo 9. Data de valoración dos méritos

A data de valoración dos méritos nas convocatorias dos procesos selectivos derivados desta lei será a data de publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.



Artigo 10. Incompatibilidade da compensación económica e a adquisición da condición de persoal funcionario ou persoal laboral

1. A compensación económica pola finalización da relación interina ou temporal coa administración autonómica e o seu sector público pola non superación do proceso selectivo de estabilización, á que se refire o número 6 do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, será incompatible coa superación doutro proceso selectivo de estabilización derivado desta lei e consecuente mantemento da prestación de servizos na administración autonómica e o seu sector público, considerados no seu conxunto.

2. Aos efectos do indicado no número anterior, as bases das convocatorias advertirán da indicada incompatibilidade para o caso da superación do proceso selectivo.

3. De acordo coa incompatibilidade recollida no número 1, se o cese na praza que ocupa o persoal funcionario interino ou laboral se produce pola toma de posesión noutra praza da administración autonómica ou do seu sector público a consecuencia da superación dun proceso selectivo de estabilización, non se percibirá a compensación.

4. No caso de que por non estar acompañada a finalización dos procesos selectivos de estabilización derivados desta lei, no momento da superación dun deles a persoa candidata seleccionada tivese xa percibido a indicada compensación, aplicarase unha dedución das retribucións que corresponda percibir na administración autonómica ou entidade do sector público autonómico na que se pase a prestar servizos equivalente á compensación percibida sen cómputo de xurros. A dedución aplicarase mensualmente e calcularase de tal modo que a compensación de cantidades se alcance en tres anos.



Artigo 11. Regras especiais no desenvolvemento destes procesos

1. Coa finalidade de acadar unha efectiva redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, unha mesma persoa aspirante non poderá ser proposta para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo en máis dunha escala ou categoría profesional tanto na Administración Xeral como nas entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico. Neste caso a persoa aspirante deberá comunicar ao órgano convocante a súa opción, sendo excluída doutro proceso e ocupándose o seu lugar pola seguinte persoa aspirante consonte a orde de prelación derivada das puntuacións do proceso selectivo. A dita exclusión non suporá dereito a compensación.

2. Coa mesma finalidade que a indicada no número anterior, as persoas que adquiren a condición de persoal funcionario de carreira ou de persoal laboral fixo como consecuencia dos procesos selectivos previstos nesta lei deberán permanecer en servizo activo na dita escala, grupo, subgrupo, corpo ou categoría un mínimo de dous anos dende a toma de posesión antes de concedérselle excedencia por interese particular ou por prestación de servizos no sector público.





Artigo 12. Adxudicación de destinos con carácter provisional


Ao persoal que supere os procesos selectivos derivados desta lei se lles ofertará destinos con carácter provisional e logo de resolverse o correspondente concurso de traslados que se convoque no seu corpo, grupo, subgrupo ou especialidade ofertaráselle destino con carácter definitivo.





Artigo 13. Comisións de Valoración nos procesos selectivos mediante o sistema de concurso

Nos procesos selectivos mediante o sistema de concurso, convocados ao abeiro da Lei 20/2022, do 28 de decembro, coa finalidade de axilizar a resolución dos mesmos, o órgano convocante poderá nomear unha ou varias comisións de valoración que realizarán as tarefas propias dun órgano de selección.



Artigo 14. Cuestións atinentes á validez dos procesos selectivos

1. Serán aplicables ás bases das convocatorias, procesos selectivos e actos ditados neles os límites á extensión da nulidade ou anulabilidade dos actos e principios de conservación de actos e trámites previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, velando pola maior seguridade xurídica e eficacia dos procesos selectivos. En particular, por razóns de protección da seguridade xurídica e da confianza lexítima, no caso de nulidade ou anulabilidade dos actos do proceso selectivo procurarase, na medida do posible, a máxima protección dos dereitos das persoas aspirantes de boa fe que non sexan responsables das irregularidades ou vicios acaecidos, valorando especialmente o tempo transcorrido e a existencia de situacións xurídicas consolidadas.

2. Atendendo aos prazos establecidos na Lei 20/2021, do 28 de decembro, e tendo en conta o elevado número de procesos selectivos que se deben convocar, o número de prazas convocadas e o número previsible de solicitudes de participación, e por razóns de seguridade xurídica e protección dos participantes nos procesos selectivos, sen prexuízo de que administración autonómica e o seu sector público deban facer todo o posible para o cumprimento dos prazos legais sen retrasos indebidos, o cumprimento tardío da lei pola realización de convocatorias con posterioridade a 31 de decembro de 2022 ou a non finalización dos procesos selectivos antes do 31 de decembro de 2024 non afectará por este só feito á validez das referidas convocatorias e procesos.




Disposición adicional primeira. *Aprobación de bases comúns*

1. Co obxecto de promover a eficacia, eficiencia e axilidade dos procesos selectivos, a administración autonómica poderá aprobar bases comúns para os procesos selectivos suxeitos a esta lei referidos ao persoal do sector público autonómico incluído nas relacións de postos de traballo das distintas consellerías e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico. As bases comúns serán aplicables cando as diferentes convocatorias dos procesos selectivos se remitan expresamente a elas.

2. Estas bases comúns aprobaranse, co carácter de acto administrativo, pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de función pública, sen prexuízo da súa posible delegación, previa negociación coas organizacións sindicais en canto afecten ás materias obxecto de negociación recollidas na Lei de emprego público de Galicia, e serán obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia.

3. As distintas convocatorias dos procesos selectivos e as súas bases poderán remitirse ás bases comúns publicadas nos aspectos recollidos nelas co obxecto de evitar reiteracións, sen prexuízo de que poidan recoller as adaptacións e especificidades necesarias que se aparten das indicadas bases.




Disposición adicional segunda. *Sistemas de autoavaliación*

1. Co obxecto de promover a eficacia, eficiencia e axilidade dos procesos selectivos, e tendo en conta o elevado volume de prazas convocadas e solicitudes que se poden presentar, a administración autonómica poderá prever nas bases comúns ou nas bases dos procesos selectivos un sistema de autoavaliación consistente na formulación pola persoa aspirante dun modelo de declaración responsable no que se recollan a suma dos méritos que considera que lle corresponden de acordo co baremo da convocatoria.

2. Nestes casos, a administración só procederá a comprobar a autoavaliación realizada e baremar á persoa aspirante no caso de que esta, atendendo ao sistema de avaliación que establezan as bases da convocatoria, número de prazas dispoñibles, puntuación obtida polos demais aspirantes e puntuación que manifesta ter, poida ter posibilidades reais de obter praza no proceso selectivo. Garantirase, en todo caso, a avaliación de todas as persoas aspirantes seleccionadas

3. As bases dos procesos selectivos preverán a exclusión das persoas aspirantes que cometan unha falsidade de carácter esencial na declaración responsable de autoavaliación, polo procedemento que estas establezan, garantindo, en todo caso, a audiencia do interesado. A exclusión por este motivo considerarse equivalente a todos os efectos legais á non participación da candidata ou candidato no proceso selectivo de estabilización.





Disposición adicional terceira. *Disposicións aplicables aos procesos selectivos convocados pola consellería en materia de educación*

Aos procesos selectivos que xa estivesen convocados pola consellería competente en materia de educación no momento da entrada en vigor desta lei unicamente resúltanlle aplicables as disposicións previstas nos artigos 2, 3 e 7, números 1, 3 e 4 do artigo 10, artigos 13 e 14, na medida na que sexa compatible co establecido nas correspondentes bases das convocatorias:



Disposición adicional cuarta. *Modificación da disposición adicional oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia*

Modifícase o cadro do número 3.ter da disposición adicional oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia, para a creación da seguinte escala:

Denominación	Especialidade	Grupo	Funcións	Titulación
Escala de persoal de mantemento		AP	Realizar as operacións máis elementais na explotación e mantemento do centro e os seus exteriores Axudar ao xefe de mantemento ou oficiais de mantemento nos traballos ou operacións que realicen Colaborar cos oficiais de mantemento nas tarefas de limpeza de salas de máquinas, instalacións, cadrús eléctricos, transformadores, talleres.. Conservacións, mantemento e ordenación de ferramentas Reparación de avarías elementais nos distintos servizos do centro e nos seus exteriores Reparacións de emerxencia Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores.	Non se exige



Disposición adicional quinta. *Modificación da disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia*

1. Modifícase o cadro do número 1 da disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia, para a creación da seguinte escala:

Denominación	Especialidades	Grupo	Funcións	Titulación
Escala Superior de Sistemas de Información Xeográfica		A1	- Estudo e propostas de normas técnicas cartográficas -Deseño e manexo de proxectos Sistemas de Información Xeográfica. -Deseño e edición de cartografía de referencia e temática. -Organización e deseño de proxectos de captura de información xeográfica de referencia e temática. -Deseño e análise de bases de datos xeográficos. -Xestión de bases de datos xeográficas. -Xestión dos compoñentes do SII Corporativo e da Infraestruturas de Datos Espaciais de Galicia. -Deseño e desenvolvemento de proxectos fotograméticos e de teledetección. -Elaboración de análises e informes baseados en información xeorreferenciada e cartografía. - Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores.	Licenciado ou graduado nunha titulación de calquera rama.


2. Modifícase o cadro do número 2 da disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia, para a creación da seguinte escala:

Denominación	Especialidades	Grupo	Funcións	Titulación
Escala Técnica de Sistemas de Información Xeográfica		A2	- Análise e desenvolvemento de ferramentas dos Sistemas de Información Xeográfica. - Edición de cartografía de referencia e temática. - Análise de bases de datos xeográficas e datos xeorreferenciados. - Desenvolvemento de proxectos fotogramétricos e de teledetección. - Traballos de fotointerpretación e captura de información xeorreferenciada (fotografías aéreas e imaxes de satélite). - Desenvolvemento de traballos de produción de datos xeográficos. - Elaboración de análises e informes de información xeorreferenciada e cartografía. - Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores.	Diplomado ou graduado nunha titulación de calquera rama.

3. Modifícase o cadro do número 4 da disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia, correspondente á escala técnica de recursos naturais e forestais, para a creación das especialidades de capataz, mecánico naval, patrón de embarcación e guía intérprete de patrimonio natural, engadindo á redacción existente o seguinte:



Denominación	Especialidade	Grupo	Funcións	Titulación
Escala técnica de recursos naturais e forestais.	Capataz	C1	- Coordinación, organización e mantemento das instalacións, dos establecementos, dos edificios e dos espazos naturais correspondentes nos parques naturais e parque nacional, centros de recuperación de fauna silvestre, centros cinexéticos, piscícolas ou análogos, e, en xeral, o desenvolvemento das actuacións que requiran o axeitado funcionamento destes. - Coordinación do persoal da escala	Título de técnico na rama agraria ou na rama de recursos naturais; Carné, autorización ou licencia que sexan necesarios para

			auxiliar de recursos naturais e do persoal da especialidade de recursos naturais e forestais da agrupación profesional que prestan servizos no espazo natural, establecemento ou instalación correspondente. - Control do cumprimento das medidas de prevención de riscos laborais do persoal que presta servizos no espazo natural, establecemento ou instalación correspondente. - Elaboración dos cuadrantes do persoal ao seu cargo e control do cumprimento horario. - Manexo das aplicacións informáticas, dos equipos informáticos e das telecomunicacións necesarios para o desenvolvemento, o rexistro e control das funcións que lle son propias. - Participación en actividades divulgativas. - Manexo de vehículos e maquinaria autopropulsada agrícola ou forestal (tractores). - Manexo de embarcacións. - Recollida de fauna silvestre. - Actuacións en situacións de emerxencia nos establecementos, instalacións e, en xeral, nos espazos naturais nos que desenvolven as súas tarefas, en colaboración cos servizos de protección civil e de xestión de emerxencias. A tal fin poderán impartir instrucións ao persoal ao seu cargo. - Supervisión do acceso a zonas restrinxidas, supervisión de permisos de fondeo e permisos de buceo, conteo de visitantes e colaboración no control do furtivismo. - Trampeo fotográfico e mecánico - Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas anteriores.	o manexo dos vehículos e da maquinaria ou embarcacións
 Escala técnica de recursos naturais e forestais.	Mecánico naval	C1	- Reparación, mantemento, planificación e operación en áreas tales como motores mecánicos mariños de embarcacións e maquinaria do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas. - Revisións preventivas - Xestión de loxística e inventario de materiais, equipos e repostos. - Funcións de mecánico naval que pode desempeñar o cargo de xefe de máquina de buques coas atribucións que a lexislación vixente outorgue e cos	Bacharel ou técnico e título profesional de Mecánico Naval Maior ou equivalente. Formación Básica en seguridade marítima

			requisitos para enrolarse nun buque – Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas anteriores.	
Escala técnica de recursos naturais e forestais.	Patrón de embarcación	C1	– Manexo e goberno das embarcacións nas distintas manobras: atraques, amarres, toma de combustible, travesía. – Organización e dirección dos traballos dos membros da tripulación. – Responsable de decisións relativas ao traballo dependendo do estado do mar. – Uso de radares e outros equipos electrónicos do barco, no ámbito da súa competencia. – Responsable do bo estado dos elementos da embarcación, organización das labores de mantemento das embarcacións. – Responsable das inspeccións obrigatorias das embarcacións. – Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores.	Bacharel ou técnico e título profesional de Patrón de Cabotaxe, Patrón de Litoral ou equivalente. Formación Básica en seguridade marítima
Escala técnica de recursos naturais e forestais	Guía interprete de patrimonio natural	C1	– Determinar bens naturais e patrimoniais dun espazo natural protexido para a súa divulgación ante o visitante, xestionando a información, valorando o seu potencial interpretativo, efectuando a implementación de usos, medios, servizos e actividades, e considerando a tipoloxía do público, cumprindo as indicacións da persoa que ostente a dirección do espazo natural protexido e con cumprimento da normativa relativa de protección do patrimonio medioambiental, planificación da actividade preventiva, e os estándares de calidade. – Dirixir a grupos de persoas por espazos naturais protexidos de forma organizada e aplicando destrezas de comunicación estandarizadas, para garantir unha interpretación de calidade do recurso natural. – Realizar a actividade interpretativa do recurso natural aplicando as técnicas dos servizos guiados tales como demostracións, desenvolvemento de actividades prácticas, uso de conceptos universais, analoxías e comparacións e as mensaxes planificadas especificamente para a actividade guiada. – Comunicar aos visitantes a normativa de protección do espazo natural protexido e os bens que o integren a través da	Bacharel ou técnico Curso de guías do parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas ou outra formación oficial que habilite para a realización das funcións inherentes á esta especialidade.

			intervención interpretativa para fomentar actitudes de respecto de cara ao mesmo e incidir na súa conservación. - Contribuír á preservación dos parques e reservas naturais. - Participación no deseño, execución e avaliación de plans e servizos interpretativos, rutas guiadas, folletos, paneis, rutas autoguiadas, programa de sinalización. - Participación no deseño, execución e avaliación de programas de educación ambiental e actividades didácticas con escolares e outros colectivos, tales como a formación de profesionais que operan no Parque Nacional. - Participación no deseño, execución e avaliación de programas e materiais de divulgación relacionadas co espazo natural protexido. - Participación na realización dos informes de uso público e estudos de afluencia de visitantes e en sistemas de acreditación de turismo sustentable. - Atención nos centros de visitantes e dinamización dos mesmos. - Participación na planificación, execución e seguimento do programa de acollida e atención a visitantes: equipamentos, sinalización, información e accesibilidade. - Atención a persoas con discapacidade. Deseño e realización de actividades accesibles e/ou específicas para colectivos con necesidades especiais. - Participación na planificación, execución e seguimento do programa de participación cidadá, voluntariado e prácticas. - Participación na planificación e implantación do sistema de calidade do Uso Público. - Calquera outra función que se lle encomende relacionada coas anteriores.	
--	--	--	---	--

4. Modifícase o cadro do número 4 da disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia para a creación da seguinte escala:

Denominación	Especialidade	Grupo	Funcións	Titulación
Escala técnica de gobernantes/as	Gobernante/a	C1	Como responsable do departamento e baixo a dependencia directa do director/a do centro ou persoa en quen delegue se ocupará da organización, distribución e coordinación de todo o persoal adscrito ao eido da súa competencia, comunicando á dirección cantas deficiencias observe, coidando de que o persoal ao seu cargo cumpra coa súa labor profesional, vixiando, asimismo, a hixiene e uniformidade do mesmo. A petición da Dirección asesorará a ésta na confección das quendas de traballo: •Vixilancia da conservación do mobiliario, lencería, enseres e menaxe, así como do bo uso e economía dos materiais, utensilios e maquinaria ao seu cargo, procedendo ao recuento e inventario dos mesmos •En coordinación co departamento de cociña, se responsabilizará da boa marcha do servizo de comedor, distribución de comidas, control de rexímenes, servizos especiais, montaxe, limpeza e retirada do servizo. Cofecemento do número de servizos diarios realizados no departamento En coordinación co persoal de enfermería, e contando co persoal que ten adscrito, control do bo estado dos alimentos que os residentes manteñan na habitacións. Nos centros, cuxo servizo de comedor se realice mediante concerto con terceiros, colaboración na confección de menús e supervisión das condicións sanitarias das dependencias y alimentos servidos. Supervisión, cando existe contrata de mantemento, das súas respectivas áreas profesionais (limpeza, desratización, desinfectación, y desinsectación, cristais, etc.), informando á dirección do cumprimento dos mesmos. Si por necesidades perentorias ou imprevisibles, a normal actividade do centro o requiera, colaborará nas tarefas propias do personal a súa orde. Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores.	Título de técnico na rama de hostalería e turismo

5. Modifícase o cadro do número 4 da disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia, para a creación da seguinte escala:

Denominación	Especialidades	Grupo	Funcións	Titulación
Escala de Técnicos Especialistas en Reproducción Cartográfica		C1	-Captura de información xeográfica. - Operacións de fotogrametría: restitución dixital. -Actualización de bases de datos xeográficas. -Preparación e maquetación de información xeográfica. -Dixitalización de información xeográfica. - Publicación e impresión de información xeográfica. - Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores.	Echarel ou Técnico

6. Modifícase o cadro do número 4.bis da disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia, correspondente á escala auxiliar de recursos naturais e forestais, para a creación das especialidades de oficial e mariñeiro-vixilante, engadindo á redacción existente o seguinte:

Denominación	Especialidade	Grupo	Funcións	Titulación
Escala auxiliar de recursos naturais e forestais	Oficial	C2	- Manexo das aplicacións informáticas, equipos informáticos e de telecomunicacións necesarios para o desenvolvemento, rexistro e control das funcións que lle son propias. - Desenvolvemento das operacións propias do coidado de establecementos, das instalacións e dos espazos naturais, con maquinaria ou non. - Manexo de vehículos e maquinaria autopropulsada agrícola ou forestal (tractores) con todos os seus apeiros, o emprego de desbrozadoras ou calquera outro tipo de maquinaria mecanizada que precisen as tarefas para realizar, así como o mantemento destas. - Manexo de fertilizantes e produtos fitosanitarios, así como de combustible, aceites e lubricantes para maquinaria e apeiros. - Preparación, manexo, conservación e subministración de alimentos, no caso de persoal que desenvolva as súas funcións nos centros de recuperación de fauna silvestre, centros ictioxénicos	Titulación que habilite para a realización das funcións inherentes a esta escala e carné, autorización ou licencia que sexan necesarios para o manexo dos vehículos embarcacións e maquinaria.

			e outros que teñan ao seu cargo animais. - Manexo de animais, toma de mostras para controis en laboratorio das posibles enfermidades ou infeccións que se puidesen producir, colaboración na aplicación dos tratamentos veterinarios e similares. - Execución e mantemento de peches, pasarelas ou elementos similares. - Labores de conservación e mantemento de pistas, rozas de lindes ou traballos similares. - Realización de infraestruturas para a protección das especies e espazos. - Limpeza, desinfección e conservación das instalacións, establecementos e demais infraestruturas. - Manexo de embarcacións. - Recollida de fauna. - Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores.	
Escala auxiliar de recursos naturais e forestais	Marifeiro-Vixilante	C2	- Quedar xunto ao temón cando a embarcación estea co piloto automático, e verificar a precisión do rumbo, utilizando un compás magnético. - Cargar ou descargar o cargamento da embarcación e asegurar devandito cargamento - Manexar os cabos e as conexións de amarre, as pasarelas para desembarcar e as escaleiras cando o barco atraque e desatraque. - Facer gardas na pasarela para impedir que persoas non autorizadas embarquen cando estean no porto - Gobernar o barco baixo a dirección do comandante ou oficial de navegación, seguindo os rumbos establecidos ou dirixir ao temoneiro para que governe. - Manexar, manter e reparar equipo e aparellos do barco e de cuberta (p.ex., cabrestantes, guindastres, mecanismo de carga, aparellos, e aparellos de extinción de lumes e salvavidas). - Eliminar o óxido, tratar e pintar os laterais do barco e as estruturas e axudar no mantemento e reparación dos motores do barco e o equipo mecánico. - Facer unha revisión xeral dos botes salvavidas e os seus equipos, botar á auga ou alzar os botes salvavidas con guindastres ou baixándoos, e tripular os botes en emerxencias.	Titulación de graduado en Educación secundaria Obrigatoria ou equivalente. Certificado de Competencia Marifeiro Formación Básica en seguridade marítima

			- Manter a limpeza das cubertas e estruturas, e limpar a auga doce do barco, o lastre e os tanques de aceite e o compartimento da carga. - Colocar e arriar a bandeira do barco. - Control de fondeos e navegación. - Control de actividade pesqueira e marisqueira seguindo instrucións e as liñas sinaladas no PRUX. - Servizos de cuberta, manipulación de instrumentos e gardas de timón, retén de ponte. - Manexo, carga e descarga de materiais para as illas. - Axuda no embarque e desembarque dos pasaxeiros. - Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores.	
--	--	--	--	--


7. No cadro do número 4.bis da disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia, no apartado referido á escala de gardas de recursos naturais, modifícase a titulación esixida nos seguintes termos: "Titulación de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente e Carné, autorización ou licencia que sexan necesarios para o manexo dos vehículos, embarcacións ou maquinaria" e se engaden as seguintes funcións a desempeñar polo persoal desta escala:

- Manexo de aplicacións informáticas básicas, e equipos de comunicación
- Manexo de vehículos e maquinaria autopropulsada agrícola ou forestal (tractores) con todos os seus apeiros ou emprego de desbrozadoras ou calquera outro tipo de maquinaria mecanizada que precisen as tarefas que se realicen, así como o mantemento destas.
- Manexo de embarcacións
- Manexo de fertilizantes e produtos fitosanitarios, combustíbles aceites e lubricantes, así como limpeza e conservación das instalación, establecementos e infraestruturas
- Condución de vehículos cando así o demanden as necesidades do servizo.

Disposición adicional sexta. *Equivalencias das categorías de persoal laboral cos distintos corpos, escalas ou especialidades do persoal funcionario a efectos do desenvolvemento dos distintos procesos selectivos*

1. Unicamente aos efectos dos procesos selectivos regulados pola presente lei, e coa finalidade de establecer as equivalencias a fin de computar os servizos prestados entre as categorías de persoal laboral do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia e os distintos corpos, escalas ou especialidades do persoal funcionario previstos na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, ás ditas equivalencias serán as establecidas na Orde do 10 de marzo de 2021, pola que se modifica o anexo do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

2. Non obstante, e aos efectos indicados no apartado anterior, estas equivalencias poderán ser modificadas, mediante resolución da Dirección Xeral da Función Pública, logo da correspondente negociación coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos e da audiencia da Comisión de Persoal do artigo 18 da Lei 2/2015, do 29 de abril.





Disposición adicional sétima. *Redución de prazos*

Atendendo ás razóns de urxencia que concorren nos procesos selectivos regulados pola presente lei derivadas da necesidade de cumprimentos dos prazos establecidos pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, a persoa titular da dirección xeral competente na materia de función pública ou, no seu caso, o órgano competente da entidade do sector público autonómico convocante, poderá dispor a redución á metade dos prazos dos procesos selectivos, de acordo co previsto no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, das administracións públicas.



Disposición adicional oitava. *Procesos para a estabilización do emprego temporal do persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia*

No baremo dos concursos que se convoquen para a estabilización do emprego temporal do persoal estatutario do Sistema Público de Saúde de Galicia, en aplicación das disposicións adicionais quinta, sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, será de aplicación o baremo que se determine nas bases da convocatoria, sen que sexa de aplicación o establecido nos números 2 e 3 do artigo 22 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. En particular, sen prexuízo doutros posibles méritos que se poidan determinar nas bases da convocatoria, será obxecto de valoración a experiencia profesional acreditada no Sistema Nacional de Saúde, podendo outorgarse primacía aos servizos prestados na categoría e/ou especialidade, e, dentro destes, aos servizos prestados no Sistema Público de Saúde de Galicia.





Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Como consecuencia dos prazos establecidos pola Lei 20/2021, do 23 de decembro, a presente lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



Diego Calvo Pouso

Vicepresidente segundo e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2022 18:10:38
Nº Rexistro: 43182
Data envío: 27/10/2022 18:10:38.510

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego(BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galiza [11/PL-000017 (doc. núm. 42801)]**, en base ás seguintes consideracións:

Diversas sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, nomeadamente a do 19 de marzo de 2020, recoñecían que no Estado existía unha elevada taxa de temporalidade no emprego público, ocupándose prazas e necesidades estruturais por medio de traballadoras con contractos temporais que podían prolongarse durante décadas o que viña constituír unha situación de abuso e precarización do traballo e dos servizos públicos.

Tal comportamento, xeneralizado nas Administracións Públicas do Estado, era unha consecuencia do incumprimento durante máis 20 anos da obriga de transposición da Directiva 1999/70 CE do Consello, de 20 de xuño de 1999, relativa ao Acordo Marco da CES, UNICE E O CEEP que establece a equiparación entre as condicións do persoal temporal e fixo con base no principio de non discriminación. Diferentes órganos da U.E., tanto de carácter xudicial como a propia Comisión, requirían ao Estado español para que procedese de vez a transposición da directiva antes citada, rematase coa situación de abuso,

CSM-REXISTRO-9w0mVSKf-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 27/10/2022 18:10:38

Nº Rexistro: 43182

Data envío: 27/10/2022 18:10:38.510

establecendo mecanismos suficientemente disuasorios para evitar o recurso a estas prácticas fraudulentas, ao tempo que habería que dar solución ás situacións das persoas obxecto de abuso na contratación. Requirimentos aos que se pretende dar cumprimento mediante a Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, norma na que, entre outros aspectos, se introducen procedementos para a estabilización das prazas e para posibilitar a consolidación do emprego das traballadoras obxecto da situación abuso establecendo prazos para o cumprimento da exixencias marcadas polas institucións da UE.

A Xunta de Galiza non é unha excepción ás consideracións anteriormente expostas, existindo dende 2009 ate 2020 ou mesmo 2021 un extraordinario incremento da contratación temporal. Así a porcentaxe de traballadoras temporais na Xunta de Galiza con relación ao ano 2009 medrou nun 67,27% ate xaneiro de 2020, e nun 80,78% en relación con xaneiro de 2021. A porcentaxe das traballadoras fixas ou de funcionarias de carreira pasou de representar o 83,28% do total do emprego público da Xunta de Galiza no 2009 ao 70,15% no 2021.

Xa que logo é de grande importancia o número de postos de traballo e de persoas ás que atinxen os indicados procesos de estabilización, como importante son os servizos públicos atinxidos pola precarización que agora se pretende paliar.

En cumprimento do indicado na citada Lei 20/2021, e practicamente ao limite do prazo establecido na referida norma, a Xunta de Galiza aprobou a



CSV REXISTRO-Sw3mV5Xif-6

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 27/10/2022 18:10:38

Nº Rexistro: 43182

Data envío: 27/10/2022 18:10:38.510

Oferta de Emprego Público que foron obxecto de publicación no DOG de 30 de maio de 2022.

O 17 de outubro a Xunta de Galiza rexistra no Parlamento o presente proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público en Galiza cuxo contido evidencia certa improvisación e, sen discutir a súa eventual comenencia, non ven dar resposta, nos termos sinalados polo TXUE, a tantas e tan prolongadas situacións de fraude na contratación por abuso na temporalidade, nin corraxir posibles eivas da actual regulación.

Así pois, este proxecto de lei:

- Non valora o traballo desenvolvido na praza concreta obxecto de estabilización, e que acredita a aptitude para o desenvolvemento do posto e facilitaría ao tempo que, eventualmente, axilizaría a continuidade do funcionamento do servizo.
- Semella escasa a ponderación dos servizos prestados na praza, corpo, escala, especialidade respecto da totalidade dos méritos obxecto de avaliación, tanto no concurso–oposición, como na de concurso.
- Non atende as circunstancias das persoas obxecto dun abuso prolongado, ás veces durante décadas, así como das que nin sequera tiveron a posibilidade de participar nun proceso selectivo para adquirir a condición de funcionaria de carreira ou laboral fixo respecto da praza que ocupaban.

CSV REXISTRO-Sw3mVSXif-6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 27/10/2022 18:10:38

Nº Rexistro: 43182

Data envío: 27/10/2022 18:10:38.510

- Non modifica ás escasas contías das compensacións por cese no posto de traballo obxecto de abuso, cando participando no proceso de estabilización non se obtivera praza ,obviando o manifestado con reiteración o TXUE.

- Incorre en falla de coherencia, pois a efecto da compensación económica por cese considera finalizado o proceso selectivo de estabilización cando remate o último dos procedementos, porén impide que unha aspirante poda ser proposta para dous ou máis postos.

- Reduce á mínima expresión a intervención das organización sindicais e de representación das traballadores, non contemplando a súa intervención na determinación e ponderación das probas a realizar, dos méritos a considerar, ou na posibilidade de formar parte das Comisións de Valoración.

- O Goberno atribúe aos aspirantes a valoración dos méritos, que sería cometido das Comisións de Valoración, introducindo a posibilidade dunha sanción de exclusión en caso de erro, sen contemplar a posibilidade de rectificación/corrección do erro no que incorrera.

Consideramos que este proxecto de lei é consecuencia das presas, que evidencian defectos formais, mesmo medidas de dubidosa legalidade, así como os criterios aplicados non se corresponden coa exixencias reiteradamente demandadas dende o TXUE, sen que se aproveite a ocasión para paliar algún dos erros da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.



CSV REXISTRO-Sw3mV5Xif-6

Verificado

https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2022 18:10:38
Nº Rexistro: 43182
Data envío: 27/10/2022 18:10:38.510

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula emenda de totalidade ao Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galiza, solicitando a devolución ao Goberno.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/10/2022 17:42:08

Ana Pontón Mondelo na data 27/10/2022 17:42:19

CSV REXISTRO-9w3mV5Xif-6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

3. Comparecencia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 43249(11/CPP-000108)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para
informar dos resultados do Plan de prevención e defensa
contra os incendios forestais de Galicia unha vez finalizada
a tempada de alto risco do 2022

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- do conselleiro do Medio Rural para informar **"dos resultados do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia unha vez finalizada a tempada de alto risco do 2022."**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

CSV: REXISTRO-UZQdtj-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
01/11/2022 21:49:36

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 43249
Data envío: 01/11/2022 21:49:40.173

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/11/2022 21:49:36

CSV REXISTRO-JzQctsj-9
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

4. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 43031(11/MOC-000121)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para evitar a segregación do alumnado por xénero nos centros de ensino concertados (Moción a consecuencia da Interpelación doc. núm. 30713, publicada no BOPG núm. 282, do 24.02.2022, e debatida na sesión plenaria do 19 de outubro de 2022)

Publicación da iniciativa, 401, 26.10.2022



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2022 12:43:19
Nº Rexistro: 43031
Data envío: 21/10/2022 12:43:19.480

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 19 de outubro, sobre a **segregación do alumnado por xénero nos centros de ensino concertados** (doc. núm 30713, [11/INT-001519]).

Moción

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- 1.- Cumprir a lexislación vixente suprimindo os concertos educativos con todos os centros que segregan alumnado por sexo.
- 2.- Habilitar os mecanismos necesarios para que os centros educativos que segregan por sexo dean cumprimento ao contemplado na lexislación vixente en materia de coeducación e igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- 3.- Garantir que, tal e como se contempla na lexislación vixente, se inclúan nos proxectos educativos dos centros que segregan por sexo contidos relativos ao respecto pola diversidade sexual e o traballo activo contra a homofobia.”

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Portavoz s. do G.P. do BNG

CSM-REXISTRO-CVRS2IODg-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 21/10/2022 12:43:19

Nº Rexistro: 43031

Data envío: 21/10/2022 12:43:19.480

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/10/2022 12:43:01

CSV REXISTRO CVS210Dg-1
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 43032(11/MOC-000122)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación cos proxectos eólicos que vulneran a normativa ambiental (Moción a consecuencia da Interpelación doc. núm. 28908, publicada no BOPG núm. 270, do 3 de febreiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 19 de outubro de 2022)

Publicación da iniciativa, 401, 26.10.2022



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2022 13:29:29
Nº Rexistro: 43032
Data envío: 21/10/2022 13:29:29.201

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 19 de outubro, **sobre a política eólica e medioambiental en Galiza** (doc. núm 28908, [11/INT-001443]).

Moción

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Deixar sen efecto os acordos do Consello da Xunta polos que se autorizaron os proxectos dos parques eólicos Campelo, Bustelo e Toural, polo incumprimento da normativa de información e avaliación ambiental, e porque constitúen un exemplo patente de fragmentación artificial dun único parque. E ao mesmo tempo reverter as autorizacións polo Consello da Xunta de todos os proxectos eólicos en cuxa tramitación se vulnerou a normativa ambiental de aplicación, nomeadamente no que ten a ver cos prazos do procedemento de información pública.
2. Asumir responsabilidades polas sentenzas firmes do Tribunal Supremo que anulan os acordos da Xunta polos que se autorizou os parques eólicos da serra do Oribio e de Sasdónigas.

CSM-REXISTRO-ulS7yugA-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csm/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 21/10/2022 13:29:29

Nº Rexistro: 43032

Data envío: 21/10/2022 13:29:29.201

3. Tomar as medidas necesarias para reverter a destrución provocada polas obras xa realizadas do parque eólico anulado na serra do Oribio, nun espazo protexido pola figura da Rede Natura.

4. Avaliar as consecuencias legais da anulación do parque eólico de Sasdónigas e adoptar as medidas necesarias para a defensa do interese público.

5. Trasladar ao parlamento a seguinte documentación:

-Acordos do Consello da Xunta nos que participou a exconselleira de medio ambiente Beatriz Mato e nos que se autorizou a declaración de parques eólicos como proxectos de especial interese.

-Informe da Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas en relación co cumprimento pola exconselleira Beatriz Mato do previsto no artigo 45 (Limitacións ao exercicio de actividades posteriores ao cesamento) da Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno.

6. Garantir o cumprimento estrito da lei, da información e participación da sociedade e a protección dos espazos naturais en todos os proxectos de parques eólicos en tramitación, nomeadamente no que ten a ver coa protección de hábitats e especies prioritarias, así como coa protección e conservación dos humidaes inventariados e doutras zonas húmidas de interese.

7. Abrir un proceso de diálogo e participación para a aprobación dun novo marco legal, dun novo plan sectorial enerxético e dun novo mapa eólico que:



CSV REXISTRO-uIS7yvgA-9

Verificado

https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2022 13:29:29
Nº Rexistro: 43032
Data envío: 21/10/2022 13:29:29.201

-incentive a participación do sector público e das comunidades e empresas locais no desenvolvemento de proxectos enerxéticos, co obxecto de xerar o maior retorno económico no territorio;

-restrinxa o ámbito territorial de implantación e redimensione os proxectos e as infraestruturas asociadas para minimizar o impacto en zonas habitadas, nas actividades económicas estratéxicas e tradicionais, no patrimonio cultural e na biodiversidade;

-responda a unha visión participativa, democrática e xusta do desenvolvemento do sector enerxético en xeral e do eólico en particular.”

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/10/2022 13:28:58

CSV REXISTRO-uIS7yvgA-9
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 43034(11/MOC-000123)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa emancipación da mocidade (Moción a consecuencia da Interpelación doc. 41947, publicada no BOPG núm. 390, do 5 de outubro de 2022, e debatida na sesión plenaria celebrada os días 18 e 19 de outubro de 2022)

Publicación da iniciativa, 401, 26.10.2022



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2022 13:42:26
Nº Rexistro: 43034
Data envío: 21/10/2022 13:42:26.394

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Noelia Otero Lago**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 18 e 19 de outubro do 2022, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa emancipación da mocidade (11/INT-002045, doc. núm. 41947).

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Aumentar as contías das axudas ao alugueiro da mocidade.
2. Elaborar un plan galego de emancipación e acceso á vivenda da mocidade.
3. Establecer un programa de axudas específico para aqueles mozos e mozas que por motivos de estudo precisan vivir desprazados noutras localidades da nosa comunidade autónoma.
4. Implementar políticas públicas específicas para a creación de emprego xuvenil realizando os cambios necesarios na aplicación das políticas activas de emprego xuvenil para mellorar a súa eficacia, facéndooas máis próximas á realidade e acompañándoas coas oportunidades que o mercado de traballo ofrece.

Pazo do Parlamento, 21 de outubro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 21/10/2022 13:40:37

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/10/2022 13:40:46



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

5. Proposicións non de lei

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 36132(11/PNP-003224)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
materia de dotación de recursos e atención pediátrica

Publicación da iniciativa, 334, 22.06.2022



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2022 18:03:57
Nº Rexistro: 36132
Data envío: 16/06/2022 18:03:57.606

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para garantir que tod@s @s nen@s galeg@s en idade pediátrica teñan asistencia en Atención Primaria por un profesional especialista en pediatría, independentemente de onde residan.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Propaganda da Xunta de Galiza, do Partido Popular, xa non son quen de agochar a situación dramática da Atención Primaria, a falta de profesionais, a desatención, as listas de espera. Dentro da alarma xeneralizada por esta situación é especialmente preocupante a falta de pediatras porque pon en risco a saúde da poboación infanto-xuvenil.

Esta situación está tendo como consecuencia que a atención por especialistas de pediatría @s nos@s nen@s e adolescentes non está garantida. Segundo datos do IGE o número de pediatras en Atención Primaria no 2021, último ano computado era de 318, 87 menos que en 2004, un 22.5% menos.

As consecuencias son evidentes, en Galiza son moitos os concellos que non contan con ningún pediatra nin nos seus centros de saúde nin PACs, hai comarcas enteiras, especialmente nas máis rurais; centos de nen@s sen pediatra asignado, sendo atendid@s no mellor dos casos por profesionais de Familia e Comunitaria, en algúns casos cun curso de puericultura. Esta situación non vai facer máis que empeorar pola

CSM-REXISTRO-IVIEGaf5-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2022 18:03:57
Nº Rexistro: 36132
Data envío: 16/06/2022 18:03:57.606

elevadísima cifra de xubilacións que se van a producir nos vindeiros anos, toda vez que na actualidade son 80 @s pediatras en Galiza que superan os 65 anos.

As consecuencias son tremendas: ningún tipo de continuidade na asistencia, ao ser atendid@s por profesionais diferentes, atrasos de meses nas revisións, nas vacinacións, onde priorizan aos máis pequenos, listas de espera constantes... Todo isto o que orixina é á saturación dos PAC, ou dos servizos de urxencia hospitalarios.

As crianzas teñen dereito á asistencia polos profesionais especialistas en pediatría. Si existe a especialidade é porque nenas e nenos teñen especificidades propias, non son adultos en pequeno. As e os facultativos especialistas en Familia e Comunitaria poden ser magníficos profesionais, mais non son especialistas en pediatría, e un curso de puericultura tampouco os converte en especialistas.

Precisan unha atención experta, axustada ás súas necesidades, unha infancia atendida e coidada é a mellor garantía de persoas adultas máis sans. Un especialista en Pediatría está durante catro anos formándose en enfermidades exclusivamente pediátricas, e o resto de especialistas só 2 ou 3 meses.

A pandemia xa non vale para tapar a falta de compromiso coa sanidade pública do PP, non vale para tapar a falta de planificación e anticipación, sabían de sobra cantas xubilacións se ían producir, que @s profesionais teñen dereito a baixas, vacacións e días libres.

A responsabilidade da Xunta era planificar e organizar e non o fixeron a mantenta e agora pretenden que aceptemos como normal a falta de atención, días de espera para ter unha cita.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

CSV REXISTRO: 1VdEgafS-8
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2022 18:03:57
Nº Rexistro: 36132
Data envío: 16/06/2022 18:03:57.606

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Tomar todas as medidas para garantir que tod@s @s nen@s galeg@s en idade pediátrica teñan asistencia en Atención Primaria por un profesional especialista en pediatría, independentemente de onde residan.

2.- Presentar, no prazo máximo de tres meses, un informe no Parlamento Galego no que conste:

- a) Número de pediatras traballando en Atención Primaria, distribución por centros sanitarios, situación laboral, número de nen@s que atende cada un.
- c) Centros de saúde, e concello no que se sitúan, que non contan con atención pediátrica e número de nen@s que non teñen asignado pediatra, desagregado por concellos.
- d) Previsión de xubilacións de profesionais de pediatría en Atención Primaria nos vindeiros cinco anos.

3.- Tomar todas as medidas precisas para garantir o número de prazas Mir en pediatría suficientes para cubrir o total de prazas que garanta a atención á totalidade de nen@s galeg@s e que na súa formación a presenza en Atención Primaria sexa acorde á porcentaxe que representan as prazas da especialidade na mesma (60%).”

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

CSV REXISTRO: 1VdEgafS-8
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2022 18:03:57
Nº Rexistro: 36132
Data envío: 16/06/2022 18:03:57.606

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/06/2022 17:55:55

Iria Carreira Pazos na data 16/06/2022 17:55:59

Olalla Rodil Fernández na data 16/06/2022 17:56:09



CSV REXISTRO: 1VdEgafS-8

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 40009(11/PNP-003422)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer fronte á situación de precariedade e empobrecemento que sofre a mocidade galega

Publicación da iniciativa, 375, 07.09.2022



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2022 10:04:24
Nº Rexistro: 40009
Data envío: 01/09/2022 10:04:24.284

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Paulo Ríos Santomé** e das deputadas **Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á necesidade de que o Goberno galego adopte medidas para reverter a situación de empobrecemento que sofre a mocidade galega.

Exposición de motivos

No terceiro trimestre do ano 2009, a mocidade galega en idade activa, de 16 a 35 anos, pasou das 655.700 ás 453.600 persoas a comezos deste ano 2022, segundo datos da EPA e do IGE. Isto representa unha caída do 27,2% ao 19,37% na representación da mocidade galega en idade activa sobre o total da poboación galega, en tan só 13 anos.

Actualmente temos unha taxa de emprego do 47,5% nos menores de 35 anos, o que nos fai ver como menos da metade da mocidade menor de 35 anos ten un emprego. A mocidade galega sofre, ademais, a terceira peor taxa de actividade do estado español, un 59%, lonxe da media estatal, que se sitúa nun 63,9%.

Por se isto non fose pouco, a mocidade galega no seu conxunto sitúase nunha taxa de desemprego de preto do 20%, case dobrando a taxa de desemprego do conxunto do país, situada nun 11,2%. Se imos a datos disgregados por tramos de idade, atopamos como a mocidade entre 16 e 19 anos ten unha taxa de desemprego superior ao 55% e na franxa de idade entre os 20 e 24 anos, unha taxa de desemprego superior ao 30%.

Debemos facer fincapé nas condicións da mocidade que si que ten un emprego, sendo este maioritariamente no sector servizos, cun peso do 71,6% no total do emprego xuvenil. Falamos pois, dun sector maioritario no emprego xuvenil, un sector fortemente

CSM-REXISTRO-HO41-011T-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2022 10:04:24
Nº Rexistro: 40009
Data envío: 01/09/2022 10:04:24.284

golpeado pola crise económica na que nos atopamos e tamén un sector que rexistra unha maior precariedade nos seus traballadores e traballadoras.

A mocidade galega soporta tamén unha maior parcialidade nos seus contratos, situándose cinco puntos porcentuais por enriba das outras franxas de idade cun 19,2%, mentres que a temporalidade no emprego xuvenil case duplica a temporalidade rexistrada nas restantes franxas de idade, cun 39,9% de temporalidade.

Outra das cuestións fundamentais que explica a falta de oportunidades para a mocidade e a súa situación precaria é a fenda salarial existente entre as menores de 35 anos e as maiores de 35 anos, supondo isto a percepción dun 20,5% menos do salario. O salario medio anual das traballadoras entre 25 e 35 anos é de 18.156,40 euros, mentres que o salario do resto de idades ascende a 22.834,66 euros.

Estamos, pois, ante unha mocidade con falta de oportunidades, precariedade laboral e falta de poder adquisitivo, o que nos deixa unha mocidade empobrecida que parte dunha peor posición á hora de poder afrontar o seu futuro e a situación de crise económica e social na que estamos actualmente.

Con esta situación precaria de partida, é fundamental adoptar políticas públicas que blinde os dereitos e faga posíbel facer fronte ás necesidades da mocidade galega nesta situación de inflación e carestía, onde as mozas do noso país non son quen de emanciparse e de acadar unha independencia económica que lles permita ter unhas condicións de vida dignas e na terra.

Estas son as razón que levan ao Grupo Parlamentar do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a crear un plan específico que permita á mocidade galega desenvolver un proxecto propio de vida na nosa terra e





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 01/09/2022 10:04:24

Nº Rexistro: 40009

Data envío: 01/09/2022 10:04:24.284

que contemple, cando menos, a redución da precariedade e temporalidade do emprego e o acceso a unha vivenda digna, co fin de garantir unha estabilidade e independencia económica. Deberanse tomar como medidas prioritarias:

-Creación de emprego de calidade para a mocidade mediante programas de axudas e incentivos á contratación de xente moza cunhas condicións de traballo dignas.

-Medidas contra a fenda salarial que padece a mocidade galega, a cal lle resta poder adquisitivo e dificulta a súa vida.

-Medidas para favorecer a empregabilidade da mocidade emigrada, mediante a elaboración do Plan Retorna.

-Creación dunha Bolsa de Vivenda para Estudantes impulsada pola administración pública en colaboracións coas universidades galegas.

-Aumentar as axudas ao alugueiro destinadas á mocidade galega.”

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG



CSV REXISTRO-HO41011T-9

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2022 10:04:24
Nº Rexistro: 40009
Data envío: 01/09/2022 10:04:24.284

Paulo Ríos Santomé na data 01/09/2022 10:02:43

María Montserrat Prado Cores na data 01/09/2022 10:02:53

Olalla Rodil Fernández na data 01/09/2022 10:03:01

Iria Carreira Pazos na data 01/09/2022 10:03:11

CSV REXISTRO-HO41onJT-9
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 41257(11/PNP-003493)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a creación dunha comisión de investigación sobre a xestión, por parte do Goberno da Xunta de Galicia, dos fondos covid extraordinarios achegados polo Goberno do Estado no ano 2020

Publicación da iniciativa, 386, 27.09.2022



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A xestión da COVID supuxo un reto para as administracións no plano sanitario para poder facer fronte a unha ameaza grave e inesperada, que forzou a tomar decisión e reorientar prioridades como nunca tiña ocorrido. Esta xestión asistencial precisou de decisións claras para poder soste economicamente as necesidades, e por tanto foi imprescindible deseñar novos mecanismos financeiros.

Ademais doutras cuestións máis específicas, o goberno de España abriu unha vía de financiación extraordinaria para os gobernos autonómicos destinada a paliar as consecuencias nos distintos campos de xestión. Como era lóxico, o ámbito de maior prioridade nos primeiros tempos da pandemia foi o sistema sanitario, e así o Goberno do Estado asignou a Galicia dous tramos do fondo COVID para sanidade no ano 2020, que tiveron contías de 268 e 150 millóns de euros respectivamente, o que supón un total de 418 millóns para sanidade. Outras contías a maiores foron destinadas para sanidade noutros fondos nese ano, aínda que fosen involucradas nun paquete máis amplo.

Centrando aínda só nos 418 millóns de euros de fondo COVID extraordinario, a Conta Xeral 2020 publicada pola Consellería de Facenda indica que, deses fondos extraordinarios, foron destinados a Sanidade 259 millóns de euros, o que supón apenas un 61 % do total. O resto dos fondos, 4 de cada 10 euros que Galicia recibiu do Estado para os gastos extraordinarios en sanidade, non foron utilizados para iso.

Este enorme desfase entre o que Galicia recibiu para tal fin e o que utilizou para sanidade, que son 158 millóns de euros, supera a estimación xa realizada pola AiREF. Esta entidade independente estimaba que o efecto en Galicia dos investimentos COVID podía valorar en torno aos 316 millóns de euros, o que

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2022 10:14:14
Nº Rexistro: 41257
Data envío: 19/09/2022 10:14:14.152

supoñía 100 millóns de euros de desfase que Galicia ingresara pero non investira. A propia conta xeral amplía ese diferencial ata eses 158 millóns de euros que Galicia recibiu para sanidade pero non investiu en sanidade e que perdéronse sen rastro no orzamento da Comunidade Autónoma.

Galicia converteuse así na Comunidade Autónoma de España que maior desfase evidencia entre o recibido e o investido en sanidade fronte á COVID, só despois da desastrosa xestión de Madrid, desperdiciando para este fin máis de 150 millóns de euros que utilizou para outras funcións non clarificadas. Outras comunidades autónomas dedicaron estes fondos extraordinarios de maneira eficiente a sanidade, como Cantabria, Castela a Mancha ou Estremadura que aproximáronse ao 100 %, ou como Baleares ou Valencia que non so utilizaron o 100 % senón que aportaron parte propia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia acordar crear, previo cumprimento dos requisitos regulamentarios establecidos e o procedemento definido para tal fin, unha comisión de investigación sobre a xestión por parte do goberno da Xunta de Galicia dos fondos COVID extraordinarios achegados polo Goberno do Estado no ano 2020 e, de maneira específica, sobre as partidas achegadas para sanidade sobre as que a Conta Xeral 2020 amosa un desaxuste entre o recibido e o investido de máis de 150 millóns de euros.

Pazo do Parlamento, 19 de setembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2022 10:14:14
Nº Rexistro: 41257
Data envío: 19/09/2022 10:14:14.152

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/09/2022 10:11:40

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/09/2022 10:11:49

Marina Ortega Otero na data 19/09/2022 10:11:59

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/09/2022 10:12:11



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

5.4 42462(11/PNP-003600)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 14 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao
Goberno de España dunha ampliación dos prazos sinalados no
Real decreto lei 23/2020 para facilitar o desenvolvemento dos
proxectos eólicos viables

*Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, 394,
13.10.2022*

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, Sandra Vázquez Domínguez, Borja Vereá Fraiz, Elena Candia López, Jose Manuel Balseiro Orol, Daniel Vega Pérez, José Manuel Rey Varela, Maria Begoña Freire Vázquez, Adrian Pardo López, Paula Prado del Río, Jose Alberto Pazos Couñago e Marisol Díaz Mouteira** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de Motivos:

No marco enerxético actual, o impulso ás enerxías renovables converteuse nun asunto prioritario e estratéxico para evitar escenarios de dependencia doutras fontes e para reducir os elevados custos que padecen a cidadanía e a industria do noso país.

En Galicia apostouse sempre por un modelo eólico ordenado, garantista, sustentable e respectuoso co noso territorio, compaxinando medidas de axilidade administrativa co respecto por todas as garantías ambientais, legais e técnicas que a normativa estatal e autonómica ofrecen, tanto para os promotores dos proxectos como para o conxunto da sociedade. De feito, a comunidade galega achegou o 14,8% da xeración renovable do noso país en 2021, ocupando o segundo lugar tras Castela e León.

Sen embargo, o desenvolvemento da enerxía eólica terrestre viuse condicionada polos prazos establecidos polo Goberno central no Real Decreto-lei 23/2020, do 23 de xuño, que establece a obrigatoriedade de que os promotores acrediten o cumprimento duns determinados fitos administrativos nunhas datas estipuladas nesta norma. Un feito que en Galicia supuxo recibir 144 novas solicitudes de tramitación de parques eólicos nun breve prazo de tempo, que suman un total de 4.095,30 MW, o que equivalería a case duplicar a potencia actual instalada.

O temor dos promotores a perder os permisos de acceso e conexión que dispoñían derivou na presentación dun gran número de proxectos sen o grao de detalle e estudo que este tipo de actuacións requiren, xerando unha gran alarma social e o rexeitamento dunha tecnoloxía sobre a que ata ese momento dispoñía dun consenso maioritario.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Esta esixencia imposta desde o Ministerio provoca que na actualidade 125 proxectos eólicos, cunha potencia instalada de 3.522,14 MW, corran o risco de perder os seus permisos de acceso e conexión se non obteñen a Declaración de Impacto Ambiental antes do 24 de xaneiro de 2023, a pesar dos esforzos realizados pola Administración Autonómica para abordar a tramitación destes proxectos en tempo e forma (importante reforzo de persoal nos centros directivos implicados e adopción de medidas lexislativas que simplifican os procedementos mantendo todas as garantías ambientais).

Algúns destes parques están vinculados a contratos de compravenda de enerxía con industrias galegas e que son necesarios para garantir a súa competitividade, como é o caso de Alcoa (San Cibrao), Sentury (As Pontes) ou Showa Denko (A Coruña), entre outras. Polo tanto, resulta imprescindible que o Goberno central - a través do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico -, promova unha nova ampliación dos prazos sinalados na Real Decreto-lei 23/2020 que permita saír adiante aqueles proxectos ben deseñados, traballados e positivos para Galicia poidan saír adiante.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España a unha ampliación dos prazos sinalados na Real Decreto-lei 23/2020 para facilitar o desenvolvemento dos proxectos eólicos viables que proporcionen oportunidades para mellorar a calidade de vida dos galegos e galegas e a competitividade da industria galega.”

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Marta Nóvoa Iglesias na data 10/10/2022 16:22:23

Cristina Sanz Arias na data 10/10/2022 16:22:58

José Antonio Armada Pérez na data 10/10/2022 16:23:01

Pardo López, Adrián na data 10/10/2022 16:24:13

Rodríguez Pérez, Moisés na data 10/10/2022 16:24:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV REXISTRO-3HTT17FA-9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2022 16:30:19
Nº Rexistro: 42462
Data envío: 10/10/2022 16:30:19.350

Sandra Vázquez Domínguez na data 10/10/2022 16:25:19

Borja Vereza Fraiz na data 10/10/2022 16:25:27

María Elena Candia López na data 10/10/2022 16:25:57

José Manuel Balseiro Orol na data 10/10/2022 16:26:01

Daniel Vega Pérez na data 10/10/2022 16:26:38

José Manuel Rey Varela na data 10/10/2022 16:26:43

Freire Vázquez, María Begoña na data 10/10/2022 16:27:39

Paula Prado del Río na data 10/10/2022 16:27:55

José Alberto Pazos Couñago na data 10/10/2022 16:28:25

María Sol Díaz Mouteira na data 10/10/2022 16:28:30

Pedro Puy Fraga na data 10/10/2022 16:29:00



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

5.5 42763(11/PNP-003628)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 10 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao
Goberno de España respecto da modernización dos treitos
ferroviarios Vigo-O Porriño e O Porriño-fronteira portuguesa

Publicación da iniciativa, 401, 26.10.2022

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Manuel Balseiro Orol, Teresa Egerique Mosquera, Corina Porro Martínez, Moisés Rodríguez Pérez, Alberto Pazos Couñago, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Belén Salido Maroño, Marisol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Goberno portugués presentou a finais do pasado mes de setembro a súa planificación en materia ferroviaria que deixa patente a súa aposta pola conexión por alta velocidade con Galicia ao potenciar a liña Lisboa-Porto-Vigo.

Unha postura que coincide coas prioridades fixadas pola Unión Europea, que otorga importancia estratéxica a eurorexión Galicia-Norte Portugal e, en consecuencia, o eixo atlántico de Alta Velocidade Ferrol-Porto-Lisboa.

Pola contra, o Goberno de España, desdicándose dos seus compromisos, defende a conexión por alta velocidade con Portugal desde Madrid, e aposta polo desenvolvemento do Corredor Mediterráneo en detrimento do Atlántico, como pon de manifesto o feito de que nos orzamentos deste ano só inclúen unha partida para a realización dun estudo de alternativas para a Saída Sur de Vigo e nada para o treito O Porriño-fronteira de Portugal e nos do vindeiro ano continúa coa redacción do estudo de alternativas para o que consigna 30.000 euros.

O AVE Vigo-Porto é unha prioridade para Galicia e é imprescindible que, dunha vez por todas, o Goberno central avance na súa tramitación e consigne o orzamento necesario para executar as obras necesarias. Neste momento, ademais, contamos cunha oportunidade única, os fondos europeos Conectar Europa e Next Generation nos que encaixa perfectamente esta mellora das infraestruturas ferroviarias e que é preciso aproveitar.


Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte **proposición non de lei en Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España que:



1. Avance de xeito inequívoco na modernización dos treitos ferroviarios Vigo-O Porriño e O Porriño-fronteira portuguesa, tanto no ámbito administrativo como orzamentario, empezando por incluír partidas con esta fin nas contas de 2023, que permita acompañar os tempos á planificación prevista polo Goberno de Portugal e que fixa en 2030 a chegada do AVE a Valença.
2. Inicie as negociación co Goberno portugués para subscribir o acordo entre os dous países que permita construír a necesaria nova ponte internacional ferroviaria”.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2022



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2022 13:44:27
Nº Rexistro: 42763
Data envío: 17/10/2022 13:44:27.359

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/10/2022 13:40:18

José Manuel Balseiro Orol na data 17/10/2022 13:40:37

Teresa Egerique Mosquera na data 17/10/2022 13:40:50

María Corina Porro Martínez na data 17/10/2022 13:41:03

Rodríguez Pérez, Moisés na data 17/10/2022 13:41:16

José Alberto Pazos Couñago na data 17/10/2022 13:41:27

Carmen María Pomar Tojo na data 17/10/2022 13:41:43


Ramón Carballo Páez na data 17/10/2022 13:42:00

María Belén Salido Maroño na data 17/10/2022 13:42:14

María Sol Díaz Mouteira na data 17/10/2022 13:42:25

Rubén Lorenzo Gómez na data 17/10/2022 13:42:42

Freire Vázquez, María Begoña na data 17/10/2022 13:42:58



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

5.6 42928(11/PNP-003647)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo da Xunta de Galicia para lograr un prezo da enerxía competitivo para a planta de Alcoa en San Cibrao

Publicación da iniciativa, 401, 26.10.2022



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Martín Seco García, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Leticia Gallego Sanromán, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A finais de decembro de 2021 os traballadores e traballadoras da planta de Alcoa en San Cibrao aceptaban a proposta da multinacional de cesar a produción de aluminio primario e posterior rearranque das cubas.

A proposta de parar as cubas de electrolise durante 24 meses implicaba o compromiso da empresa de traballar con subministradores de enerxía para acadar a medio e longo prazo (PPAs), que entrarían en vigor en 2024 e cunha vixencia de 10 anos.

Creouse tamén unha mesa constituída polos representantes legais dos traballadores, empresa, Xunta de Galicia e Goberno central para analizar e facer seguimento dos compromisos adquiridos por todas as partes.

A Xunta de Galicia e o Goberno de España deben de acompañar, axudar e cumprir os seus compromisos para que, como moi tarde, o día 1 de xaneiro de 2024, as cubas estean operativas ao 100 %.

Para que ese rearranque sexa unha realidade é preciso, que se facilite, por parte do Goberno galego, a tramitación dos parques eólicos que blinden o subministro enerxético a Alcoa a prezos competitivos. Estes novos parques eólicos débense de desenvolver dun xeito ordenado, con control, respectando os dereitos das persoas propietarias dos terreos, os espazos naturais sensibles e as zona de aproveitamento agrícola e gandeiro, e con retorno no propio territorio.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:





O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a facilitar a tramitación dos parques eólicos que sexan necesarios para que o prezo da enerxía sexa competitivo para a planta de Alcoa en San Cibrao.

Pazo do Parlamento, 19 de outubro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 19/10/2022 13:44:57

Martín Seco García na data 19/10/2022 13:45:11

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/10/2022 13:45:26

María Leticia Gallego Sanromán na data 19/10/2022 13:45:43

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/10/2022 13:45:54



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

6. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 41210(11/INT-002003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre o transporte escolar público

Publicación da iniciativa, 386, 27.09.2022



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2022 10:22:20
Nº Rexistro: 41210
Data envío: 16/09/2022 10:22:20.094

Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Patricia Otero Rodríguez, Noa Díaz Varela e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Neste inicio de curso escolar estamos a recoller numerosas incidencias no transporte escolar por parte de concellos e comunidades educativas con escritos informando e trasladando queixas á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e á empresa de transporte Monbus, logo de constatar que o servizo non cubriu os traxectos establecidos como está estipulado, deixando a varios e varias estudantes nas paradas sen posibilidade de desprazarse ata o instituto.

É o caso do que viviron alumnos e alumnas do IES de Poio por exemplo no primeiro día de curso con fallos que obrigaron a moitos proxenitores para achegar aos nenos ao centro tras deixar aos nenos e nenas tiradas nas paradas porque Monbus non cubriu os traxectos establecidos como está estipulado. Tamén na área de Compostela tal e como dende o Grupo Parlamentario Socialista denunciámos o curso pasado neste Parlamento, producíronse incidencias no incumprimento de horarios que non se respectan, autobuses que non chegan nunca ás paradas e mesmo emprego de VTC en vez dos vehículos obrigados por contrato.

Na Baña, a ruta chegou tarde e con moitos rapaces e prazas de pé xa que o autobús que enviaron era de 20 prazas e desa liña fan uso cando menos 30 menores. En Dodro o autobús que leva os escolares a Padrón chegou tarde. No Pino a liña de Monbus Lugo-Santiago que utilizan os e as estudantes para ir aos institutos (bacharelato e FP) de Santiago fixo a ruta cunha hora de atraso.

Por outra banda, as asociacións de nais e pais agrupadas na Confederación ANPA galegas solicitaron a comezos do pasado mes de marzo unha xuntanza co secretario xeral técnico da Consellería de Educación, para abordar e insistir na situación de desigualdade que padecen moitos os alumnos e alumnas de Bacharelato e FP que estudan nunha localidade diferente á da súa residencia. Estes estudantes non teñen dereito a transporte escolar gratis, xa que estudan nunha etapa non obrigatoria e sofren así unha discriminación que afecta fundamentalmente ao alumnado das zonas rurais. As e os estudantes caso de que teñan a sorte de contar con transporte escolar na súa zona e de dispoñer de prazas



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2022 10:22:20
Nº Rexistro: 41210
Data envío: 16/09/2022 10:22:20.094

libres poden collelo, pero se non se dá o caso, como acontece en moitas ocasións, teñen que coller e pagar autobuses interurbanos para poder desprazarse ao centro de ensino correspondente e sempre no caso de que existan esas conexións. Tal e como veñen denunciando nais, pais, estudantes e a propia comunidade educativa, este problema de vertebración do territorio e do ensino que padecen dende hai moito tempo se está a agravar, especialmente para a mocidade rural. A obriga do goberno da Xunta de Galicia é a de garantir que todas as nenas e nenos da comunidade teñan os mesmos servizos, oportunidades e condicións de igualdade, algo que non acontece e que á vista da situación nin sequera ten a ben atender. É máis, nos últimos tempos teñen denunciado os recortes no servizo de transporte escolar coa entrada en vigor do novo contrato con Monbus coa eliminación de liñas e a modificación e incumprimento de traxectos e horarios que está a afectar tanto ao ensino obrigatorio como ao alumnado de bacharelato e FP.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia das desigualdades que sofren as e os estudantes galegos en materia de transporte escolar en función do lugar onde residan ou da etapa de ensino que estean a cursar?
2. Que medidas vai tomar a Xunta de Galicia para arranxar a problemática que están a padecer no servizo de transporte escolar o alumnado galego e que se suceden curso tras curso?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Patricia Otero Rodríguez
Noa Díaz Varela
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 16/09/2022 10:08:56

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV REXISTRO-48464624-9
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2022 10:22:20
Nº Rexistro: 41210
Data envío: 16/09/2022 10:22:20.094

Patricia Otero Rodríguez na data 16/09/2022 10:09:06

Noa Susana Díaz Varela na data 16/09/2022 10:09:17

Eduardo Ojea Arias na data 16/09/2022 10:09:31



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 42333(11/INT-002072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre un pacto galego pola industria

Publicación da iniciativa, 394, 13.10.2022



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 17:30:34
Nº Rexistro: 42333
Data envío: 06/10/2022 17:30:34.737

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre un Pacto galego pola industria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comparativa do Índice de produción industrial estatal e da Galiza resulta moi negativa para nós, con un ano 2022 demoledor para a nosa industria que perde un 7% en variación interanual e un 1,9% de media no que vai de ano, mentres o estado observa unha taxa interanual positiva do 1,3% e un +3,2% no que vai de ano.

Este non é máis que outro indicador que deixa en evidencia a falta dunha política industrial do goberno do Partido Popular, que vai na mesma liña que os datos de ocupación do ano 2021, que rexistraron unha caída no sector industrial do 4,8% respecto do ano 2019 (antes da pandemia), o que significa 8.700 empregos destruídos, e no segundo trimestre deste ano 2022 mantiñan a tendencia negativa, tanto en comparación co primeiro trimestre como en comparación co mesmo trimestre do ano anterior.

Entre os diferentes problemas que están lastrando a tan desexada reactivación económica destaca a caída do investimento, con unha nova caída durante o primeiro trimestre do ano situando a taxa de variación interanual nun -2,5%, mentres que no conxunto do estado medra un 6,5% segundo apunta o último informe de conxuntura do Foro económico de Galiza.

CSM-REXISTRO-107Z7HC8-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 17:30:34
Nº Rexistro: 42333
Data envío: 06/10/2022 17:30:34.737

A respecto da importancia deste problema, o profesor de Economía Aplicada na Universidade de Santiago de Compostela (USC), Edelmiro López Iglesias, apuntaba tamén recentemente nun artigo de análise da situación económica que “na última década a economía galega vén mantendo unha baixa taxa de investimento, inferior á media española e da Unión Europea. Este dato di moitas cousas: debilidade da iniciativa privada, limitada confianza do empresariado nas políticas aplicadas e no futuro do País, ausencia dun impulso do investimento público. Con esas taxas de investimento dificilmente Galiza pode afrontar os retos que sempre se mencionan: reindustrialización, innovación, dixitalización, transición ecolóxica...”

Datos e opinións que abundan nas manifestacións da principal central sindical do país, a CIG, que na súa reivindicación dun Plan galego de recuperación económica fan especial énfase nas medidas destinadas á defensa e impulso do sector industrial.

Ante a gravidade desta situación, imposible de negar ou ocultar, e con efectos moi preocupantes a nivel demográfico, o Partido Popular opta por facer de oposición ao goberno estatal sen impulsar ningún tipo de alternativas que corrixan estas tendencias, unha actitude absolutamente irresponsábel por parte de quen ten a grande maioría das competencias relativas á planificación económica e industrial.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Ante a grave situación da industria na Galiza e as súas consecuencias, non considera oportuno a Xunta impulsar un Pacto galego para o fomento da actividade tecnolóxica e industrial, coa participación do Consello económico e social de Galiza?



CSV REXISTRO: 0610ZF1Q8-7
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2022 17:30:34
Nº Rexistro: 42333
Data envío: 06/10/2022 17:30:34.737

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 06/10/2022 17:28:31

María do Carme González Iglesias na data 06/10/2022 17:28:35

Ramón Fernández Alfonso na data 06/10/2022 17:29:31

CSV REXISTRO: 67ZFQ8-7
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 42854(11/INT-002107)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a adopción de medidas para mellorar a atención ás
vítimas de violencia machista

Publicación da iniciativa, 401, 26.10.2022



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 42854
Data envío: 18/10/2022 16:04:51,699

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista no contexto de crise de prezos e de rearme do machismo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia machista segue forte na nosa sociedade, como mostra da vixencia do sistema patriarcal.

Mostra disto son, por exemplo, os datos recentes dados a coñecer a mediados de outubro por parte do Observatorio do Consello Xeral do Poder Xudicial que indicaba que os xulgados galegos recibiron no segundo trimestre de 2022 ata 1.813 denuncias por violencia machista, un 9,9% máis que no mesmo período de 2021.

Ademais da preocupación pola vixencia da violencia machista, o contexto de 2022 engade a incerteza dunha situación económica na que a escalada de prezos que se vive desde hai máis dun ano impacta con virulencia nas mulleres, afondando na desigualdade.

Nun contexto onde, ademais, medran os discursos misóxinicos que cuestionan a desigualdade e a violencia machista, é necesario que as administracións revaliden o seu

CSA-REXISTRO-nf-jyWDF46
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
g0-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 18/10/2022 16:30:00

Nº Rexistro: 42854

Data envío: 18/10/2022 16:04:51.699

compromiso co impulso e o apoio económico das medidas en materia de fomento da igualdade e loita contra as violencias.

Entre os recursos máis importantes cos que conta o noso país están os Centros de Información ás Mulleres, cunha rede importante mais que aínda arrastra carencias como a falta de cobertura ao longo do territorio ou a insuficiencia dos cadros de persoal.

É necesario recordar que se ben os CIM son de titularidade municipal, a Xunta de Galiza delimita os requisitos que deben cumprir para a súa creación, os seus principios de actuación e as súas funcións, entre outros e tamén contribúe ao seu financiamento a través de convocatorias anuais en réxime de subvención.

A respecto do financiamento, a Xunta de Galiza establece unha contía total máxima de axuda que se pode conceder ao abeiro do Programa de apoio aos CIM e que é de 45.000 euros, no caso de que se trate dunha solicitude individual, e de 120.000 euros, no caso de que se trate dunha solicitude para a xestión compartida ou dunha entidade resultante dunha fusión de concellos.

Este tope máximo limita de facto o cadro de persoal do que dispoñen a maior parte dos CIM así como o seu orzamento, tal e como sinalou a Fegamp no seu primeiro Informe sobre a acción dos concellos galegos. Estas limitacións orzamentarias, en canto á achega da Xunta de Galiza e a imposibilidade ou negativa dos concellos a incrementar as súas achegas, derívase en que o groso dos recursos económicos van dirixidos ao pagamento do persoal e dos custes de mantemento dos centros mentres que apenas o 5% se destina a accións de prevención e promoción da igualdade.

Asemade, o cadro de persoal dunha parte importante dos CIM está conformada apenas polos perfís profesionais esixidos como mínimo legal para a súa creación e

CSV REXISTRO-FIJDMD-6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 42854
Data envío: 18/10/2022 16:04:51.699

acreditación (persoal de asesoramento xurídico e atención psicolóxica). Este feito limita moito o traballo que poden desenvolver.

Galiza é exemplo de importantes avances institucionais, como o recoñecemento da violencia vicaria como violencia machista, e de importantes mobilizacións, como amosa a cada vez maior resposta aos feminicidios, en convocatorias e asistencia, ou as históricas manifestacións dos 8 de marzo. Neste contexto, aínda que temos avanzado, queda moito por facer e estamos nun momento histórico de ameazas de retroceso en materia de igualdade. Polo tanto, é necesario dar un paso máis fortalecendo un instrumento coma os CIM. Este é un chanzo necesario para garantir a igualdade de opcións e trato das galegas ao longo do territorio, para avanzar na profesionalización e na mellora da atención e para prever e intervir ante as necesidades actuais.

Por estes motivos, é preciso comprometérmonos co seu fortalecemento, ademais de revalidar o compromiso coas mobilizacións feministas e demandar das institucións o mantemento dos compromisos económicos coa igualdade e a loita contra a violencia machista.

Por todo isto fórmulase a seguinte interpelación:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación actual dos servizos de atención ás mulleres en xeral e ás vítimas de violencia machista en particular?
- E os Centros de Información ás Mulleres?
- Vai adoptar algunha medida para fortalecer e ampliar a rede de CIM?



CSV REXISTRO-FIJDMDH-6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 42854
Data envío: 18/10/2022 16:04:51.699

- Pensa adoptar algunha outra medida para mellorar a atención ás vítimas de violencia machista a respecto dos recursos e servizos dos que dispón Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2022 16:01:25

Noa Presas Bergantiños na data 18/10/2022 16:01:37

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/10/2022 16:01:56



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta de Galicia


Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 43244(11/POPX-000083)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para suplir e garantir os beneficios da Tarxeta Básica



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.

Sr. presidente, que medidas ten pensado desenvolver o seu goberno para suplir e garantir os beneficios da tarxeta básica?

Pazo do Parlamento, 31 de outubro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 31/10/2022 17:24:55

CSX-REXISTRO-UC4EBVw46
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 43245(11/POPX-000084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a postura do presidente da Xunta de Galicia respecto
dos orzamentos



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2022 18:11:09
Nº Rexistro: 43245
Data envío: 31/10/2022 18:11:09.468

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente da Xunta**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Sr. Rueda, considera que cuns orzamentos insolventes e insolidarios se poden solucionar os problemas de Galiza?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2022 18:06:13

CS14-REXISTRO-ubdyYUW5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

8. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

8.1 38713(11/POP-005799)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Pérez López, Daniel

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación
das traballadoras do servizo de axuda no fogar

Publicación da iniciativa, 368, 26.08.2022



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 38713
Data envío: 04/08/2022 09:14:08,258

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Daniel Pérez López, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as condicións laborais e salariais das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de maio tivo lugar unha mobilización das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) convocada pola CIG para reclamar os dereitos laborais e salariais neste sector que:

1. Emprega por volta de 8.000 persoas en Galiza das que a inmensa maioría, o 95%, son mulleres.
2. Conta cun convenio colectivo sen negociar desde 2011 e cunha patronal que se dissolveu para impedir a súa renovación.
3. O convenio inclúe a actualización salarial conforme ao incremento do IPC o ano anterior (artigo 7º). Malia iso, as empresas non están a actualizar os salarios das traballadoras, de facto, das 250 empresas que operan no sector só 4 incrementou o 6,5% correspondente a 2021 as demais ou non subiron os salarios ou apenas reflectiron a metade do IPC.
4. O SAF constitúe un servizo esencial no actual modelo de coidados. Trátase do servizo con maior número de persoas usuarias, máis de 24 mil en toda Galiza. Neste

CSM-REXISTRO-727Yg3ML-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 38713
Data envío: 04/08/2022 09:14:08.258

senso, malia estar financiado na súa maior parte pola Xunta de Galiza é de xestión municipal e na maior parte dos concellos está privatizado.

Tendo en conta esta situación desde o BNG cremos que:

a) A Xunta de Galiza debe implicarse de maneira decidida na defensa dos dereitos laborais das traballadoras que, independentemente do modelo de xestión do servizo, reciben grandes cantidades de diñeiro público por soste servizos. Así o manifestamos no caso das traballadoras das residencias e centros de día privados que recentemente mantiveron unha histórica folga.

Cómpre lembrar, neste senso, que o Servizo de Axuda no Fogar supón un investimento público de máis de 100 millóns de euros públicos en 2022 o que fai a administración pública, moi especialmente a Xunta de Galiza, responsábel do que acontece tanto coas persoas usuarias como coas traballadoras.

b) Un servizo esencial, base para garantir o dereito a unha vellez e a unha vida dignas, como é o SAF debe garantirse en condicións de universalidade e coas máximas garantías polo que resulta –logo de anos da súa implantación-- necesario repensalo para o adaptar ás novas necesidades, realidades e a un modelo de coidados integral que poña no centro as persoas (usuarias e traballadoras).

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora a Xunta de Galiza a situación das traballadoras do SAF?

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2022





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 04/08/2022 09:30:00

Nº Rexistro: 38713

Data envío: 04/08/2022 09:14:08.258

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Daniel Pérez López

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/08/2022 09:13:38

Daniel Pérez López na data 04/08/2022 09:13:46



CSV REXISTRO: 727YXg3MJ-8

Verificar

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

8.2 42310(11/POP-006385)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis

Sobre a colaboración entre a Xunta de Galicia e as tres
empresas seleccionadas como novos socios estratéxicos e
tecnolóxicos do Polo Aeroespacial de Galicia

Publicación da iniciativa, 394, 13.10.2022



Á Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Marta Nóvoa Iglesias, Paula Prado del Río, María Guadalupe Murillo Solís, Fernando Pérez Domínguez, Pedro Puy Fraga, Manuel Santos Costa e Cristina Sanz Arias deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de ter unha posición neste tema canto antes en sede parlamentaria.

O *Polo Aeroespacial de Galicia*, forma parte da aposta estratéxica da Xunta de Galicia para impulsar a investigación e a implantación de empresas deste sector na nosa comunidade autónoma. Con este obxecto, activouse o Plan Estratéxico 2021-2025 do Polo Aeroespacial, folia de ruta que xa ten en execución un importante volume de investimentos procedentes de fondos públicos e privados.

Entre as iniciativas de moi diversos ámbitos que se desenvolven neste espazo destacan as dirixidas á investigación e desenvolvemento de avións non tripulados, sobre telecomunicacións avanzadas e os programas para incentivar as vocacións científico-tecnolóxicas.

Recentemente, o Consello da Xunta daba conta da selección de tres empresas punteiras -Airbus, Babcock e Telespazio- como novos socios estratéxicos e tecnolóxicos do Polo Aeroespacial de Galicia. Trátase dunha alianza con tres compañías de recoñecida traxectoria internacional que, xunto ao Goberno galego, unirán esforzos para seguir impulsando proxectos de investigación e desenvolvemento no *Polo Aeroespacial de Galicia*.

Ademais froito desta colaboración, aprobouse un listado de programas de interese preferente que están preparados para comezar a desenvolverse no caso de recibir fondos europeos, polo que Galicia non renuncia a seguir incorporando no futuro novos programas de I+D e novos socios.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSM-REXISTRO-KOBSY89x-4
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csm/>





1. En que consiste a colaboración entre a Xunta de Galicia e as tres empresas seleccionadas como novos socios estratéxicos e tecnolóxicos do Polo Aeroespacial de Galicia?

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2022.

Con formato: Izquierda

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 06/10/2022 13:06:36

Marta Nóvoa Iglesias na data 06/10/2022 13:06:52

Paula Prado del Río na data 06/10/2022 13:07:12

María Guadalupe Murillo Solís na data 06/10/2022 13:07:33

Pedro Puy Fraga na data 06/10/2022 13:07:49

Fernando Pérez Domínguez na data 06/10/2022 13:08:35

Manuel Santos Costa na data 06/10/2022 13:08:45

Cristina Sanz Arias na data 06/10/2022 13:09:03



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

8.3 43241(11/PUP-000285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de atender a demanda da sociedade galega de rescatar a Corporación de Radio-Televisión de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2022 17:27:16
Nº Rexistro: 43241
Data envío: 31/10/2022 17:27:16.248

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre a situación na que se atopan os medios de comunicación públicos de Galiza.

Xustificación da urxencia

A urxencia motívase en que os medios de comunicación públicos de Galiza son servizos esenciais para garantir os dereitos fundamentais das galegas e galegos.

Exposición de motivos

O Comité intercentros da CRTVG xunto con varias dúcias de organizacións sociais, culturais, sindicais e políticas de Galiza, lanzaron unha convocatoria de mobilización o 6 de novembro baixo o lema Por unha CRTVG ao servizo do pobo.

Na convocatoria, denuncian a manipulación informativa –ao servizo dos intereses do Partido Popular no Goberno da Xunta- e tamén o incumprimento, consciente e reiterado, das obrigas da Corporación co seu persoal mais tamén, e sobre todo, coas galegas e galegos.

CSM-REXISTRO-DqBdE/5zy-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
bp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 31/10/2022 17:27:16

Nº Rexistro: 43241

Data envío: 31/10/2022 17:27:16.248

A defensa dos medios de comunicación públicos é unha obriga para calquera cidadá e cidadán deste país. Neste senso, para o Bloque Nacionalista Galego (BNG) é, ademais dunha prioridade, unha urxencia romper co control político que se practica sobre a televisión e radio públicas de Galiza.

Uns fíos entre o Goberno do PP e a dirección da CRTVG que comeza polo nomeamento de Sánchez Izquierdo a dedo mais sobre todo co seu mantemento, sine die, nese posto á marxe do que fixa a lei desde 2011.

Neste senso, as organizacións sociais, culturais, sindicais e políticas convocantes da mobilización, esixen, literalmente no seu manifesto:

O RESCATE do noso servizo público de comunicación audiovisual, e expresamos a nosa firme vontade de defender a existencia dunha radiotelevisión pública:

- Que garanta o respecto escrupuloso á obxectividade, a imparcialidade, a neutralidade, a veracidade e o pluralismo informativo, erradicando a manipulación e a cancelación de contidos e profesionais.

- Que recupere a perspectiva da realidade social, laboral, económica e cultural do país e de todo o seu tecido social, nos contidos informativos, divulgativos, educativos e de entretemento. A tal fin, garantírase o dereito de acceso, segundo criterios obxectivos de representación e implantación social, sen que poida excluírse ningún grupo social e co máximo respecto ao pluralismo e á participación democrática de toda a sociedade galega.



CSV REXISTRO: Dq8eEj5zy-4

Verificado

https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 31/10/2022 17:27:16

Nº Rexistro: 43241

Data envío: 31/10/2022 17:27:16.248

- Que recupere a cobertura territorial de todo o país e as desconexións locais, espazos fundamentais para o dereito da cidadanía a acceder ao que acontece na súa contorna máis próxima.

- Que promova e defenda a identidade de Galiza, da súa lingua e da súa cultura, co estímulo á produción editorial, teatral, musical, audiovisual e demais expresións artísticas e escénicas do país.

- Que xogue un papel estratéxico na converxencia dixital e garanta a presenza do galego nas plataformas dixitais.

- Que fomente a través dos contidos a igualdade e a non discriminación, a diversidade sexual, integrando a perspectiva de xénero e fomentando accións positivas, así como o uso da linguaxe non sexista.

- Que preste especial atención á programación dirixida á infancia e á mocidade, por canto que representan o futuro da sociedade, recuperando unha das principais funcións para a que foi creada a Galega, o fortalecemento da Cultura e a lingua propias de Galiza, así como o seu papel educativo, socializador e galeguizador.

- Que dispoña da estrutura, dimensión e recursos materiais, orzamentarios e humanos necesarios para desenvolver con autonomía as misións de servizo público que ten encomendadas.

- Que cumpra a súa función estratéxica como motor do desenvolvemento da produción audiovisual independente, con transparencia e evitando a concentración das compras nun número reducido de provedores.



CSV REXISTRO-Dq8cEJ5zy-4

Verificar

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 31/10/2022 17:27:16

Nº Rexistro: 43241

Data envío: 31/10/2022 17:27:16.248

Por último, instamos aos poderes públicos de Galiza ao cumprimento da normativa do sector audiovisual público galego, nomeadamente a designación do director xeral por maioría cualificada do Parlamento galego; o establecemento dos obxectivos xerais que debe cumprir a CRTVG, a través do correspondente mandato marco; a aprobación do Estatuto Profesional e o Consello de Informativos, ou a creación dunha autoridade audiovisual independente que vele polo cumprimento das misións de servizo público encomendadas á CRTVG.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Cando vai atender a Xunta de Galiza a demanda da sociedade galega que esixe rescatar a CRTVG?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV REXISTRO: Dq8eEj5zy-4
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 31/10/2022 17:27:16

Nº Rexistro: 43241

Data envío: 31/10/2022 17:27:16.248



Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2022 17:26:31

CSV REXISTRO-Dq8cEJ5zy-4
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

8.4 43243(11/PUP-000286)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ojea Arias, Eduardo

Sobre os recursos propios destinados polo Goberno galego para desenvolver a política de vivenda



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2022 17:51:32
Nº Rexistro: 43243
Data envío: 31/10/2022 17:51:32,367

Á Mesa do Parlamento

Eduardo Ojea Arias, deputado pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola necesidade de que esta cámara coñeza canto antes cal é a situación actual da vivenda galega.

Cales son os recursos propios destinados polo Goberno galego para desenvolver a súa política de vivenda co fin de garantir o acceso a esta por parte da cidadanía galega?

Pazo do Parlamento, 31 de outubro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Eduardo Ojea Arias na data 31/10/2022 17:50:25

CSV: REXISTRO-IniTrCRIs-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

8.5 38724(11/POP-005810)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os criterios que está a seguir a Xunta de Galicia
respecto da planificación dunha mobilidade sustentable entre
A Coruña e Oleiros a través da ría do Burgo

Publicación da iniciativa, 368, 26.08.2022



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2022 09:46:49
Nº Rexistro: 38724
Data envío: 04/08/2022 09:46:49.517

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o anuncio de execución dunha pasarela que atravesará a Ría do Burgo entre os concellos da Coruña e Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comezos deste mes de abril, a Consello da Xunta fixo pública, a través dos medios de comunicación, a execución dunha pasarela entre os concellos da Coruña e de Oleiros que atravesará a Ría do Burgo.

Esta pasarela peonil e ciclista conectaría a localidade de Santa Cristina (Oleiros) coas Xubias e Oza (A Coruña).

Segundo o goberno da Xunta, este proxecto conta cun informe elaborado por unha consultora privada para a Axencia Galega de Infraestruturas que avala a viabilidade e idoneidade da pasarela, é conforme cos PXOM dos concellos da Coruña e de Oleiros, non presenta afectación ambiental e suporá un importante impulso a favor da mobilidade sostíbel nestas contornas urbanas que implicaría a redución do tráfico rodado na Ponte da Pasaxe entre un 6% e un 9%.

As reaccións a este anuncio foron inmediatas.

Por unha banda, os gobernos dos concellos da Coruña e Oleiros manifestaron o seu descoñecemento dun proxecto de grande relevancia e afectación como este.

CSM-REXISTRO-zvZxHJR-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2022 09:46:49
Nº Rexistro: 38724
Data envío: 04/08/2022 09:46:49.517

Pola outra, voces de diferentes profesionais do planeamento urbanístico, entidades naturalistas e colectivos de mobilidade manifestaron, nas últimas semanas, a súa disconformidade coa ubicación da pasarela polo grave impacto ambiental ao afectar o cordón dunar e a alteración da forma natural da praia, alterando á súa vez as dinámicas dos fondos mariños e praias somerxidas da ría, producindo moito impacto paisaxístico, precisando do estudo de máis alternativas, ben seguro opcións moito máis favorábeis como por exemplo crear unha pasarela en paralelo á Ponte da Pasaxe pola parte inferior.

O propio Estudo de Impacto Ambiental previo ás obras de dragaxe da Ría do Burgo, actualmente en curso, recollía que na duna da praia de Santa Cristina onde asentaría a pasarela se encontra unha planta en perigo de extinción, a Linaria Polygafolia, para a que se estableceron mecanismos de control e protección durante as obras.

Os terreos afectados pola pasarela son de titularidade estatal, polo que requirirían o informe favorábel da Demarcación de Costas, que polo de agora parece non existir e que a Xunta anuncia poder evitar, ao abeiro da Lei de medidas de acompañamento dos orzamentos de 2022, amparándose no carácter supramunicipal deste proxecto.

Ao mesmo tempo, a ubicación dos terreos confirman que tamén se debería contar con informe favorábel da ADIF e da DG de Aviación Civil (Secretaría de transportes) ao atoparse nas servidumes de infraestruturas dependentes do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.



CSV REXISTRO-zv7ZXHJR-8

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 04/08/2022 09:46:49

Nº Rexistro: 38724

Data envío: 04/08/2022 09:46:49.517

Polo anteriormente exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que criterios está a seguir a Xunta a respecto da planificación dunha mobilidade sustentábel entre a Coruña e Oleiros a través da Ría do Burgo?

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2022

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 04/08/2022 09:46:12

Paulo Ríos Santomé na data 04/08/2022 09:46:23

Xosé Luis Bará Torres na data 04/08/2022 09:46:30

CSV REXISTRO-z7ZXHR-8
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

8.6 41656(11/POP-006286)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as medidas tomadas polo Goberno galego para o control
da contaminación das augas na comarca da Limia

Publicación da iniciativa, 386, 27.09.2022



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Marina Ortega Otero e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Hai tempo que a Comisión Europea comunicou que Galicia ten 41 puntos eutróficos ou hipertróficos sen designar como zonas vulnerables, uns datos que podemos observar no informe elaborado polo Ministerio de Transición Ecolóxica sobre contaminación da auga por nitratos entre os anos 2016 e 2019.

Este documento di que Galicia e Cataluña son as comunidades con máis contaminación nas augas derivada dos residuos gandeiros, unha situación derivada das políticas de abandono das terras agrarias por parte do Goberno do Partido Popular en Galicia.

O curioso é que mentres Cataluña foi actualizando e adecuando os seus programas, a Xunta de Galicia segue sen tomar medidas efectivas para poñerlle freo a esta situación, sen aumentar a base territorial das explotacións existentes, sen impulsar unha mellor xestión dos xurros, sen limitar o número de explotacións que se instalan e sen declarar ningunha zona vulnerable a pesar de rexistrar os maiores excedentes netos de nitróxeno por hectárea derivados da actividade gandeira no conxunto do estado.

Chegaron ata o punto de argumentar en outubro de 2019 que ningún punto de mostraxe das augas subterráneas da Limia reflectía valores medios anuais superiores a 50 miligramos de nitratos por litro de auga, que é o límite máximo, cando a propia Confederación Hidrográfica Miño-Sil tiña detectados incumprimentos nun 24 % dos puntos de mostraxe. O Goberno da Xunta de Galicia dicía que se observaba unha evolución positiva nos últimos anos, o cal facía innecesaria a súa inclusión neste listado de zonas vulnerables ao ter unha tendencia á baixa e que no caso de que se determinara esa concentración de nitratos, a Xunta procedería a definir estas zonas como vulnerables, con períodos de prohibición de fertilizantes, con controis sobre as fosas de xurros e cun seguimento do código galego de boas prácticas agrarias.

Preocupados polo estado das nosas augas, o Goberno de España aprobaba un Real decreto para reducir a contaminación por nitratos e reforzar a protección das masas de auga máis vulnerables que é clave para reducir os problemas deste tipo de contaminación nas masas de auga e alcanzar os obxectivos ambientais





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2022 11:18:01
Nº Rexistro: 41656
Data envío: 22/09/2022 11:18:01.027

sinalados pola lexislación nacional, fixados a través dos plans de conca e a Unión Europea.

Este RD establece criterios máis ambiciosos que os actuais para identificar mellor as augas afectadas por nitratos e determina limiares máis esixentes para a declaración de augas afectadas e, consecuentemente, para a designación de zonas vulnerables.

A aplicación da nova norma implica un incremento de ata o 50 % da superficie das zonas protexidas que se identificaron como vulnerables a este tipo de contaminación e sobre elas desenvolveranse programas de actuación máis esixentes, incluíndo limitacións específicas sobre fertilización vinculadas ás que se regulen na planificación hidrolóxica.

A normativa tamén incrementa significativamente a densidade de estacións de control e aumenta o número e frecuencia das mostraxes nas augas para analizar o seu contido en nitróxeno e outros contaminantes asociados así mesmo, establece medidas adicionais e accións reforzadas para reverter a contaminación existente.

Ademais, asúmese o compromiso de facer pública toda esa información para que poida ser utilizada polos gandeiros e agricultores para axustar as súas pautas de fertilización. Desta forma, esíxese a preparación dun informe cuatrienal que analice a eficacia das medidas que se contemplan, que se remitirá á súa vez á Comisión Europea.

A norma tamén establece as responsabilidades que corresponden ás distintas administracións públicas co fin de conseguir unha implementación coordinada de todas as medidas, en concreto, fíxanse as obrigas que deberán asumir as autoridades da auga e as comunidades autónomas, que ostentan as competencias específicas en agricultura, gandería e a xestión e a protección do medio ambiente no seu territorio.

As comunidades autónomas, ademais de elaborar e velar polo cumprimento dos programas de actuación nas zonas declaradas como vulnerables, elaborarán códigos de boas prácticas agrarias que os agricultores aplicarán obrigatoriamente nas zonas vulnerables, co fin de reducir a contaminación producida polos nitratos de orixe agraria. Entre outras cuestións, estes códigos deberán recoller os períodos en que non é conveniente aplicar fertilizantes ás terras, as condicións da súa aplicación en terras próximas a cursos de auga e os requisitos necesarios que aseguren que os xurros e abonos en xeral non poñan en perigo a saúde humana ou danen o medio ambiente.

CSX REXISTRO-Y41656-7
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2022 11:18:01
Nº Rexistro: 41656
Data envío: 22/09/2022 11:18:01.027

Este mapa de contaminación por nitratos publicouse no mes de maio deste ano, nel establécense tres masas de augas superficiais situadas nos ríos Limia en Porto Alto e no Nocado en Rebordechá, as dúas no concello de Xinzo, e na canle da Lagoa en Vilar de Santos. Sinala mesmamente dúas masas de augas subterráneas en San Pedro de Laroá no concello de Xinzo e Cardeita no concello de Sandiás e sinala dous puntos no pantano das Conchas, un no curso do río Limia, máis ou menos á altura de Güimil e outro na zona de Porto Quintela e Mugueimes. Pese a isto seguimos sen saber que pensa facer a Xunta de Galicia para poñerlle fin á falla de xestión dos xurros, á falla de xestión en instrumentos que aumenten a base territorial das explotacións, que van facer para poñerlle cabeza á planificación das explotacións de intensivo que debe ter cada zona, onde está ese plan estratéxico da Limia e en que consiste ou se van a seguir agochándose detrás do Estado para non facer nada.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan, preguntan:

Cales son as medidas tomadas polo Goberno galego na comarca da Limia despois da publicación do mapa por contaminación das augas por nitratos no mes de maio?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 22/09/2022 11:11:45

Marina Ortega Otero na data 22/09/2022 11:12:03

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/09/2022 11:12:19

CSV REXISTRO-y41b1y665-7
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

8.7 37085(11/POP-005327)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre a implementación de axudas directas aos subsectores
gandeiros de carne por parte do Goberno galego coa
habilitación dunha partida con cargo aos orzamentos da
Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, 350, 26.07.2022



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

As explotacións de produción de carne en Galicia, concretamente de vacún, ovino, cabrún, avícola e cunícola, están a atravesar unha situación límite que require de apoio público para garantir a súa continuidade.

Estes subsectores viñan sufrindo os efectos dunha crise estrutural dende hai moito tempo que foi agravada pola perturbación do mercado derivado da crise da pandemia, o incremento dos custos de produción a causa do aumento dos prezos das materias primas para alimentación animal, dos prezos da enerxía e dos combustibles iniciado o pasado ano e que se intensificou co conflito bélico na Ucraína.

A isto hai que engadir a dificultade que teñen os gandeiros para trasladar os incrementos dos custes de produción ao prezo que perciben.

Tendo en conta que estas explotacións están localizadas onde non existen alternativas á produción gandeira, principalmente en zonas de montaña e do interior, e que son fundamentais para o mantemento do tecido económico, social, territorial e medioambiental das súas comarcas, é preciso que se establezan axudas directas excepcionais para compensar as dificultades económicas que padecen.

Neste sentido, a Comisión Europea dispuxo 500 millóns de euros da reserva da crise dos cales 64,5 corresponden a España. Acolléndose á posibilidade establecida no Regulamento Europeo, o Goberno de España aprobou conceder axudas suplementarias ata o máximo permitido do 200 % da axuda comunitaria, para o cal se destinaron case 129 millóns de euros con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado, mobilizándose así unha dotación total de case 193,5 millóns de euros. Tendo en conta os sectores agrarios auxiliados e o peso deles en cada comunidade autónoma, a Galicia fóronlle asignados un total 11,8 millóns de euros.

En Galicia, o ex-presidente Feijóo, logo da publicación do Regulamento Europeo comprometeuse a apoiar ao sector con fondos propios da Xunta de Galicia por un importe equivalente á contribución estatal.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 37085
Data envío: 14/07/2022 14:04:02.303

O procedemento de concesión das axudas estatais por parte do Ministerio de Agricultura está en marcha, e suporá pagos de 60 €/vaca nutriz, 12€/becerro, 5 €/ovella e cabra e cantidades variables en función da capacidade das granxas de polos e coellos.

Lamentablemente, a Xunta de Galicia, a pesares do compromiso do ex-presidente do pasado mes de marzo e das declaracións do conselleiro do Medio Rural recoñecendo a gravidade da situación, aínda non publicou ningunha medida de apoio aos sectores gandeiros de produción de carne, como si fixeron xa outras comunidades autónomas.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Pensa o Goberno galego cumprir o prometido por Feijóo e implementar con axilidade unha liña de axudas directas aos subsectores gandeiros de carne (vacún, ovino, cabrún, avícola e cunícola) habilitando para iso unha partida con cargo aos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, por unha contía equivalente á que as explotacións galegas van percibir en concepto de axuda excepcional regulada polo Real decreto 428/2022?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 14/07/2022 14:01:46

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/07/2022 14:02:05

CSX REXISTRO-710dipN61-8
Votación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.11.2022 Hora: 10:00
Orde do día

8.8 37471(11/POP-005398)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 7 máis

Sobre os próximos pasos previstos respecto das actuacións
anunciadas no Complexo Hospitalario de Ourense

Publicación da iniciativa, 354, 02.08.2022

Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Marisol Díaz Mouteira, Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martínez, Alberto Pazos Couñago, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Grazas ao investimento realizado pola Xunta de Galicia nos últimos anos, o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense ten mudado e mellorado as prestacións do Hospital.

A execución da primeira fase do Plan Director, iniciada a finais do ano 2017, cun investimento de mais de 43M€ permitiu ampliar notablemente a superficie do Hospital.

Un total de 55.000 m2 nos que a meirande parte corresponden á nova área de hospitalización.

As obras permitiron reordenar os servizos do hospital e a centralización no novo edificio os servizos de Medicina Interna, Oncoloxía, Hematoloxía, Neumoloxía, Endocrinoloxía, Reumatoloxía, Psiquiatría, Traumatoloxía, Cirurxía Xeral, Neuroloxía.

Neurocirurxía, a nova Unidade de Hospitalización Innovadora e a Cuberta Terapéutica.

Ademais coas obras creáronse novos espazos para a docencia, unha nova cocíña central, a nova sala de autopsias, etc...

O Conselleiro de Sanidade ten anunciado neste Parlamento que nos orzamentos do 2021 se incluíron 10M€ para a primeira fase da reprogramación funcional do Complexo, no que está prevista a construción dun novo edificio e a reforma do hospital materno infantil.

Por isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son os próximos pasos previstos respecto as actuacións anunciadas no Complexo Hospitalario de Ourense?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 10:41:23
Nº Rexistro: 37471
Data envío: 20/07/2022 10:41:23.689

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 08/07/2022 13:22:34

Noelia Pérez López na data 08/07/2022 13:22:47

María Sol Díaz Mouteira na data 08/07/2022 13:23:02

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/07/2022 13:23:16

María Corina Porro Martínez na data 08/07/2022 13:23:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV REXISTRO-sQJdpube-8
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>






PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 10:41:23
Nº Rexistro: 37471
Data envío: 20/07/2022 10:41:23.689

José Alberto Pazos Couñago na data 08/07/2022 13:23:47

López Sánchez, Rosalía na data 08/07/2022 13:23:59

María Elena Suárez Sarmiento na data 08/07/2022 13:24:10



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

